Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 10/05/2023 01:35:42
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 116

Sesión plenaria
7 de marzo de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei do Consello Consultivo de Galicia e, se é o caso, debate e votación (50429, 11/PPL-000014).
Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

1.2 Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de medidas sobre o réxime xurídico do persoal ao servizo do Valedor do Pobo e do Consello de Contas e, se é o caso, debate e votación (50430, 11/PPL-000015).
Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (doc. núm. 42308, 11/PPL-000012)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 13.10.2022

Punto 2. Comparecencia

50664 (11/CPP-000119)
Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar sobre a estratexia para mellorar o saneamento e a depuración das rías galegas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

Punto 3. Mocións

3.1 50448 (11/MOC-000143)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel
Sobre o fomento da lingua galega. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 7608, publicada no BOPG núm. 441, do 25 de xaneiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 21 de febreiro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

3.2 50499 (11/MOC-000144)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre as listas de agarda non estruturais do Servizo Galego de Saúde. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 49002, publicada no BOPG núm. 450, do 8 de febreiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 21 de febreiro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.3 50527 (11/MOC-000145)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina
Sobre a política en relación co impulso demográfico. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 41573, publicada no BOPG núm. 386, do 27 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 21 de febreiro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 32926 (11/PNP-002872)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da aprobación do Plan de igualdade e da incorporación nel de medidas que garantan os dereitos de conciliación do persoal da Administración pública
Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022

4.2 49064 (11/PNP-004054)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado respecto da prohibición da instalación de parques eólicos na costa de Galicia e no Cantábrico noroeste
Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

4.3 49298 (11/PNP-004067)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para implantar todas as medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

4.4 49599 (11/PNP-004095)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e oito deputados/as máis
Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da renovación da frota da liña ferroviaria de largo métrico que opera en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

4.5 49967 (11/PNP-004116)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para poñer en marcha en Ferrol o polo de I+D en enerxías renovables e almacenamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.6 50124 (11/PNP-004130)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para estender a Rede de centros de información á muller a todo o territorio galego e realizar unha campaña de información pública para dalos a coñecer
Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 30749 (11/INT-001523)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre a creación dun observatorio de igualdade de xénero no sector pesqueiro
Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

5.2 47667 (11/INT-002305)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a igualdade nos centros de ensino
Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 25.01.2023

5.3 48403 (11/INT-002330)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis
Sobre a rexeneración dos bancos marisqueiros das rías
Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 01.02.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 50637 (11/POPX-000097)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a consideración da garantía dos dereitos das mulleres como un eixo prioritario do Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

6.2 50644 (11/POPX-000098)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a valoración que fai o presidente da Xunta de Galicia a respecto da situación sociolaboral das mulleres galegas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 48651 (11/POP-007506)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da declaración de emerxencia de interese galego para atender os danos producidos polas riadas do mes de decembro de 2022 e primeiros días de 2023
Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

7.2 50581 (11/PUP-000311)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María
Sobre a substitución por parte do Goberno galego da Dirección Xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

7.3 50074 (11/POP-007783)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Santos Costa, Manuel e oito deputados/as máis
Sobre a incidencia da sentenza xudicial sobre Ence no recurso interposto pola Xunta de Galicia contra a modificación do Regulamento de Costas impulsada polo Goberno de España
Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

7.4 49587 (11/POP-007647)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis
Sobre a reparación e o mantemento estrutural das vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

7.5 47040 (11/POP-007197)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a garantía de protección das vítimas de violencia de xénero que acoden á xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG nº 442, do 26.01.2023

7.6 48787 (11/POP-007520)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e sete deputados/as máis
Sobre as medidas específicas de cara ás traballadoras embarazadas recollidas no I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde
Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.7 49301 (11/POP-007605)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coas rebaixas de condenas e excarceracións que están a ter lugar en Galicia en aplicación da Lei 10/2022, do 6 de setembro, coñecida como a *Lei do só si é si*
Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 15.02.2023

7.8 50580 (11/PUP-000310)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e tres deputados/as máis
Sobre as medidas de choque previstas por parte do Goberno galego para loitar contra a fenda salarial
Publicación da iniciativa, BOPG nº 361, do 01.03.2023

7.9 49955 (11/POP-007736)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e catro deputados/as máis
Sobre a perda de servizos e a deterioración da atención sanitaria no Hospital Público de Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Xustificou a súa inasistencia dona Alexandra Fernández Gómez (BNG), que delega a emisión do seu voto na deputada dona Ana Pontón Mondelo (BNG), conforme o disposto no artigo 84.4 do Regulamento da Cámara. (Páx. 12.)

Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, de modificación da Lei do Consello Consultivo de Galicia e, se é o caso, debate e votación. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente expón aos membros da Cámara que, antes de someter a votación esta proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única, se vai proceder a abrir unha rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición. (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 12.), *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 13.) *e Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 13.)

Votación da proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única

Votación da proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei do Consello Consultivo de Galicia: *aprobada por 66 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 13.)

Debate e votación da proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei do Consello Consultivo de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica que hai unha emenda á totalidade con texto alternativo formulada polo grupo autor da proposición de lei, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia. (Páx. 14.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 14.)
Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 15.) *e Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 16.)

Rolda de réplica polo grupo autor da proposición: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 18.)

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, do G. P. **Popular de Galicia, de medidas sobre o réxime xurídico do persoal ao servizo do Valedor do Pobo e do Consello de Contas e, se é o caso, debate e votación.** (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente expón aos membros da Cámara que, antes de someter a votación esta proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única, se vai proceder a abrir unha rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición. (Páx. 19.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 19.), *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 20.) *e Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 20.)

Votación da proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única

Votación da proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de medidas sobre o réxime xurídico do persoal ao servizo do Valedor do Pobo e do Consello de Contas: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 20.)

Debate e votación da Proposición de lei, do G. P. **Popular de Galicia, de medidas sobre o réxime xurídico do persoal ao servizo do Valedor do Pobo e do Consello de Contas.** (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 20.)
Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 22.) *e Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 24.)
Rolda de réplica polo grupo autor da proposición: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 24.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 24.)
Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 28.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 31.)
Rolda de réplica: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 35.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G. P. Popular de Galicia, formulada á Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei do Consello Consultivo de Galicia: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor presidente anuncia que, polo tanto, queda aprobada por unanimidade a Lei de modificación do Consello Consultivo de Galicia. (Páx. 37.)

Votación da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de medidas sobre o réxime xurídico do persoal ao servizo do Valedor do Pobo e do Consello de Contas: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar sobre a estratexia para mellorar o saneamento e a depuración das rías galegas. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 38.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 47.), *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 50.) *e Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 53.)
Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 56.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 60.) *Nesta rolda interveñen o señor Arangüena Fernández (S)* (Páx. 60.), *o señor Bará Torres (BNG)* (Páx. 62.), *o señor Balseiro Orol (P).* (Páx. 65.) *e a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 66.)

Suspéndese a sesión á unha e trinta e un minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García, sobre o fomento da lingua galega. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Castro García (BNG).* (Páx. 68.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 71.) *e Sr. Ferro Iglesias (P).* (Páx. 74.)

Nova intervención do señor Castro García (BNG). (Páx. 77.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as listas de agarda non estruturais do Servizo Galego de Saúde. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 79.)

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 82.) *e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 85.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 89.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero, sobre a política en relación co impulso demográfico. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 90.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 91.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 94.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 97.)

A señora Ortega Otero (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 100.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García, sobre o fomento da lingua galega: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as listas de agarda non estruturais no Servizo Galego de Saúde: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero, sobre a política en relación co impulso demográfico: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional en relación co Día Mundial das Enfermidades Raras do ano 2023, que é aprobada por asentimento. (Páx. 103.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da aprobación do Plan de igualdade e da incorporación nel de medidas que garantan os dereitos de conciliación do persoal da Administración pública. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 105.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Pérez López (P).* (Páx. 108.)

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 111.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 114.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado respecto da prohibición da instalación de parques eólicos na costa de Galicia e no Cantábrico noroeste. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 116.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 117.)
Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 120.)
Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. .)

A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 128.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e nove minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento* do 2 de marzo, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia dona Alexandra Fernández Gómez, que delega a emisión do seu voto para esta sesión plenaria na deputada dona Ana Pontón Mondelo, conforme o disposto no artigo 84.4 do Regulamento da Cámara.

Sen máis, entramos na orde do día, textos lexislativos.

Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei do Consello Consultivo de Galicia e, se é o caso, debate e votación

O señor PRESIDENTE: A Mesa, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, na reunión do pasado 28 de febreiro, acordou proporlle ao Pleno da Cámara a tramitación polo procedemento especial de lectura única desta proposición de lei, consonte o disposto no artigo 134.1 do Regulamento. Antes de someter a votación a proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única, ábrese unha rolda dos grupos parlamentarios por un tempo de 5 minutos cada un para fixar a súa posición respecto da proposta de tramitación.

Comezamos, polo tanto, co portavoz do Grupo Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

O procedemento de tramitación en lectura única que o grupo propoñente, o Partido Popular, presenta hoxe neste pleno do Parlamento de Galicia entendemos que se adecúa a esta tramitación singular, toda vez que se dan dúas condicións que para nós son fundamentais.

En primeiro lugar, esta modificación lexislativa da Lei do Consello Consultivo de Galicia é, en efecto, de formulación sinxela e, polo tanto, ten encaixe dentro do artigo 134 do Regulamento desta Cámara. E isto é así xa que a modificación proposta afecta catro artigos e engade unha disposición transitoria. E, en segundo lugar —e se cadra máis importante, porque a simplicidade dunha modificación sempre pode ter distintos graos de interpretación—, porque hai un consenso previo entre os tres grupos parlamentarios presentes para a tramitación por este procedemento especial. É dicir, non se trata, como noutras ocasións, de limitar o debate político nin de reducir os prazos, trátase de permitir unha serie de modificacións propostas, ademais, polo propio Consello Consultivo de Galicia.

Por estes motivos, o noso grupo parlamentario votará a favor da tramitación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos*.)

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Ben, brevemente.

Si, estamos a favor da tramitación urxente, en lectura única, porque entendemos que esta situación que leva padecendo a sección de estudos e informes do Consello Consultivo dende hai anos si leva á urxencia e á necesidade de resolvelo de vez. Con independencia do que posteriormente falaremos —tamén brevemente— sobre esta reforma, non poñemos ningunha oposición a esta tramitación urxente e a solucionar definitivamente esta situación conxuntural que está a padecer o máximo órgano consultivo da Administración de Galiza.

Nada máis e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Iago Tabarés.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

Si, dende o escano. Déanlle voz ao escano do señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Si, simplemente quero agradecer a predisposición dos grupos, porque, efectivamente, falamos deste método de tramitación na Xunta de Portavoces, e tamén agradecer que esteamos todos de acordo, porque, efectivamente, cremos que pola orixe das propostas que imos debater esta mañá, tanto a relativa ao Consello Consultivo como as posteriores sobre a Valedoría do Pobo e o Consello de Contas, son peticións que nos fan os propios organismos e ás que nós damos simplemente traslado para a súa tramitación na Cámara. Certamente, correspóndense co que establece o artigo 134 e, por unha banda, como xa se sinalou, a súa simplicidade de formulación permíteo, pero tamén porque, neste caso, polo propio contido das institucións que retocamos levemente, pois estamos a falar tamén de que o aconsella a propia natureza desta reforma.

Polo tanto, anuncio o noso agradecemento aos grupos e, evidentemente, estamos tamén a favor da súa tramitación polo procedemento de lectura única. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación da proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única

O señor PRESIDENTE: Sometemos, polo tanto, a votación esta proposta de tramitación polo procedemento de lectura única da referida proposición de lei.

Votación da proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei do Consello Consultivo de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade o procedemento de lectura única desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Aprobado, polo tanto, este procedemento, iníciase o debate e a votación da proposición de lei.

Debate e votación da proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei do Consello Consultivo de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse a proposición de lei polo procedemento de lectura única e tamén se presentou unha emenda á totalidade con texto alternativo formulada polo grupo autor da proposición de lei, en concreto o Grupo Parlamentario Popular.

Para isto, comezamos co debate.

Ten, en primeiro lugar, a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy, por un tempo de dez minutos.

O señor PUY FRAGA: Si, moitas grazas, señor presidente.

Bos días de novo, señorías.

Como acabo de sinalar, esta proposición de lei ten a súa orixe nunha petición que vén formulada pola integridade dos membros do Consello Consultivo de Galicia. Efectivamente, trátase dunha serie de axustes instrumentais menores sobre os que os grupos temos falado e que, polo tanto, non suscita, en principio, nin sequera o debate das medidas; é unicamente unha explicación para os efectos de dar a coñecer cales son as modificacións que se fan.

En primeiro lugar —como xa se indicou—, existe un problema na conformación da Sección de Estudos e Informes do Consello Consultivo, que está integrada polo presidente, por un membro electivo e polos membros natos, que son os expresidentes. Dado que nestes momentos ningún expresidente ocupa esa posición, a sección ten dous membros e, polo tanto, a lei non prevé como se substitúe para conformar esa sección cos seus tres membros. Polo tanto, o sistema que propoñen é razoable, e do mesmo xeito que o electivo vai sendo elixido cada ano, no caso de que non haxa un membro nato, é dicir, un expresidente que forme parte desa sección, pois incorporaríase outro membro nato.

Xunto con iso, e a raíz do diálogo que mantivemos, incorporamos tamén unha mellora da transparencia dos ditames que fai esta sección, que ata o de agora non eran publicados. A partir de agora, salvo que expresamente o demandante do informe, que pode ser calquera administración, solicite que sexa mantido con confidencialidade o contido dese informe, será feito público no prazo dun mes desde a súa emisión. Estas son as dúas modificacións que se fan no artigo 21.1 e 21.5 da lei.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A segunda modificación ten que ver cos medios electrónicos. Aquí o único que se fai é ampliar a capacidade e a priorización da comunicación co Consello Consultivo con medios electrónicos, particularmente no que se refire aos trámites da audiencia, que actualmente non están contemplados, e ademais aprovéitase para adaptar a nova normativa que regula a actuación do sector público por medios electrónicos ao Consello Consultivo.

E, finalmente, a terceira cuestión, tamén instrumental, refírese ao persoal. É certo que nos últimos tempos o establecemento dunha carreira profesional se ten estendido non só á Administración xeral da Comunidade Autónoma, senón tamén a outras institucións, comezando polo propio Parlamento, pero tamén ao Consello de Contas ou a Valedoría do Pobo. Polo tanto, o que imos facer simplemente é incorporar tamén ese sistema de carreira profesional ao Consello Consultivo, que, como é o supremo órgano consultivo da Xunta e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, esperemos que siga desenvolvendo o seu traballo con independencia, autonomía orgánica e funcional, como a lei lle manda.

Unicamente quero sinalar que a emenda á totalidade se debe a un axuste na numeración dos artigos que, por erro, na iniciativa inicialmente rexistrada, non se contemplara e que se corrixe a través desta emenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Rolda dos restantes grupos parlamentarios respecto da proposición de lei ou da emenda á totalidade con texto alternativo.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas de novo, presidente.

Señorías, concordamos en que as modificacións propostas para a Lei 3/2014, do Consello Consultivo de Galicia —que, por certo, como acaba de explicar o señor Puy, son promovidas polo propio órgano—, son pertinentes en xeral, toda vez que, en efecto, se produciron modificacións a nivel estatal e autonómico sobre o réxime de funcionamento das administracións públicas, en particular, e como o propio Consello Consultivo apunta, na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas do ano 2015, na do réxime xurídico do sector público, tamén do 2015, e na do seu desenvolvemento regulamentario, do ano 2021. Como vemos, todas estas modificacións son posteriores ao marco que regula o propio Consello Consultivo do ano 2014 e ao decreto que regula a súa organización e funcionamento.

Polo tanto, o anterior xustifica as modificacións que se propoñen do artigo 26, relativo ás audiencias e persoas ou entidades directamente interesadas, e do artigo 27, sobre o uso de medios electrónicos.

Tamén entendemos relevante a modificación do artigo 30 para aclarar o alcance da intervención dos letrados, claramente distinta á dos membros do propio Consello.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Na mesma liña, entendemos que resulta oportuno eliminar as asimetrías que se poidan estar a producir a nivel retributivo entre o persoal do órgano, que se pretenden corrixir coa nova disposición transitoria que se engade.

Pese ao anterior, as modificacións que se refiren ás seccións de estudos e informes, no artigo 21, non culminan as expectativas deste grupo parlamentario.

Compartindo a problemática existente con respecto ás conselleiras e conselleiros natos, que, como sabemos todos, son as persoas que exerceron a Presidencia da Xunta de Galicia, e á ausencia deles, a solución que propón a modificación é incorporar, para resolver este problema, dous conselleiros selectivos en lugar dun único na súa configuración actual —ademais, evidentemente, do seu propio presidente—. Pero non debemos esquecer que esta sección é, conforme o seu marco legal, a que se regula desta maneira: «A Sección de Estudos e Informes estará composta polo persoal titular da Presidencia do Consello, quen a presidirá, por un conselleiro ou conselleira electivo e por unha conselleira ou conselleiro nato designado anualmente». «Compételle» —e isto é relevante— «a esta sección a redacción dos anteproxectos lexislativos e a elaboración, para o seu sometemento ao Pleno, das propostas lexislativas ou de reforma estatutaria que o Consello da Xunta de Galicia lle encomende ao Consello Consultivo e compételle, así mesmo, a realización dos informes que a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou persoas titulares da Presidencia das entidades locais lle soliciten».

Non acabamos de entender que neste último caso os informes non se sometan ao criterio do Pleno. O Pleno —que está composto, evidentemente, por 5 conselleiros electivos— parece contar a priori con maior cualificación como órgano colexiado, o que engade razoablemente maior cualidade a aqueles informes que a el se sometan, e non como ocorre neste momento, no que 2 persoas das 5 —ou 3 das 5 coa modificación proposta— avalan en nome de todo o Consello Consultivo informes nada menos que para a Presidencia da Xunta de Galicia; e iso, evidentemente, sementa dúbidas.

Por ese motivo, anuncio que o noso grupo parlamentario vai absterse na votación deste proxecto lexislativo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Brevemente. Pois finalmente nin a proposición de lei inicial, nin a necesaria e imprescindíbel emenda á totalidade presentada polo grupo propoñente afectan a esencia do Consello Consultivo. Non alteran o procedemento para a elección dos seus membros, nin os seus dereitos e deberes, nin as funcións da institución. Malia exceder o que se podería considerar —e está tan de moda— reforma técnica, non pasa de ser unha reforma de escaso alcance; de feito,

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por iso o xeito da súa tramitación urxente e en lectura única; unha reforma limitada a solucionar unha eiva que levaba anos padecendo este Consello Consultivo e para actualizar o Consello Consultivo á normativa vixente á que se fixo referencia con anterioridade.

E sobre este punto vou facer unha breve referencia. As comunicacións ás que fai referencia a reforma, comunicacións por vía telemática, poden ser obrigatorias ou poden ser preferentes; é dicir, non obrigatorias, cando se trata de persoas non obrigadas a relacionarse coa Administración de xeito electrónico.

E aproveitando que o Miño pasa por Ourense e por Lugo quería facer unha lembranza á Xunta de Galiza. É dicir, hai diferenzas. Nese texto fanse diferenzas entre preferentes, e é obrigatorio a comunicación coa Xunta de Galiza. E a propósito dalgunhas convocatorias realizadas recentemente pola Xunta de Galiza para as persoas, por exemplo, autónomas ou mesmo para entidades locais, simplemente quero lembrar, primeiro —como recolle este texto—, que hai persoas que non teñen a obriga de relacionarse coa Administración pública de xeito telemático. E, segundo, en Ourense, por onde pasa o Miño, e en Lugo tamén, hai moitas persoas que non teñen ese acceso ás comunicacións; non teñen ese acceso técnico nin tampouco ese acceso formativo para poder relacionarse telematicamente coa Administración. O texto neste punto recolle iso. E tamén —aproveitando a conxuntura— quero lembrarlle á Xunta de Galiza que nesas convocatorias, cando se fan sen concorrencia competitiva, esas limitacións de acceso a medios técnicos impiden ir en igualdade coas doutras zonas do país.

Ben, esgotada esa oportunidade, simplemente vou referir que se propón modificar a composición da Sección de Estudos e Informes; unha corrección consecuencia dunha eiva, dunha conxuntura, que leva anos padecendo, pola ausencia de membros natos, que exclusivamente poden ser os expresidentes da Xunta de Galiza. Ben, entendemos correcta esa reforma para evitar que sexa ese exiguo número de dúas persoas, número par, o que poida tomar a resolución sobre os estudos e informes.

En todo caso, entendendo admisible esta solución de conxuntura, dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e como noutras ocasións, brindámonos para unha posterior reflexión, para un posterior diálogo, sobre o sistema de elección de 2 dos 5 membros, sobre se é correcto que a designación sexa de xeito discrecional polo presidente da Xunta, mesmo sobre o prazo para incorporarse a este órgano consultivo dos membros natos, ou tamén sobre o carácter preceptivo ou facultativo de determinados ditames, etc.

Entendemos que non é oportuno este trámite escollido, que debería haber unha reflexión máis demorada sobre determinados aspectos deste órgano consultivo, pero, en todo caso, poñemos a man tendida aos diferentes grupos parlamentarios para abordar non só a cuestión plantexada antes, senón outras cuestións plantexadas neste momento, que se poidan plantexar ou mesmo que se plantexaron no 2014 cando se debateu este texto.

Por outra banda —e xa para ir concluíndo—, entendemos que a presentación da emenda á totalidade con texto alternativo se fixo inescusábel pola existencia de eivas de consideración, como foi a supresión das funcións do órgano, e incluso porque na exposición de motivos se anunciaba un obxectivo, como era incrementar a transparencia, que despois, por un erro —

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que se poden ter— nos procesos lexislativos, non aparecía no articulado. Como este trámite non permite a posibilidade de emendas parciais, pois, ben, entendemos que esta emenda á totalidade con texto alternativo se fixo inescusábel.

Consideramos que é importante este incremento da transparencia, esta publicación dos informes, porque no órgano consultivo se plasman, non só por unha cuestión de transparencia, senón de divulgar os seus criterios, criterios sobre os que emite informes en cuestións de especial transcendencia, xa sexa a petición do presidente da Xunta ou xa sexa a petición de presidentes de entidades locais. Son cuestións de indubidable importancia. Por tanto, entendemos que é un avance pequeno, pero que é un avance que se dean a coñecer con carácter xeral.

Por último —e xa sen estenderme máis—, quero reiterar a nosa man tendida para que poidamos abordar ulteriores modificacións que permitan afondar na independencia e na eficacia deste órgano consultivo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

Para a réplica, polo grupo autor da proposición, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Si. Moitas grazas.

Moitas grazas a todo o Pleno por prestar atención e aos portavoces polas súas intervencións. Simplemente vou precisar un par de cuestións que, efectivamente, poden estar abertas a debate futuro.

Isto é unha lixeira mellora, e posiblemente, como en todas as institucións, podemos pensar en melloras que sexan máis significativas. O feito, como dicía ao inicio da miña intervención, é que isto é unha petición que nos fan eles e, polo tanto, entendemos que é atendible na medida en que adapta a normativa vixente e iguala os funcionarios co resto dos funcionarios doutras administracións públicas e institucionais autonómicas. Polo tanto, é perfectamente viable.

Simplemente quería sinalar dúas pequenas cuestións. A primeira é que, efectivamente, a sección funciona con 3 membros, e iso o que lle dá é operatividade e, polo tanto, capacidade de reacción e resposta e máis facilidade de convocatoria. Eu creo que se aceptamos ese plantexamento na súa integridade, ao final, o que nos cargamos é a sección; unha sección que está creada, en primeiro lugar, como todo o propio Consello Consultivo, para funcionar con base en criterios xurídicos e con independencia —polo tanto, aí os debates son basicamente xurídicos, non teñen ningunha connotación adicional—, e ademais para incorporar, precisamente, a presenza dos conselleiros natos nesa sección á experiencia desenvolta á fronte da Xunta, neste caso. Polo tanto, nós cremos que manter esa sección coa súa configuración ten esas dúas virtualidades: primeiro, a de darlle máis capacidade de resposta á petición de ditames das administracións locais galegas ou da Xunta; pero tamén, á súa vez, porque está sesgada cara á experiencia que aportan os propios conselleiros natos —se ben, o que é certo é que por distintas circunstancias nestes momentos non hai ningún—. Por tanto, entendemos que é razoable a

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

resposta que lle dá o Consello Consultivo á falta dos conselleiros natos na proposta que hoxe imos aprobar a través deste trámite.

E con respecto á designación, tamén eu quixera dicir —por dar unha nota de optimismo— que mellorou co tempo; é dicir, empezamos nun momento no que o presidente nomeaba os 5, e mesmo houbo algún que foi bastante controvertido no seu día —os que xa temos canas, acordámonos da primeira composición do Consello Consultivo—. Houbo un segundo paso que eu creo que cómpre recoñecer neste momento, que o deu o presidente Touriño, e que directamente se dirixiu á oposición daquel momento para que propuxese un dos 5 nomes que nomeaba el. E, finalmente, houbo un paso xa dado pola Cámara, a instancias do Goberno do Partido Popular, polo cal o presidente nomea exclusivamente a 2, e os outros 3 son electos con carácter, ademais, proporcional ao peso de cada grupo directamente na Cámara. Eu creo que todo isto reforza un pouco a independencia, e creo que, neste caso, avanzamos moito desde a primeira constitución do Consello Consultivo.

Polo tanto, se o fixemos no pasado e remontamos ata moi atrás, desde o inicio ata a actualidade, estas melloras, estou seguro de que, se no futuro se plantexa un debate tanto sobre a composición e funcionalidade da Sección de Estudos e Ditames como da propia selección dos membros do Consultivo, tamén seremos capaces de poñernos de acordo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de medidas sobre o réxime xurídico do persoal ao servizo do Valedor do Pobo e do Consello de Contas e, se é o caso, debate e votación

O señor PRESIDENTE: A Mesa, logo da audiencia favorable da Xunta de Portavoces, na reunión do 28 de febreiro acordou proporlle ao Pleno da Cámara a tramitación polo procedemento especial de lectura única desta proposición de lei, consonte o disposto no artigo 134.1 do Regulamento.

Antes de someter a votación a proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única, ábrese unha rolda dos grupos parlamentarios, por un tempo de 5 minutos cada un, para fixar a súa posición respecto da proposta.

Comeza o Grupo Parlamentario Socialista.

Ten a palabra o señor Álvarez Martínez, dende o escano.

Déanlle voz ao escano do señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si. Grazas, señor presidente.

En aras, como se soe dicir, da economía procesual e sendo idénticos os argumentos aos expostos con respecto á primeira intervención do primeiro proxecto lexislativo, manifestamos o noso acordo con esta proposta que se fai e anunciamos o noso voto a favor.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro.

Déanlle voz ao escano.

O señor CASTRO GARCÍA: Como se vén dicindo até o momento e pola propia natureza do debate, dende o BNG anunciamos tamén o voto a favor.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

Déanlle voz.

O señor PUY FRAGA: Si, agradecemos o apoio dos grupos á petición do noso. E, por suposto, estamos de acordo en que cumpre o requirido polo artigo 134.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación da proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única

O señor PRESIDENTE: Bueno, pois votamos, polo tanto, esta proposta.

Votamos.

Votación da proposta de tramitación polo procedemento especial de lectura única da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de medidas sobre o réxime xurídico do persoal ao servizo do Valedor do Pobo e do Consello de Contas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposta de tramitación polo procedemento de lectura única por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: E agora, aprobada esta proposta de tramitación polo procedemento de lectura única, iníciase o debate e a votación da proposición de lei.

Debate e votación da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de medidas sobre o réxime xurídico do persoal ao servizo do Valedor do Pobo e do Consello de Contas

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Si, tamén moi brevemente.

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como acabo de dicir, estamos outra vez ante unhas peticións que nos fan, neste caso, institucións de desenvolvemento estatutario e, polo tanto, que teñen unha especial significación. Son aspectos instrumentais tamén de carácter menor. Neste caso, nomeadamente, e con respecto ao Consello de Contas, estamos a falar do réxime de incompatibilidades dos conselleiros. Son dúas as modificacións que se introducen na Lei do Consello de Contas. Aquí o que se fai basicamente é equiparar ese réxime de incompatibilidades ao que está previsto para o poder xudicial; nomeadamente, o que é a capacidade de realizar actividades docentes, investigadoras, etc. E quero aquí subliñar que o propio Consello de Contas o que nos pide é que iso se faga —esa excepción, esa equiparación— cunha precisión adicional, que é a exclusión de que ese tipo de actividade poida ser retribuída cando o que a organiza —e, polo tanto, o que a financia— é algún dos órganos suxeitos á posible fiscalización por parte do Consello de Contas. Eu creo que neste sentido é unha proposta exquisitamente respectuosa coa posibilidade de que houbese algún conflito de intereses.

En segundo lugar, a segunda cuestión que afecta ao Consello de Contas, é elevar a rango de lei algo que xa está previsto no propio regulamento de réxime interior do Consello de Contas, polo cal o que facemos é consolidar que as prazas que se ocupan no Consello de Contas sexan cubertas polos mecanismos habituais na función pública, que teñen en conta o mérito, a capacidade, etc.; é dicir, a través de oposición, concurso-oposición ou concurso, nos mesmos termos que está previsto na Lei de emprego público de Galicia. E creo que isto é importante porque, no fondo, o que nos vén dicir é que, despois de trinta anos de funcionamento do Consello de Contas, nos que gañou un prestixio social e institucional, nos que asumiu novas competencias —como, por exemplo, as relativas á prevención da corrupción— ou nos que a propia actividade auditora mudou ao longo do tempo, hoxe en día é evidente que hai que cambiar e avanzar na auditoría operativa ou na auditoría dixital, o que, polo tanto, afecta o propio traballo diario dos funcionarios do Consello de Contas. E todo iso leva a que esta actualización tamén sexa compatible e necesaria coa nova responsabilidade e as novas formas de auditoría que se están a desenvolver en relación co sector público autonómico.

A do Valedor é aínda —digamos— menor, pero de enorme incidencia operativa —polo que a propia Valedoría, a propia valedora titular da Valedoría, nos informa—. Como saben, cando se fixo a última reforma, ou a penúltima —houbo dúas, e aí modificouse esta cuestión—, chegouse a un acordo polo cal se cubrían as prazas da Valedoría con funcionarios e coa posibilidade de nomear cinco persoas que habitualmente reciben o nome de asesores, é dicir, persoas alleas á propia Administración e, polo tanto, de confianza de quen ocupa os postos de responsabilidade á fronte da Valedoría do Pobo.

Aí limitouse o número a cinco persoas e —estas cousas ás veces suceden— ninguén preveu o que podería ocorrer cando unha desas persoas estivese de baixa. Polo visto, e despois de feitas varias consultas, a única maneira de poder cubrir a baixa dunha persoa que xustificadamente non pode acudir ao seu traballo, que desenvolve importantes responsabilidades no propio organismo, leva a que o propio organismo solicite a modificación da lei. Isto é o que facemos modificando o artigo 10 da Lei do Valedor.

Estamos, certamente, ante dúas grandes institucións. A primeira é a encargada do control económico e financeiro da Xunta de Galicia e das administracións públicas galegas; e o se-

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

gundo é o alto comisionado do Parlamento para a defensa dos dereitos que emanan da Constitución e tamén do Estatuto de autonomía. E consideramos que con estes cambios menores van non só poder seguir facendo o seu labor, senón que contribuímos —creo— a que o seu ben merecido prestixio social siga sendo posible, que no fondo é do que se trata, de atender —como dicía ao inicio— esa petición dos órganos estatutarios.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Antes de continuar quixera saudar os alumnos de 3º de ESO do centro Antonio Orza Couto, de Boqueixón. Benvidos ao Parlamento e tamén a quen os acompañan, os seus profesores.

E agora continuamos co debate.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Saúdo tamén o alumnado de Boqueixón e o profesorado que o acompaña, que, por certo, teñen unha oportunidade importante, que é asistir á modificación dun proxecto lexislativo, dunha lei, que non é algo que se debata todos os días neste Parlamento.

Efectivamente, partindo da base de que as modificacións propostas parten tanto do Consello de Contas como da Valedora do Pobo, coñecedores, evidentemente, das súas propias necesidades, das de órganos estatutarios da máxima solvencia, que creo que é unha afirmación que ninguén neste Parlamento cuestiona, e versando ademais sobre materias de persoal, semella razoable que estas modificacións propostas sexan aprobadas. Unhas porque se refiren ao réxime de incompatibilidades do persoal do Consello de Contas, afectado pola imposibilidade, obvia a todas luces, de percibir algún tipo de remuneración de calquera entidade do sector público que estea á súa vez sometido á actuación do propio Consello de Contas; outras porque é procedente que as vacantes existentes na relación de postos de traballo do propio Consello poidan constituír a súa propia oferta de emprego público.

Por último, a modificación proposta para o Valedor do Pobo opera sobre a elemental posibilidade de que poida ser substituído, por causas debidamente xustificadas, o persoal asesor. Como acaba de relatar perfectamente o señor Puy, son estas cousas que nos acaban pasando, e que nos acabamos dando conta de que o propio marco legal imposibilita un funcionamento razoable do propio órgano e que, polo tanto, é necesario modificalo. E poucas cousas pode haber máis evidentes que a necesidade de que esta institución conte co cadro completo —e concordo, por certo, en que nada excesivo— de persoal asesor, xa que, como se acaba de dicir aquí, o Valedor do Pobo é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da nosa comunidade autónoma, dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas, nada máis e nada menos que recoñecidos na Constitución e no Estatuto de autonomía.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, sendo, como somos, todos conscientes da amplitude das súas obrigas e tamén desa necesidade de poder substituír o persoal asesor, o noso grupo parlamentario vai votar a favor por estas razóns que veño de expresar moi sucintamente; porque, efectivamente, e como acaba de dicir o señor Puy, son modificacións menores pero dunha enorme incidencia operativa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Moi bo día ao alumnado e ao profesorado de Boqueixón.

Seguindo con esta brevidade, xa que estamos sendo tan executivos e executivas, imos facelo rapidiño.

Ademais das modificacións do Consello de Contas —que evidentemente nos parecen ben—, imos centrarnos un pouco máis nas da propia Valedoría, que para o BNG esta modificación do Regulamento de organización e funcionamento da Valedoría do Pobo é positiva por tres razóns.

A primeira é que asegura unha maior contratación de traballadores e traballadoras, como aquí se mostrou. Isto o BNG sempre o viñemos pedindo. A Valedoría ten que intervir máis, ten que entrar cunha maior implicación nun maior número de asuntos. E cantas máis veces se persoe e mellor estea, mellor vai estar garantida a defensa dos dereitos dos galegos e das galegas. E para iso, evidentemente, fan falta máis traballadores e traballadoras.

O segundo punto importante é que ao servizo de administración e persoal se lle encargará o labor de impulsar expedientes da Comisión de Transparencia, adscrita á Valedoría. A transparencia é algo do que tanto vimos carecendo ultimamente e que tantos debates está a centrar hoxe en día, algo do que temos tanta falta, polo que, pola nosa parte, evidentemente, nos parece moi ben.

E, en último lugar —e non menos importante aínda que pareza obvio—, esta modificación vai reflectir nos textos algo tan obvio como que o 51 % da sociedade tamén existe, e que as mulleres que traballan na propia Valedoría son reais. Creo que, estando, ademais, nas datas nas que estamos —a pesar de que teñen que ser evidentemente os trescentos sesenta e cinco días do ano—, segue sendo importante. E ás veces éntrannos dúbidas por como en 2023 non estaba reflectida esta realidade. Polo tanto, adaptámonos aos tempos e chega a cordura tamén un pouco a este nivel, e por eses motivos o BNG tamén vai votar a favor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Polo grupo propoñente, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Simplemente quería saudar os veciños de Boqueixón que hoxe nos acompañan —e digo veciños porque eu son veciño de Vedra—. Polo tanto, encantado de que estean aquí. Hai pouco tivemos no Pleno, ademais, unha excelente contribución con motivo da Festa da Filloa do concello. Polo tanto, encantados de telos hoxe aquí.

Ben, simplemente quería dar as grazas aos portavoces e aos grupos polo que veñen de dicir. Eu creo que, efectivamente, son cuestións menores pero que afectan ao traballo e que xeraron inquedanza nos titulares destes órganos. E para facilitar o seu traballo creo que facemos ben. Simplemente agradezo a predisposición dos grupos a facilitar tanto o trámite como a aprobación destas normas. E, efectivamente, o que van é permitir que mellore a funcionalidade destes órganos, co cal, á súa vez, tamén —se se me permite, dado que se fixo unha referencia á transparencia— estamos favorecendo que se traballe na transparencia. Porque tamén nós estamos a favor da transparencia e, precisamente, de que a Valedoría dispoña de todos os medios necesarios para garantir o respecto aos dereitos das persoas fronte ás administracións pero tamén a importante función que se lle atribuíu na Lei de transparencia de ser o garante do cumprimento da norma.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Votaremos isto conxuntamente despois, ao final do texto que imos debater agora, que é un texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Quero sumarme e darlles a benvida ás alumnas e aos alumnos de Boqueixón. Para nós é unha honra que poidades seguir este debate.

Señorías, vivimos desde hai anos con moitas incertezas, incertezas que afectan a distintos ámbitos da vida, entre eles o da nosa saúde. Sentímonos fráxiles, vulnerables, e eu mesmo diría que en demasiadas ocasións sentimos medo a enfermar; medo a enfermar, medo a perder un ser querido, medo a que a ambulancia que pode salvarlle a vida non chegue, ou porque un diagnóstico se atrasa ou unha operación tarda moito, demasiado. Unha sociedade con medo, señorías, é unha sociedade paralizada. No BNG cremos que a política está para disipar o medo, para darlle á xente tranquilidade ante a incerteza. A política está para facer da tranquilidade un modelo de vida e non unha utopía.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero ao longo destes últimos catorce anos o medo ante a enfermidade avanzou, avanzou porque o Goberno do Partido Popular converteu o ben máis prezado, que é a súa saúde, nunha carreira de obstáculos para pacientes e para todo o persoal sanitario. O Goberno do Partido Popular fixo da precariedade unha constante a base de recortes e máis recortes, e hoxe soportamos lista de espera até para ir ao médico ou médica de cabeceira. O Goberno do PP fixo da precariedade unha constante, ignorando deliberadamente a necesaria planificación e formación de todo o persoal sanitario que se necesita, porque vostedes saben cada ano cantos médicos e médicas se xubilan, cantos enfermeiros e enfermeiras, cantas ATS, cantos especialistas. Polo tanto, se hoxe non están aí, é porque vostedes non fixeron ben o seu traballo. *(Aplausos.)*

Hai tanta precariedade hoxe na atención primaria que ano tras ano vemos como até un 30 % dos MIR que acaban a especialidade en atención primaria non queren ir traballar aos centros de saúde. E no último ano soubemos, polas propias cifras oficiais, que 109 médicos e médicas formadas en Galiza —é dicir, con formación que pagamos cos cartos de todos os galegos e galegas— solicitaron habilitación para ir traballar ao estranxeiro.

Esta xestión da sanidade pública non é propia dun goberno decente. Recortar na sanidade pública non é propio dun goberno decente. Precarizar a sanidade pública non é propio dun goberno decente. Provocar medo, incerteza e fraxilidade nas persoas ante a enfermidade non é propio dun goberno decente. *(Aplausos.)* Poñer o tamaño da carteira por riba da saúde non é propio dun goberno decente.

Gustaríame poder preguntarlle ao señor Rueda —que é o presidente ausente— se sabe realmente o que significan catorce anos de recortes na sanidade pública. Significan que, se estás ao límite e queres ser atendido por unha psicóloga, vas ter que agardar meses para ter unha primeira cita ou, evidentemente, se podes pagalo, ir á privada —que é o que fai a maioría da xente que pode—. Significan ter miles de nenos e nenas sen pediatra. Significan ter PAC sen persoal médico. Significan que non se cobren baixas nin vacacións. Significan que tes medo polo avance dunha enfermidade e non sabes cando van facerche as probas diagnósticas. Significan que tes medo polo avance dun cancro e non sabes cando vai ser a seguinte revisión. Galiza rexistrou un incremento do 65 % no exceso da mortalidade, e, entre as causas, os propios expertos sinalan o atraso nos diagnósticos. Nada disto é propio dun goberno decente. *(Aplausos.)*

A sanidade pública é unha conquista social que non podemos perder. Ter unha sanidade pública forte é fundamental, porque é que nos fai iguais ante a enfermidade. Somos fráxiles por condición, pero somos fortes cando nos protexemos cun sistema que coida a nosa saúde; porque a saúde é o máis importante, o que nos proporciona unha vida tranquila. E precisamente iso, a vida tranquila, é o que o Partido Popular impide cando deixa 194 concellos sen pediatra, cando deixa PAC sen persoal médico, cando as persoas teñen que agardar durante horas e horas nos corredores dun hospital porque as urxencias están colapsadas. Unha vida tranquila é saber —señor presidente ausente— que, se tes un fillo ou unha filla enferma, non vas ter que percorrer 50 quilómetros coa túa crianza no asento de atrás con febre. Unha vida tranquila é saber que, se traballas nun PAC, vas dispoñer do tempo e dos recursos que precisas para poder prestar unha atención sanitaria digna. Unha vida tranquila é ter a cer-

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

teza, se es unha persoa maior, de que vas ter a túa médica ou médico —o que coñeces e que te coñece— facéndoche seguimento dos teus problemas e da túa saúde. Unha vida tranquila é saber que temos garantido o dereito a ser coidados e coidadas. Unha vida tranquila, en resumo, é non ter medo, non ter medo a enfermar porque sabes que, se iso pasa, tes unha sanidade pública forte, libre de recortes, capaz de coidarte, de protexerte e de salvarte. Porque, se algo nos deixaron claro os últimos tempos, é que ninguén se salva só, que precisamos un sistema público de saúde forte, que nos protexa e que nos faga menos vulnerables.

Necesitamos introducir tranquilidade e esperanza onde o Partido Popular introduciu o medo a enfermar a base de recortes e de privatizacións. Porque o modelo do PP, o seu modelo, señorías, é o da ferida de 2.338 millóns de euros en atención primaria. É o que deixa a Galiza na cola en investimento en primaria. O seu modelo provoca incerteza na vida das persoas porque non sabemos cando imos precisar axuda, atención, coidados, un psicólogo, unha oncóloga ou unha pediatra para as nosas fillas. O modelo retrógrado do Partido Popular recorta na pública para favorecer a privada, pon a tarxeta bancaria por diante da tarxeta sanitaria. Dinlle á xente que o tamaño da súa carteira importa máis cá súa saúde, porque o Partido Popular é o cabalo de Troia da sanidade privada. *(Aplausos.)* Non pensarán, señorías, que imos pensar que é casualidade que a xerente do Sergas teña como irmán o xerente da asociación de hospitais privados co que o Sergas fixa derivacións e convenios por importes millonarios. Son o cabalo de Troia da sanidade privada. *(Aplausos.)*

E fronte a este modelo insolidario do Partido Popular, no BNG temos alternativas. Hoxe presentamos unha proposta para garantir o dereito das persoas á saúde; unha proposta que pasa por unha atención primaria libre de recortes e de privatizacións; libre de listas de espera e cos recursos materiais e humanos necesarios. Porque a atención primaria necesita un novo modelo que empeza por ter máis recursos e mellor xestionados, que non só atenda enfermidades senón que tamén traballe na prevención.

Por iso, o BNG trae hoxe a este Parlamento a proposta de blindar por lei o financiamento da atención primaria cun obxectivo moi claro: destinar o 25 % do orzamento sanitario, que é o que nos recomenda a Organización Mundial da Saúde. Segundo os últimos datos publicados polo Ministerio de Sanidade, o dato galego é o dun investimento do 11,6 %, 2,3 puntos menos que a media estatal. E isto é gravísimo, porque a atención primaria en Galicia tiña que estar moi por riba da media do Estado. Sempre dicimos que a dispersión e o envellecemento fan que sexa máis cara a prestación de servizos sanitarios. É, desde logo, un síntoma de onde chegan os recortes do Partido Popular.

E tras colapsar a atención primaria, pídolles ás señorías do Partido Popular que, polos menos hoxe, non veñan aquí intentar retorcer os datos, facer trampas ao solitario, querendo computar como gasto en atención primaria o gasto farmacéutico. Polo menos, afórrennos as mentiras, a propaganda e, sobre todo, respecten os galegos e as galegas, que lles están pedindo tamén na rúa que defendan e que protexan a súa saúde. *(Aplausos.)*

Porque si, señorías do Partido Popular, proben a investir máis en atención primaria e verán os resultados. Nós temos un modelo, o BNG ten un modelo que ten tres grandes piares.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O primeiro é que a sanidade —e concretamente a atención primaria— necesita máis financiamento, e tamén necesita máis persoal sanitario e hai que ampliar a carteira de servizos. Niso cremos no BNG, en poñer os cartos e os recursos humanos ao servizo do que máis importa, en avanzar en dereitos e nunca retroceder cando se trata da sanidade pública. A proposición de lei que hoxe defendo neste Parlamento está focalizada no investimento en primaria, que debe recibir como mínimo o 25 % do orzamento total de sanidade.

E ¿para que queremos máis recursos? Pois nós témolo claro: para desenvolver un novo modelo de atención primaria que vai ter e ten, como segundo piar, dotar a primaria do persoal sanitario suficiente —persoal médico, de enfermería e de servizos—; persoal suficiente e con condicións laborais dignas. Galiza non pode seguir soportando perder máis persoal sanitario, ese persoal que foxe da precariedade e da sobrecarga laboral que o Partido Popular impuxo en atención primaria a base de recortes e recortes, e tamén de faltarlle ao respecto ao persoal sanitario. Por iso, o modelo do BNG para atención primaria recolle tamén un plan para captar e reter profesionais, que teñen que ter condicións atractivas para que as persoas que se formen aquí queiran quedar, e para que aquelas que marcharon poidan retornar, porque todos e todas son necesarias. Non podemos seguir perdendo talento e postos de traballo formados con cartos públicos de todos os galegos e galegas. Eles e elas queren volver e nós estamos aquí para poñérllelo fácil.

Finalmente, o terceiro piar, son máis servizos, porque a atención primaria de hoxe non pode ser a de hai trinta anos, porque a saúde vai moito máis alá das feridas externas. Importan tamén aquelas que necesitan dun coidado máis profundo. Fálolles, por exemplo, da saúde mental, que é onde podemos avanzar para construír unha sociedade segura, que é aquela que está aí para darnos a man cando máis o necesitamos. Fronte ao modelo insolidario do Partido Popular, que condena a xente a deixar o seu soldo en tratamento psicolóxico, o BNG propón incorporar psicoloxía clínica en primaria, tendo en conta que o 30 % das consultas están relacionadas coa saúde mental.

Se non queremos construír un mundo hostil, fagamos todo o posible para axudar a facer un mundo máis san e máis seguro. Falamos de dotar a atención primaria de psicoloxía clínica, pero tamén doutras especialidades, como a terapia ocupacional, e de logopedas, fisioterapia ou podoloxía; en definitiva, unha atención primaria que atenda as necesidades da Galiza de hoxe.

Queremos tamén activar as carteiras de servizo de todas as categorías profesionais, a atención sanitaria non pode ser unha longa lista de espera. Os e as profesionais teñen que poder traballar con autonomía e a cidadanía ten que poder solicitar cita directamente cos seus especialistas en primaria. Necesitamos maior eficiencia para garantir unha mellor atención sanitaria e, polo tanto, unha mellor saúde. Sabemos que en primaria a proximidade é fundamental, que é determinante para uns bos coidados. Por iso, desde o BNG cremos que hai que reforzar a atención primaria, que hai que garantir que os PAC teñan equipos completos de profesionais e, desde logo, quero destacar tamén que hai que garantir a pediatría, porque é, desde logo, intolerable que nun país no que temos unha taxa de natalidade tan baixa existan 194 concellos sen pediatra. É intolerable que haxa nenos e nenas que nacen que non teñen pediatra, pero que non teñen ningún outro médico nin médica asignada. E logo éncheselles a boca falando da natalidade. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E xa para rematar, quero facer unha última consideración, unha última valoración global. Galiza non pode seguir quedando atrás no coidado da súa xente. A sanidade pública fainos fortes porque nos iguala fronte á enfermidade. Por iso precisamos unha sanidade pública libre de recortes e de privatizacións, que aporte a todos os galegos e galegas certezas, tranquilidade e a confianza de que van ser atendidos como merecen. Poñer confianza onde vostedes, señores e señoras do Partido Popular, inocularon o medo é o que reclama a xente deste país cando sae á rúa para defender a sanidade pública fronte a un goberno do PP convertido nun perigo para a súa saúde. É o que reclama tamén todo o persoal sanitario que deixa a pel día tras día para coidarnos. Por nós, por eles, pola maioría dos que cremos nunha sociedade que se coida, merecemos unha atención primaria digna da Galiza de hoxe e digna da Galiza de mañá.

Moitas grazas. *(Forte aplauso.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Creo que é innegable que vivimos unha época crítica, ou moi complicada, co sistema sanitario, e especialmente na atención primaria, probablemente o foco máis amplo xa non de queixas e protestas —que evidentemente tamén— senón a orixe dos grandes problemas que temos hoxe no sistema. Non é que non existan noutros niveis da asistencia sanitaria senón que probablemente a atención primaria sofre a comparativa máis dolorosa para a poboación se a avaliamos —por poñer unha data de referencia— respecto de hai unha década.

Estamos pagando os recortes. Cando viviamos as épocas dos recortes e da austeridade —aplaudida, eramos os campións da austeridade—, algúns avisabamos de que chegariamos a esta situación. E ninguén o quería escoitar nalgúns deses gobernos. E hoxe chegamos a esta situación por iso, precisamente porque pagamos os recortes. Alguén ten que pagar os recortes e páganos o sistema público —neste caso, o sistema sanitario—. E hoxe estamos nesta situación porque vivimos unha época nesta última década na que o desinvestimento profundo en atención primaria leva a onde estamos agora. A atención primaria, ademais de verse minorada en termos de persoal e en termos orzamentarios, ademais de verse prexudicada nesa liña, viu como se formularon ou se foron conxugando dúas cuestións gravísimas que son as que nos trouxeron ata aquí, que son a precariedade do persoal e o desprestixio da atención primaria.

A precariedade é un debate longamente estendido. Creo que hoxe incluso o Partido Popular —que o pretende negar ás veces— sabe que ten o persoal precarizado e que defende modelos que espremen profesionais máis alá do que deben, máis alá do que poden, máis alá do que é natural —incluso o Partido Popular é consciente—. E, por tanto, creo que ese é un debate no que agora só falta que o Partido Popular tome algunha medida —ou que pronto sexamos

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

capaces de tomar medidas sen o Partido Popular—. Pero, en todo caso, sería bo que estivesen canto antes dentro do acordo que ten a sanidade —e a atención primaria, en particular— sobre a necesidade de mellorar os profesionais.

E é unha atención primaria desprestixiada, profundamente desprestixiada, entre outras cousas, porque hai decisións políticas que así o alimentan. A reforma da Lei de saúde feita en 2012 eliminou as xerencias de atención primaria, e eliminou a capacidade de dispoñer de orzamento. Baixo unha idea nobre e interesante de integrar o sistema sanitario, que debe ser integral e non pode ser compartimentado —o que tería outros problemas—, a partir diso, a atención primaria o que fixo foi ser absorbida e ser olvidada dentro do sistema. Hoxe non hai ninguén que defenda a atención primaria dentro das direccións do sistema, non o hai dentro das xerencias das áreas sanitarias e, por suposto, non o hai realmente dentro do Goberno, porque non hai un orzamento propio. Se desagregamos o orzamento —que a isto é ao que vén esta iniciativa—, Galicia ten hoxe o segundo peor orzamento destinado á atención primaria de todas as comunidades autónomas de España, o segundo peor, o segundo máis baixo. Tampouco eu quixera recordar que a que gana nese triste ránking é Madrid. Tampouco quixera dicir que as catro primeiras, ou as catro últimas, que teñen o peor orzamento dedicado á atención primaria están gobernadas polo Partido Popular. É política, absolutamente política, non hai ningunha outra explicación. Cando aquí ás veces escoitamos que non hai que facer política coa sanidade, eu sempre penso: non, hai que facer outra, debe ser. Pero esa parece que a fan con moitísima finura pero con moitísima decisión: investimentos a menos.

E está desprestixiada, entre outras cousas, porque é máis fácil para un gobernante —e así o vemos co Partido Popular constantemente— inaugurar grandes máquinas e facer grandes investimentos tecnolóxicos. E está moi ben defender algúns logros —interesantes sempre— da alta resolución, ou inaugurar ladrillo —que está ben—. Pero nunca vemos inaugurar persoal —por poñer a broma—. En realidade, necesitamos a mellor tecnoloxía posible que ten o sistema, que é o profesional sanitario. E temos probablemente a peor situación de hai unha década. É moito máis fácil falar de cousas moi brillantes, que ganan moitos titulares, e moi pouco de cuestións do día a día; pero son as do día a día as que fan que este sistema fose —e hoxe non o sexa tan facilmente— un sistema sanitario tan envexado no mundo. Probablemente puidemos ser a gran referencia mundial na sanidade pública e hoxe non o somos. ¿Por que? Porque vivimos esas épocas de recortes, e particularmente das prestacións da atención primaria, que é a atención que máis sofre a cidadanía, a que máis visita. O médico de familia é a persoa máis cercana do sistema sanitario.

Miren, nestes días fíxose público un estudo que plasma realmente unha evidencia que todos coñecemos, que todos sabemos —probablemente non era necesario profundar tanto, pero os datos sempre están ben para acompañar—. Publicouse nunha potente revista internacional e amosa que a continuidade, a lonxitudinalidade dos profesionais con respecto aos seus pacientes —é dicir, que te vexa sempre o mesmo profesional— contribúe, nun prazo de vinte anos, a mellorar ata un 18 % a supervivencia ante as enfermidades, ¡un 18 %!; e mellora máis dun 30 % a calidade percibida de vida. Son datos que transmiten que, se somos capaces de que o sistema funcione nin sequera de maneira estratosférica, nin sequera interplanetaria, senón que sexamos capaces de que os profesionais atendan os seus pacientes, e que sexa cadaquén que teña o seu médico ou a súa médica de familia, ou o seu equipo,

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dentro da atención primaria, seremos capaces de ter moita mellor sanidade. Falamos incluso de datos de mortalidade, de mellorar datos de mortalidade a través da atención primaria. Falamos de que a xente se sinta mellor, falamos de que a xente teña saúde, de que teña unha vida máis sa. E por iso, a través diso, necesitamos a atención primaria.

E, por tanto, é probablemente o eixo máis claro no que as políticas do Partido Popular se ve como danan ese sistema público. E por iso nós cremos que é benvida, necesaria e importante calquera iniciativa que afronte isto e por iso nós votaremos a favor da toma en consideración desta iniciativa que hoxe trae o BNG, porque cremos que vai cara a esa liña de mellorar. É certo que, de tomarse en consideración, nós teriamos algunha precisión, creo que importante. ¿Sobre que cuestión? En principio, por unha cuestión que en parte pode ser de forma pero tamén de concepción das modificacións legais.

As leis modifican dereitos ou establecen os dereitos e os deberes dos cidadáns co Estado, do Estado cos cidadáns ou dos cidadáns entre si. Pero non son modelos de xestión. Dentro do mesmo marco legal caben diferentes modelos de xestión. Esta proposta de lei en realidade non regula un dereito senón un modelo de xestión. E para nós iso si que é algo máis chocante. Modificar a lexislación tal e como propón esta lei aumentaría evidentemente o volume orzamentario e iso sempre vai ser unha boa medida —por iso nós cremos que está ben—, aínda que en realidade con este modelo tamén se poderían seguir facendo cousas mal, e nós cremos que hai que ir máis ao modelo de xestión. Porque nas citas que se fan non entrou a propoñente particularmente na cuestión dos artigos que se modifican ou aos que se apelan, e modificar o catálogo de servizos está ben pero hai que saber para onde, que tamén é importante —algunha cousa citouse—. Pero en realidade a atención primaria é moito máis que o artigo 50 da lei; por tanto, necesitamos tamén ser conscientes de que, con este marco legal, incluso modificándose nesta liña que se propón, estariamos alterando moi pouco en termos de dereitos e simplemente dariamos, si, obviamente, máis recursos —unha boa medida—, pero non modificariamos modelos de xestión. Seguiriamos afrontando un modelo precarizado de persoal, seguiriamos afrontando probablemente que se puidesen ir moitísimos máis orzamentos a cuestións materiais que a persoais. E iso tampouco é o que nós cremos axeitado. Por tanto, é máis unha cuestión de modelos —de políticas, novamente, ¡de políticas!— que de leis, que tamén é importante. E, por tanto, nós votaremos a favor e intentariamos contribuír a melloralo.

Por último, queriamos incidir nunha cuestión. Habitualmente asistimos aos debates sobre o sistema sanitario aquí —veo, seguro, a señora propoñente, a señora Pontón, nós comprobámolo habitualmente e o PP sábeo perfectamente— nos que se dan unhas respostas que teñen que ver basicamente con escoitar a quen botarlle a culpa. Moitas veces nós defendemos que é lexítimo. Bueno, eu creo que estamos chegando ao punto en que deixa de ter certa lexitimidade ese argumento. En principio, poderiamos ir ao máis básico: as competencias sanitarias son autonómicas. Pero eu creo que este é un debate xa tan pulido e tan absurdo que xa non ten ningún sentido. A partir disto, nós plantexamos: se a realidade dos datos non é tan impoñente, como toda a xente que está mobilizándose na rúa —que se mobiliza constantemente, que fai grandes concentracións ou que alí nos pobos está diante dos seus centros de saúde—, se os profesionais que están xa constantemente alarmando do grave problema que temos, se ninguén en todo o país se está enterando de algo que o Partido Popular parece

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dicir que sabe pero que ninguén máis entende —que é que non ten ningunha competencia sanitaria—, se todo iso é así, entenderemos o Partido Popular, pero, se non, nós pedímoslle que atenda as cuestións que se debaten realmente sobre o sistema sanitario galego, que son competencia autonómica. Porque hoxe o que se propón é modificar o orzamento, que é unha competencia autonómica; porque nós o que defendemos é cambiar os modelos de xestión, que é unha competencia autonómica.

Vostedes poden seguir en campaña —non sei de que eleccións están en campaña, das municipais aínda parece que non moito, que non lles vai moi ben—, vostedes poden seguir en campaña do que queiran, pero cremos que estamos nunha situación xa moi límite, moi límite, moi precaria, moi difícil para a atención primaria. E, entón, a ver se somos capaces de, entre todos, entender que vostedes non veñen aquí falar máis doutros gobernos que do Goberno da Xunta de Galicia. Porque, entón, a ver se vai ser que vostedes, despois de substituír moitos conselleiros seguidos en sanidade, o que queren é destituír a Consellería enteira e mandala para outro goberno e non quedar coas competencias. Nós cremos que hai que ser un pouco máis serios. A situación xa chegou a un punto en que é irreversible se vostedes non fan nada. Nós cremos que vostedes teñen que estar dentro da solución a pesar de que foron os causantes do problema. E, por tanto, nós votaremos a favor. Se esta iniciativa contribúe —e pode contribuír— a mellorar, estaremos dentro desas melloras. E se somos capaces de convencer a todo o mundo de que é un problema de modelos de xestión, benvidos sexan, porque aí está a clave.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

En primeiro lugar, e para tranquilizar a señora Pontón, quero anunciarlle que a xerente do Sergas xa pediu a súa comparecencia nesta Cámara para desmontar o seu penúltimo bulo. E, polo tanto, eu invitaríaa a que se preocupe menos polo irmán da señora xerente e se preocupe un pouco máis, por exemplo, pola cuñada doutros socios de goberno, que esa parece que lle interesa pouco.

En todo caso, e falando do tema, despois da moi tranquilizadora intervención da señora Pontón, o que quedou claro é que o BNG pretende modificar unha lei —aprobada polo PSdeG e o BNG— para establecer que o 25 % do orzamento sanitario se dedique á atención primaria. Presenta isto unha deputada que apoiou esa lei —xa leva aquí uns cantos anos— e que ademais votou durante catro anos uns orzamentos que nunca alcanzaron esa porcentaxe. Falaba o señor Torrado de modelos de xestión. Pois vostedes queren establecer un modelo de xestión que xamais practicaron.

Afirman que a Organización Mundial da Saúde recomenda dedicar o 25 % do financiamento á atención primaria. É certo que o fan sen citar a fonte —que poderían facilitala para saber

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de onde o sacan—, pero non me vou meter moito nesta cuestión. Curiosamente, parece ser que o 25 % do financiamento soluciona todos os problemas. Supoño que, como di a Organización Mundial da Saúde, os soluciona en Europa ou en calquera país en vías de desenvolvemento. É un plantexamento sorprendente, porque eu crin que o importante eran os recursos que se dedicaban á atención primaria e non a porcentaxe de recursos que se dedican a cada un deses gastos. Pero é que, ademais, afirma que nese 25 % non debe computarse o gasto farmacéutico. Iso si, faino en contra do criterio da Organización Mundial da Saúde, que si computa ese gasto. E, mire, teño aquí varias declaracións e documentos. Teño a Declaración de Alma-Ata —probablemente o documento fundacional da OMS en materia de atención primaria—. ¿Sabe o que inclúe en atención primaria a Organización? Mire, comprende, cando menos, a asistencia materno-infantil, unha iniciación contra as principais enfermidades, prevención contra enfermidades endémicas, tratamento apropiado das enfermidades e traumatismos comúns e subministración de medicamentos esenciais. Exactamente o mesmo que ratifica na Declaración de Astaná ou nos distintos estudos que fai, por exemplo, sobre o gasto sanitario. Por certo, preséntolle o último, no que pode comprobar que España, na atención primaria, está por riba do 30 %; e Galicia —segundo din os seus socios da Federación de Asociacións en Defensa da Saúde Pública— está por riba da media.

Como case sempre, fannos un plantexamento falaz, tramposo, porque o BNG, por suposto, se apunta á subida en atención primaria pero ocúltanos cales son os servizos médicos que van ver reducido o seu financiamento de forma significativa e permanente. ¿Que pretende o BNG? Vamos ver, ¿pretende imputar a partida farmacéutica a outro nivel sanitario —e se é así, que nos diga cal, se son as urxencias, a atención especializada, a atención hospitalaria— ou simplemente pretende deixar os pacientes de atención primaria sen medicación? ¡É que deberían explicalo!, porque eu, sinceramente, creo que nin o un nin o outro. Vostedes o que pretenden é enganar a xente e, de paso, talvez preparar a seguinte manifestación na que sairán acusando o Partido Popular —se lles facemos caso— de que estamos recortando na atención hospitalaria, un clásico do BNG. En todo caso, eu creo que deberían deixar de enganar e de manipular os datos. Porque a realidade é que a atención primaria galega nunca tivo máis orzamento que neste ano 2023 —incluíndo, por certo, o maior gasto en persoal sanitario da historia da sanidade galega—. Pero, claro, o trilerismo parlamentario da esquerda galega non ten límite, e arbitrariamente e contra o criterio da Organización Mundial da Saúde —que hoxe nos instan a cumprir— deciden eliminar da ecuación o gasto en farmacia. ¿Por que? Pois dígollelo eu: porque, se non, non se pode manter a súa triloxía sanitaria da confusión, do bulo e do insulto.

Mire, señora Pontón, vostedes no ano 2009 dedicaban 1.436 millóns de euros á sanidade primaria. Hoxe son 1.526, case 90 millóns máis. Pero hai que dicir que en persoal o Goberno do Partido Popular dedica 134 millóns de euros máis do que facían vostedes. E o que vostede non conta —e por iso non quere falar de farmacia— é que en gasto de farmacia gastamos 53,9 millóns de euros. A realidade, señoría, é que vostedes e nós, o seu goberno e o noso, temos unha porcentaxe de orzamento dedicado á primaria moi similar, arredor do 14 %. ¿Sabe cal é a diferenza? Que, co mesmo 14 %, nós investimos máis en sanidade que a esquerda, máis en atención primaria que a esquerda, máis en persoal de atención primaria que a esquerda. E, iso si, investimos menos en beneficios das farmacéuticas que a esquerda. ¡¿Quen defende a sanidade pública?! ¡¿Quen defende os intereses da industria farmacéutica?! *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor Torrado dinos que isto é política. Pois será verdade, supoño que será responsabilidade do Partido Popular a folga de médicos en Asturias, a folga de médicos en Valencia, a folga de médicos en Aragón, as folgas de médicos —non sei— en Melilla ou en Ceuta. En fin, é curioso, ¿non?

Eu, en todo caso, creo que defende a sanidade pública quen logrou que hoxe traballen cada día no Sergas 7.000 traballadores máis que cando gobernaban vostedes; por certo, cunha das maiores taxas de estabilidade de toda España, das maiores —son datos do Ministerio, non deste deputado, señora Pontón—. *(Aplausos.)*

Pero, claro, vostede pídenos máis profesionais. Eu enténdoo, enténdoo, porque, como vostede este Parlamento só o pisa para intervir ou aplaudir a algún dos seus voceiros e o resto non lle interesa —non está aquí para escoitar o que dicimos os demais—, pois pérdese. Entón, non sabe das contratacións que levamos aquí explicando nos últimos tempos: máis de 50 fisioterapeutas para superar os máis de 200; 30 farmacéuticos para xa estar por riba de 100; máis de 180 matronas, máis de 100 traballadores sociais, máis de 100 odontólogos, máis de 100 hixienistas dentais, máis de 1.500 prazas de enfermería. Esta é a situación actual da atención primaria. Pero vostede parece descoñecela. Eu aconséllolle que pase un pouco máis por aquí e que lea algo máis de literatura fóra da que lle pasa o BNG; porque, se le vostede as conclusións, por exemplo, do último congreso da Asociación Nacional de Pediatras, descubrirá que hai un grupo de comunidades que, segundo os propios pediatras, están facendo ben as cousas e outro grupo que as está facendo mal. ¿A que non saben en que grupo está Galicia? Pois entre as que están cubrindo mellor as necesidades pediátricas dos nenos galegos. *(Aplausos.)* ¡Deixen de mentir, porque despois din aquí que os que damos medo somos nós! Non, o que dá medo é o seu absoluto retrato [...] *(Inintelixible.)*

Mire, defenden intereses privados os que boicotearon o uso de xenéricos, os que, cando gobernaron, subiron a derivación de pacientes á sanidade privada máis dun 50 % e os que blindaron Povisa. E veñen vostedes aquí cunha cara asombrosa a falarnos de privatizacións. Mire, este é o Acordo básico para a saúde na área sanitaria de Vigo: «Constatamos a conveniencia de manter e potenciar os instrumentos de concertación e cooperación público-privada» —tradúzolle: cando goberna o PP, «público-privada» é «privada»— «coa creación de redes e alianzas de todos os axentes implicados para impulsar o desenvolvemento sanitario da área de Vigo». ¿Sabe quen asinaba isto? Vaise sorprender, señora Pontón. Mire, asinábao a conselleira de Sanidade do seu goberno, os representantes sindicais de todos os grupos, incluíndo a CIG, o presidente da Confederación de Empresarios de Galicia e o conselleiro delegado de Povisa, que era o que estaban blindado vostedes. E veñen aquí falar de privatización. Pero ¡¿non lles cae a cara de vergoña?! *(Aplausos.)* ¡Home!, se o coñecesen, eu creo que debería.

Mire, nós non imos demonizar a iniciativa privada, pero unha cousa si hai que dicir: nunca a sanidade privada viviu mellor en Galicia que co Goberno Bipartito. *(Murmurios.)* ¡Nunca, nunca! Meta iso na cabeza. Nunca fixeron tantos cartos como cando gobernaban vostedes. Esa é a realidade.

Pero, claro, para a súa estratexia non basta con manipular os datos, como acabo de explicar. Non, non, vostedes necesitan máis, e por iso non pasa un pleno sen que nos regalen un novo

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bulo e un novo insulto. A última sesión plenaria non foi unha excepción. Novo bulo do BNG: 2.338 millóns de euros de recorte acumulado en atención primaria. ¡Vaia trola, señora Pontón, vaia trola! Eu creo que deberiamos botar contas. *(Murmurios.)* Si, si, deberiamos botar contas.

Mire, se botamos contas, vostedes deberían contar que, deses 2.338 millóns que computan, 1.791 millóns de euros, o 76,5 %, corresponden a aforros en farmacia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E son aforros contando que hoxe se consumise o mesmo número de fármacos que entón —que non é certo, porque hoxe temos 50 millóns de euros menos en gasto farmacéutico con 7 millóns de receitas máis cada ano que no ano 2009, e iso non o contan *(Aplausos.)*—. Iso si, vén aquí presumir de vir coa verdade na man e ten a santa cara de non computar este gasto como gasto en atención primaria pero si computar este gasto como recortes en atención primaria. ¡Iso é coherencia, iso é saber botar as contas, señora Pontón!

¿Sabe vostede, por certo —por seguir co tema dos recortes en primaria—, cantos deses recortes corresponden ao recorte do señor Zapatero nos salarios dos traballadores da sanidade pública galega? Cóntollo eu, mire: de 2009 —último ano sen recortes do señor Zapatero— a 2011 —primeiro ano completo da aplicación dos recortes do señor Zapatero—, 57 millóns de euros nos salarios da sanidade pública galega. Multiplique vostede por doce anos, porque ese recortes foron para sempre, para toda a vida, baixáronlles un 10 % ou un 7 %, en función do salario, a todos e cada un dos traballadores públicos de España. ¡E veñen aquí falar de recortes! *(Aplausos.)* Pois claro que si, claro que houbo recortes. Pero hai que contalo. Recortes si, pero o Partido Popular de Galicia recortou o beneficio das farmacéuticas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e vostedes recortaron en salarios de todos os traballadores sanitarios públicos galegos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, vostedes, porque aprobaron durante cinco anos os orzamentos destes señores. Por certo, ¿sabe o que fixeron vostedes cando se produciu ese recorte? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Fixeron manifestacións? ¡Non, home, non! Vostedes o que fixeron foi coalicións, coalicións de goberno, *(Aplausos.)* porque, cando hai que elixir entre os principios e o sillón, o BNG está sempre do lado do sillón. En fin, vou aforrar as rimas sencillas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Remato xa, pero non sen facer unha mención ao seu último insulto, porque, se non lles bastaba con chamar «panda de psicópatas» ao Goberno galego, agora a súa voceira insultou os profesionais do Sergas acusándoos de inventar probas innecesarias para non aumentar as listas de espera. É gravísimo, é do máis grave que se pronunciou nunca neste Parlamento. Vostede falaba de faltar ao respecto ao persoal sanitario, señora Pontón.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Señora Pontón, a súa voceira acusou a profesionais da sanidade pública galega de tomar —sabéndoo, de maneira dolosa— decisións médicas prexudiciais para os seus pacientes.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Cantas persoas, cantos colectivos, debe insultar a súa voceira sanitaria para que vostede tome medidas?

O señor PRESIDENTE: Remate, remate.

O señor PAZOS COUÑAGO: Ou vostede non pinta nada no BNG ou vostede comparte esas acusacións.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Eu creo que os galegos merecen saber se estamos ante unha Ana Pontón irrelevante no BNG ou se a moderada Pontón quitou, por fin, a careta. Namentres, vaime permitir que para dar lecciónsˆ *(O señor Pazos Couñago prosegue o seu discurso sen que se poida percibir.) (Aplausos.) (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo, terminou o tempo.

Grazas.

Réplica do grupo autor da proposición de lei, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías, vendo a última intervención do portavoz do Grupo Popular, entendo por que a TVG non emite estes debates do Pleno. *(Aplausos.)* É unha razón, desde logo, de moito peso. *(Fortes murmurios.)* Vexo que o estilo Rueda se estende como unha mancha de aceite no Grupo Parlamentario Popular. Insultos, descualificacións, ataques persoais..., é o estilo que vostedes teñen. *(Aplausos.) (Protestas.)* ¡Si, si.!

Catorce anos recortando, catorce anos privatizando, catorce anos poñendo en risco a saúde dos galegos e das galegas e a culpa é do BNG; *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* si, si, poñendo en risco a saúde dos galegos e das galegas, porque os recortes na sanidade matan, claro que si, señores e señoras do Partido Popular. *(Aplausos.)*

En todo caso, quero, en primeiro lugar, darlle as grazas ao Partido Socialista, porque creo que estamos de acordo en algo que é fundamental, e é que se necesitan máis recursos para atención primaria e se necesita cambiar o modelo de xestión; e, evidentemente, disto é do que se trata nesta iniciativa.

Hoxe o Partido Popular non veu falar dos problemas da saúde dos galegos e das galegas. Hoxe o Partido Popular veu, unha vez máis, facer de oposición da oposición e veu unha vez máis querer construír un relato que, sinceramente, non lles cola, señoras e señores do PP. Non lles cola. ¿Saben por que? Porque é que a xente vai todos os días ao centro de saúde, efectivamente. Entón, dado o que nos dixeron hoxe aquí —e é o que lle digo ao señor Rueda—, digo que vaian aos centros de saúde e que lle digan que isto nunca estivo mellor á xente que ten que esperar quince días pola súa cita para poder acudir ao médico ou médica de cabeceira. ¡Non tomen por imbéciles os galegos e as galegas! *(Aplausos.)* ¡Xa está ben, señores e señoras, señor Rueda, xa está ben!

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, claro, o dato mata o relato. E a min gústanme os datos e, ademais, citar as fontes; porque as fontes do Partido Popular non as sabemos —entre outras cousas porque hai unha opacidade, ¡unha opacidade!, no Sergas e en toda a Xunta de Galiza que é un escándalo, é un escándalo como manipulan a realidade—. Entón, vaiamos ao primeiro dato, que, claro, é que vostedes levan catorce anos recortando en atención primaria. Si, si, e se collemos o orzamento do ano 2009 e vemos ao que se destinou nestes catorce anos, o que vemos é un burato negro de 2.339 millóns de euros. E agora o PP dinos que é porque se reduciu co aforro dos xenéricos —o que, por certo, o BNG apoiou nesta Cámara, o que o BNG apoiou nesta Cámara—. Pero ¿saben para que o apoiamos? Para que investisen máis en atención primaria, non para que a recortasen, ¡claro! *(Aplausos.)* E o gasto farmacéutico só explica a metade dese burato negro. ¿Por que non investiron eses recursos en atención primaria? Son datos dos orzamentos que nos remiten aquí, e eu non sei se eses orzamentos son falsos. ¿Vostede ten outros diferentes dos que temos nós? Porque iso si que sería grave.

Hai outros datos que son os que publica o Ministerio de Sanidade. Estes son os últimos que publicou o Ministerio de Sanidade. E cando imos ver o gasto sanitario en atención primaria, resulta que o último dato é o 11,6 %, o segundo peor de todo o Estado español, esa é a realidade. A media do Estado está no 13,9 %. Polo tanto, señorías do Partido Popular, ¿de que nos falan?

Hai un terceiro dato que é importante, un terceiro dato que é importante. E é que, se temos en conta o efecto da inflación, a pesar de que no último ano incrementaron un pouco o orzamento de atención primaria, o que pasa é que catorce anos despois se invisten 300 millóns de euros en atención primaria. E con menos faise menos, señores e señoras do Partido Popular, que é o que está pasando na sanidade pública. *(Aplausos.)*

Si, si, está claro que o Partido Popular é parte do problema e que non quere ser parte da solución, porque vostedes, señores e señoras do PP, poden vir aquí, atacarme a min, pero, sinceramente, non sei que sentido ten nun debate no que estamos falando da saúde da xente, da sanidade, da atención primaria. Dixeron que tomaran nota das máis de corenta mil persoas que saíron á rúa para defender o dereito á saúde. E o que vimos aquí é que vostedes non tomaron nota. Vostedes o que son é o cabalo de Troia da sanidade privada, que queren seguir recortando e recortando a pesar de que iso vai á custa da saúde dos galegos e das galegas.

¡Por favor!, ¡por favor!, de verdade, creo que a xente deste país merece máis respecto e, sobre todo, que deixen atrás a súa política de recortes e a súa política de privatizacións. Nós, sempre, sanidade pública.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación dos textos lexislativos.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Comezamos votando a Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de modificación da Lei do Consello Consultivo de Galicia.

Votamos, en primeiro lugar, a emenda á totalidade, con texto alternativo, do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade, con texto alternativo, do G. P. Popular de Galicia, formulada á Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de modificación da Lei do Consello Consultivo de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta emenda á totalidade por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, resulta aprobada, por unanimidade, a Lei de modificación da Lei do Consello Consultivo de Galicia.

Votamos agora a Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de medidas sobre o réxime xurídico do persoal ao servizo do Valedor do Pobo e do Consello de Contas.

Isto faise conforme o disposto no artigo 127 do Regulamento da Cámara, que require para iso a aprobación co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Cámara.

Votamos.

Votación da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, de medidas sobre o réxime xurídico do persoal ao servizo do Valedor do Pobo e do Consello de Contas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, resulta aprobada, por unanimidade, a Lei de medidas sobre o réxime xurídico do persoal ao servizo do Valedor do Pobo e do Consello de Contas.

E agora votamos a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións e continuamos coa orde do día.

Punto segundo, comparecencia.

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar sobre a estratexia para mellorar o saneamento e a depuración das rías galegas

O señor PRESIDENTE: Para formular esta intervención ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, comparezo a petición propia para informar do traballo feito e das actuacións que estamos levando a cabo e que imos levar a cabo para o saneamento das rías galegas, preservar e mellorar a calidade das augas das nosas rías. Un traballo que pesa moito pola singularidade que supoñen as rías galegas para a nosa comunidade, xa que teñen un valor paisaxístico, ambiental e socioeconómico realmente importante. Son, polo tanto, o emblema de Galicia. E a nosa obriga é preservar a calidade de vida e preservar, por suposto, a calidade das augas.

Un asunto que está de permanente actualidade porque ten influencia directa no medio de vida e tamén no sustento de milleiros de galegos que viven da nosa pesca, do noso marisqueo e da acuicultura, así como do turismo. É unha medida, ademais, que pode influír tamén moitas veces na saúde pública. Nese sentido, e por todos eses motivos, foi, é e seguirá sendo un obxectivo prioritario, estratéxico para o Goberno galego o saneamento integral das nosas rías.

E o certo é que a aposta está plasmada en feitos, en traballo, en investimento e en resultados. Na miña comparecencia darei conta tamén dos resultados, porque o certo é que ningunha administración fixo tanto polas rías galegas como esta Xunta de Galicia. É un relatorio do que xa fixemos, do que estamos a facer e do que prevemos facer para as rías galegas. Nesta comparecencia darei conta de todo isto e tamén, por suposto, deses resultados, que son obxectivos, cuantificables e medibles, e de todo o que levamos feito polas rías galegas.

Este esforzo deunos os nosos froitos. Nese sentido, dende o ano 2009 mobilizamos máis de mil cen millóns de euros para o saneamento das rías galegas, logramos duplicar a capacidade de depuración nos municipios costeiros en Galicia, conseguimos que o setenta e oito por cento das masas de auga das rías se atopen en bo estado e conseguimos reducir á metade os vertidos contaminantes das rías galegas.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grazas a todo este traballo e á nosa estratexia e aos nosos investimentos tamén logramos un feito clave: conseguimos que a Unión Europea revertese ese expediente sancionador que pesaba sobre a ría de Pontevedra. Polo tanto, este traballo da Xunta de Galicia conseguiu evitar unha multa millonaria europea que pesaba na ría de Pontevedra. Ese é resultado dun esforzo, de investimentos, de traballo, exclusivamente feito pola Xunta de Galicia, que conseguimos botar adiante un plan de saneamento integral da ría de Pontevedra, executar a mellora da depuradora de Pontevedra dos Praceres e tamén o emisario, vinte millóns de euros, e funcionou. Funcionou porque non lles fixen caso a algúns de vostedes e conseguimos evitar esa sanción millonaria da Unión Europea que pesaba na ría de Pontevedra. *(Aplausos.)*

Fixemos moito e o que fixemos funcionou, pero hai moito por facer. Seguiremos avanzando porque hai indicadores que queremos seguir mellorando. E unha cuestión fundamental que sempre lles digo tamén: ademais de facer infraestruturas, hai que explotalas e mantelas en boas condicións.

Son moitos os retos que temos por diante, pero o obxectivo fundamental, o obxectivo único e claro é afondar no saneamento das rías galegas. O saneamento, a xestión da auga, é unha materia que xa é complicada de por si, pero nas rías galegas moito máis. Estamos a falar duns ecosistemas únicos, onde temos que ter moita máis sensibilidade e onde as medidas e os parámetros son moito máis estritos, onde se require de tecnoloxía moito máis avanzada e, sobre todo, porque hai unha configuración urbana arredor das rías galegas que complica moito máis a xestión e a realización de infraestruturas, porque hai que facer moitas actuacións en dominio público marítimo-terrestre, porque as obras hai que facelas onde hai vertidos, e os vertidos están onde está fundamentalmente a xente.

E como consecuencia de que hai que facer moitas obras no dominio público hidráulico, pois o certo é que nos encontramos con moitas frontes e ás veces conflitivas co Goberno central para dotar de equipamentos necesarios, como redes, colectores, bombeos ou tanques de retorsión ou mesmo estacións depuradoras. Disparidade de criterios e contradicións encontramos no Ministerio de Transición Ecolóxica, que nos causan moitos problemas. E o certo é que o Ministerio de Transición Ecolóxica e a Costas fundamentalmente non lles pedimos cartos, pedímoslles sentido común. Sentido común neses requirimentos, sentido común para facer esas obras que son necesarias para mellorar a costa. Dende logo, se lográsemos entre todos que Costas cambiase o rumbo creo que lle fariamos un gran servizo a Galicia. Conto con vostedes para esta cuestión.

Dende logo, traballar polo saneamento das rías galegas require moito traballo, tamén require moita colaboración. E nese sentido podo dicir que si que encontramos colaboración na Administración central e nos concellos e na suma de esforzos, pero tamén lles podo confirmar que non son poucos os casos nos que completamente en solitario tivo que a Xunta de Galicia executar moitísimas obras no saneamento das rías galegas. Atrancos e impedimentos que encontramos noutras administracións, que non sei se son conscientes de que bloquean infraestruturas necesarias para seguir avanzando nas rías galegas.

E nese sentido volvo insistir en algo que non lles gusta escoitar: o saneamento, a depuración e o abastecemento, a xestión da auga, é unha competencia municipal; non é un capricho da

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xunta de Galicia. Así o indica a Lei de bases de réxime local. A responsabilidade directa é dos concellos, pero dende a Xunta de Galicia estámolos a apoiar, estámolos a axudar, e estámolos a implicar, porque cremos que é a forma de axudar, porque é unha materia realmente complexa. E así vimos actuando nos últimos anos, dende o ano 2009, implicándonos, colaborando e traballando de xeito intenso para sanear as rías galegas.

Deberían facelo tamén as deputacións, o Goberno central, e que a Xunta de Galicia non fose a única que está a cumprir o seu compromiso firme en sanear as rías galegas e apoiando os concellos nesa materia, que é realmente moi complexa para eles, complexa tecnicamente e tamén complexa economicamente.

As rías galegas están na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa. Iso quere dicir que o organismo de conca é Augas de Galicia. Iso quere dicir que a responsabilidade directa única que ten Augas de Galicia é velar pola xestión do dominio público hidráulico. Nese sentido, a estratexia para o saneamento integral da rías galegas ten dous programas que son directamente a responsabilidade da Xunta de Galicia e que realmente son programas que funcionan. Son dous especialmente relevantes: o Programa de seguimento de calidade das augas e o Programa de control de vertidos.

Ademais destes dous programas, que —como digo— é por ser organismo de conca, autoimpuxémonos, obrigámonos a apoiar os concellos na súa competencia de saneamento e depuración, dotando das infraestruturas hidráulicas necesarias para garantir a calidade das nosas augas e o saneamento e a depuración das augas das rías galegas.

Empezamos pola planificación. Para realizar infraestruturas que solucionen é necesario ter unha planificación para definir esas intervencións. Neste sentido, a planificación para nós foi unha cuestión capital, e dende o ano 2009 foron unha cuestión fundamental eses plans de saneamento local que fomos elaborando ría por ría, o que requiriu anos de tramitación, pero esa programación, esa planificación foi fundamental para que hoxe poidamos dar conta de todos eses resultados.

Dos resultados globais dende o ano 2009 hai indicadores moi claros. Na capacidade de depuración, pasamos de ter unha capacidade de depuración dun millón de habitantes no ano 2009 a ter unha capacidade de depuración no ano 2022 de dous millóns de habitantes. Polo tanto, duplicamos dende o ano 2009 a capacidade de depuración, e por iso a calidade das augas nas rías galegas están moito mellor que no ano 2009.

É unha evolución moi positiva, que se debe a ese investimento e ese tratamento das augas residuais coa dotación das estacións depuradoras, porque a depuración é vital, dende logo, para as garantías da calidade das augas, para garantir as actividades económicas. Pero non soamente a depuradora é vital, tamén o é a rede de colectores, que funcionen igual que ten que funcionar a depuradora.

A evolución dende logo que é salientable nas nosas rías, parámetros da Directiva 91271, que son moi rigorosos, pero que os cumprimos. E nese sentido, un dato máis: dende o ano 2007 —que nese ano só tres de cada dez depuradoras cumprían os parámetros da Directiva euro-

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pea 91271— ao día de hoxe pois son nove de cada dez depuradoras as que cumpren a Directiva 91271, de saneamento de augas residuais. Polo tanto, un salto de xigante no cumprimento da depuración nas rías galegas.

Outro indicador: a catalogación das zonas de produción de moluscos, imprescindible para a Xunta de Galicia. No período 2009-2022 melloramos a clasificación microbiolóxica en todas as zonas de produción: corenta e dúas zonas melloraron a clasificación, vinte e seis son zonas de produción de moluscos infaunais e dezaseis son de polígonos de bateas. As zonas A en conxunto, polo tanto, pasaron de representar o 3,1 por cento do total en 2009 a supoñer máis do dezanove por cento a finais do ano 2022.

E, señorías, non podo deixar de salientar, dende logo, o Programa de control de vertidos, no que levamos investidos vinte e dous millóns de euros dende o ano 2009. E dende a súa posta en funcionamento logramos emendar seiscentos vinte e seis puntos de verteduras contaminantes nas rías galegas. Con esta ferramenta, que implantou este goberno no ano 2009, conseguimos ademais que a porcentaxe de verteduras nas nosas rías se reducise a máis da metade; só un catorce por cento agora hai de vertidos que sexan contaminantes nas rías galegas, que seguimos traballando cos concellos para continuar avanzando na súa eliminación. Porque o certo é que toda a actividade humana xera afección, e por iso hai que implantar programas para minimizar todo o posible esa afección dos vertidos.

Emendamos seiscentos vinte e seis puntos de vertidos contaminantes nas nosas rías galegas, e seguimos traballando. Primeiro, hai que identificar os vertidos e eliminalos. E eses vertidos que teñen que seguir existindo, pois que cumpran parámetros de vertidos. E xa me adianto ao que van dicir vostedes: como hai moitos máis vertidos identificados, hai moita máis contaminación. É que non é así. Que haxa máis vertidos identificados significa que o Programa de control de vertidos funciona porque hai moitos vertidos —como xa dixen nesta Cámara— que teñen que seguir existindo. Unha depuradora é un vertido. Polo tanto, unha depuradora ten que seguir depurando pero vertendo cumprindo os parámetros das directivas europeas.

Polo tanto, o Plan de control de vertidos funciona e somos das comunidades autónomas que teñen un plan, un programa de control máis exhaustivo, máis completo e eficaz para reducir as verteduras nas súas rías e nos seus ríos. Gustaríame, dende logo, que as confederacións tamén fixeran un programa similar a este Plan de control de vertidos para axudar os concellos a eliminar os vertidos, non para sancionar os concellos; para axudar os concellos a eliminar os vertidos, que é o que facemos con este Programa de control de vertidos.

O seguimento da calidade da auga é un aspecto relevante onde conseguimos fitos importantes. A tendencia xeral tamén todos estes anos foi realmente positiva, son tres parámetros os que temos en conta: calidade do marisco, cumprimento dos parámetros microbiolóxicos e cumprimento dos criterios fixados para as zonas de baño. E hoxe podemos dicir que no ano 2009 o bo estado era do cincuenta e nove por cento, e hoxe podemos dicir que o bo estado é do setenta e oito por cento; polo tanto, un salto importante do ano 2009 ao 2023 no que atinxe ao bo estado e á calidade das augas.

Non estamos sendo triunfalistas, estamos a falar dun intenso traballo; son resultados obxectivos cuantificables e que están á súa enteira disposición. Porque é unha realidade todo o

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que levamos facendo dende o ano 2009. E con todo ese traballo que funcionou logramos evitar esa sanción millonaria europea que pesaba na ría de Pontevedra, *(Aplausos.)* logramos evitala, porque non lles fixemos caso a algúns de vostedes. E nesa Estratexia de saneamento das rías galegas que se aprobou no Consello da Xunta temos un horizonte completo no ano 2027 para seguir traballando na mellora da calidade das augas das rías galegas e no saneamento integral das rías galegas. E a experiencia e o resultado indícannos que imos polo bo camiño.

E esas liñas estratéxicas para o ano 2027 indícoas, temos unha estratexia clara: Programa de control de verteduras, porque ten demostrado que funcionou. Insisto: gustaríanos nos concellos que teñen que sufrir a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil que tivesen un programa similar para axudar os concellos e non sancionar. Programa de control de verteduras, Programa de seguimento de calidade das augas, plans de saneamento local, onde investimos seis millóns de euros para eses plans de saneamento local; unha análise exhaustiva, un diagnóstico claro. Levantamos arqueta a arqueta neses concellos onde fixemos eses plans de saneamento integral, identificando as deficiencias, identificando os programas de actuacións e priorizando as obras necesarias.

A ría de Arousa e a ría do Burgo marcaron o camiño. Aí implantamos unha metodoloxía pioneira en materia de planificación para o saneamento das rías galegas. Identificamos palmo a palmo cada sistema de saneamento en cada concello, levantando arqueta a arqueta, identificando cada colector, identificando as infiltracións, identificando os problemas, modelizando todo o sistema, e, a partir de aí, a solución. Unha planificación pioneira, que é o que imos seguir facendo no resto das rías galegas.

Foi un esforzo enorme, titánico, que supuxo que realizásemos e executásemos moitísimas infraestruturas de depuración axudando os concellos nesta competencia tan complexa que teñen outorgada pola Lei de bases de réxime local. En trece anos, mil cen millóns de euros investidos en saneamento e en depuración nas rías galegas; polo tanto, nos concellos do noso litoral.

Son infraestruturas claves para a mellora da calidade das augas, para cumprir os requisitos medioambientais. E tamén xa lles adianto que, por suposto, tamén é clave, ademais de executar infraestruturas, conservalas e explotalas adecuadamente, para que sigan cumprindo os parámetros de vertido.

E o certo é que facer todas estas infraestruturas e realizar todo este investimento non foi un camiño fácil; foi un camiño complexo, longo, de moitísima tramitación, dun elevado custo económico. Pero unha tramitación realmente complexa por todos eses permisos e autorizacións que temos que recabar, na que necesitamos a axuda dos concellos porque son os titulares das infraestruturas, e logo licitar, adxudicar e executar, e poñelas á disposición dos concellos, que son os últimos encargados de explotar e manter estas infraestruturas que se fan.

Dende logo, o traballo da Xunta foi decisivo para este salto tan importante no saneamento das rías galegas e foi decisivo tamén para conseguir os fondos europeos. E vou dar un breve repaso do traballo feito en cada unha das rías galegas. Temos moi pouco tempo, non podo determe, levaría moitísimo tempo. *(Murmurios.)* Vou dar un breve repaso nas rías galegas,

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

podería estar aquí moito tempo explicándolle a cada un de vós todo o traballo feito nas rías galegas.

Na ría de Vigo, á que dedicamos o maior investimento, pois dedicamos máis de douscentos millóns de euros no período 2009-2022. O investimento unicamente na estación da depuradora, o que aportou a Xunta de Galicia, foron case oitenta millóns de euros á depuradora do río Lagares. E tamén temos previsión de seguir investindo na ría de Vigo. Dende logo, a entrada en servizo da depuradora do Lagares no ano 2017 supuxo coroar o saneamento no exterior da ría de Vigo. É, polo tanto, un fito realmente importante.

Na ría do Burgo, da Coruña —como dicía—, metodoloxía pioneira no Plan de saneamento local, cento setenta millóns de euros investidos pola Xunta de Galicia. Fomos quen de axudar e fomos clave para que se puxese en servizo a depuradora de Bens. Polo tanto, tamén fitos importantes no saneamento da ría do Burgo e na ría da Coruña.

Na ría de Ferrol, cento sesenta millóns de euros. Fomos quen de axudar o Goberno de España, que era o competente, aportando cartos e aportando tamén solucións técnicas para a depuradora de cabo Prioriño. Tamén o saneamento na Malata. E temos a previsión de investir catorce millóns máis.

Na ría de Arousa —tamén unha ría na que implantamos esa metodoloxía pioneira dos plans de saneamento local—, cento vinte millóns de euros investidos. Puxemos en servizo a depuradora de Ribeira, puxemos en servizo —este goberno e non o Bloque Nacionalista Galego— a depuradora de Rianxo. E temos tamén previsións a cinco anos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, ¿non foi a Xunta de Galicia quen executou a depuradora de Rianxo? Corenta e catro millóns de euros previstos tamén para os próximos anos na ría de Arousa.

Na ría de Pontevedra, dende o ano 2009, moitos investimentos executados con moito esforzo, cen millóns de euros. Pero a clave: executamos os trinta millóns de euros para a mellora da depuradora dos Praceres e para a mellora do emisario, que foron fundamentais para evitar esa sanción millonaria da Unión Europea.

Na ría de Baiona tamén executamos e puxemos en servizo a depuradora de Baiona.

Na ría de Muros-Noia pois a depuradora de Esteiro, executada e en servizo; a depuradora de Muros, executada e en servizo; a de Porto do Son, pois igual.

Na ría de Corcubión tamén obras de saneamento nos diferentes concellos de Cee, Corcubión, Fisterra e Carnota.

Na Costa da Morte tamén investimentos realizados: depuradoras como a de Laxe e a de Ponte do Porto, a de Malpica, etc.

En Ares-Betanzos, tamén investimentos. Puxemos en servizo a depuradora de punta Avarenta, a de Ares —que sanea todos os concellos de Ares, Fene e Mugardos—, a depuradora de Gandarío tamén, en Bergondo.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Na ría de Cedeira tamén investimentos, coa depuradora de Cedeira á disposición, executada e en servizo e que xestiona Augas de Galicia.

Na ría de Ortigueira tamén executamos infraestruturas de depuración: a depuradora de Cariño e os colectores de Ortigueira. Polo tanto, investimentos na ría de Ortigueira.

E nas Rías Altas tamén diversas actuacións. Como saben, a depuradora de Viveiro, recentemente rematada, os colectores de Viveiro, a EDAR de Xove, a EDAR de Cervo, o emisario de San Cibrao, a depuradora de Ribadeo.

Polo tanto, un breve repaso no que me podería estender moitísimo máis de todo o traballo feito en cada unha das rías galegas. Traballo que case tivemos que facer en solitario por parte da Xunta de Galicia. Polo tanto, moito traballo feito, queda por facer e queremos seguir afondando, porque o certo é que o saneamento das rías galegas ten que ser un traballo continuo. As infraestruturas hai que executalas, pero as infraestruturas tamén hai que conservalas, hai que explotalas e mantelas en boas condicións.

E temos un obxectivo ambicioso para seguir traballando: o ano 2027 —puxemos unha data: 2027, non temos que perder—. E, nese sentido, no ano 2027 queremos acadar ese cen por cento do bo estado da calidade das augas das nosas rías galegas. E pedimos colaboración a todas as administracións que necesitamos que informen e que axuden.

Non temos tempo que perder e, nese sentido, no día de hoxe temos quince grandes contratos de obras en execución nas rías galegas que supoñen 66,4 millóns de euros. Polo tanto, quince grandes investimentos que estamos executando con 66,4 millóns de euros para seguir avanzando no saneamento integral das rías galegas. Actuacións tan relevantes como a depuradora en Foz, a depuradora en Viveiro, o saneamento en Celeiro, o saneamento en Cedeira, as tres fases de saneamento en Pontedeume, en Cabana e tamén o saneamento en Brens, os colectores en Cee-Corcubión, a depuradora en Queiruga —en Porto do Son—, o saneamento en Vilagarcía, a rede de colectores de Vilagarcía —que acabamos de comezar—, a depuradora de Cambados, as melloras da depuradora de Soutomaior e Vilaboa e o novo emisario dos Praceres, que se vai poñer en servizo proximamente e que está a piques de culminar.

E non nos conformamos, queremos seguir traballando. E temos programadas novas actuacións previstas nesta estratexia que acabamos de aprobar no Consello da Xunta para o saneamento das rías galegas, período 2023-2027; douscentos vinte e oito millóns de euros que temos previsto neste período para seguir traballando no saneamento nas rías galegas.

¿Esa planificación futura? Pois, aí está. En licitación a depuradora de Sada. É unha obra que queremos adxudicar, executar e poñer á disposición do concello para que a explote nas mellores condicións e dar un salto tamén nesa ría. O río Sardiña en Ferrol. Os colectores en Cambados, tamén proxecto de futuro.

Proxectos xa redactados, como os colectores de saneamento en Burela; proxecto tamén redactado e en tramitación da depuradora de Burela; a mellora da depuradora de Noia, tamén obra que imos realizar proximamente; ou a ampliación da depuradora de Vilagarcía.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En relación con outros proxectos, a nova depuradora en Cee, a nova depuradora de Arcade. O sistema en Poio e en Marín conta cun proxecto que tamén temos que seguir desenvolvendo, que é a ampliación da depuradora dos Praceres.

Polo tanto, se temos que resumir, o esforzo técnico e económico é inmenso, é titánico, pero mereceu a pena todo este traballo con todos estes resultados. Mobilizamos mil cen millóns de euros para investir nas rías galegas, en execución sesenta e seis millóns de euros, e para 2027 a previsión é de executar infraestruturas por douscentos vinte e oito millóns de euros. Polo tanto, investimentos realmente importantes, inxentes, executados ou que están en execución os que prevemos no futuro para o ano 2027.

E volvo insistir en que non ten sentido ningún facer todas estas depuradoras se logo non se ten un correcto mantemento e explotación destas infraestruturas. E por iso insistimos e prevemos nesta estratexia que é fundamental a xestión profesionalizada da explotación das infraestruturas hidráulicas para mellorar o saneamento, porque iso significa mellorar a calidade das augas.

Temos vinte e oito depuradoras, que son as que asume Augas de Galicia por petición dos concellos, porque ningún concello puxa para que lle devolvamos a depuradora. Que o saiban vostedes: ningún concello quere que estas vinte e oito depuradoras que explotamos nós as devolvamos aos concellos. Estamos abertos, ofrecémolas moitas veces pero non queren. Por algo, dende logo, será.

Vinte e tres desas depuradoras están en zonas costeiras. E, nese sentido, preto de vinte e oito millóns de euros destinámolos á explotación e ao mantemento destas vinte e tres depuradoras que están no noso litoral en Galicia. O control desas depuradoras para mellorar a calidade das augas das nosas rías. Porque —insisto— é importante que as infraestruturas, ademais de facelas, funcionen ben.

E, señorías, ás liñas de actuación que acabo de mencionar tamén hai que engadirlles obrigatoriamente que deben de vir acompañadas de cambios normativos necesarios para seguir avanzando. E non escatimamos no desenvolvemento lexislativo necesario para adoptar esas medidas que eran importantes para seguir avanzando no saneamento das rías galegas e, por suposto, na calidade das augas das nosas rías e os nosos ríos.

Non cabe dúbida de que foi importante a Lei de augas de Galicia no ano 2010, onde renovamos os instrumentos axeitados, ordenamos, autorizamos, controlamos e fixemos un novo marco para as instalacións hidráulicas. Recentemente o Plan hidrolóxico de Galicia-Costa 2021-2027, que case tardou un ano o Goberno de España en aprobalo, porque dende a Xunta de Galicia xa o tiñamos aprobado en maio do ano pasado, e non foi ata hai moi pouco cando o Goberno de España, por fin, o publicou no *Boletín Oficial do Estado*, pero que é unha medida, é un plan realmente importante para seguir avanzando na mellora da calidade das augas. Duascentas doce medidas, 1.885 millóns de euros co obxectivo de garantir que o cen por cento das masas de auga acaden o bo estado no ano 2027.

Outra normativa realmente importante é a Lei para a mellora do ciclo integral da auga, que é o colofón de todas as actuacións relacionadas coa xestión da auga feitas ata o momento.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Será un antes e un despois no apoio aos concellos nunha tarefa fundamental, que é a correcta explotación das infraestruturas hidráulicas. Un novo modelo de xestión para garantir a calidade das augas, para garantir a eficiencia dos servizos relacionados coa auga e para garantir a súa viabilidade. Un modelo para alcanzar unha xestión sostible e profesionalizada da auga e cumprir, por suposto, coas exixencias europeas nas rías galegas e no resto do territorio. Pese a que leva moi pouco en vigor, o certo é que xa son moitos os concellos que petan na porta solicitando a aplicación desta lei, e mesmo recentemente concellos como Rianxo ou concellos como Muxía nos pediron que apliquemos nos seus concellos esta lei, porque se queren adherir a este modelo, que ven realmente positivo para mellorar a xestión da auga nos seus concellos.

Eu vou rematando xa para dar paso ás súas intervencións, insistindo en que mobilizamos mil cen millóns de euros de investimento para mellorar de xeito notorio o saneamento das rías galegas e, o fundamental, para mellorar de xeito notorio a calidade das augas nas rías galegas. Ese investimento global de mil cen millóns de euros son novecentos dez millóns para obras, que están postas á disposición dos concellos costeiros; cento sesenta millóns de euros destináronse á xestión das infraestruturas construídas; vinte e tres millóns de euros a axudar os concellos na explotación das instalacións; case sete millóns de euros á planificación destas infraestruturas, que a planificación é fundamental. E douscentos vinte e oito millóns de euros para o seguinte período 2023-2027, aos que hai que sumar os sesenta e seis millóns de euros que temos en execución para conseguir ese obxectivo que nos plantexamos e que nos propoñemos no ano 2027 de acadar o cen por cento do bo estado da calidade das augas no noso litoral.

E a constancia é obrigada para seguir avanzando no saneamento, para seguir avanzando na calidade das augas. Se non hai continuidade o certo é que non hai... Se non hai unha actualización constante, non poderemos alcanzar os obxectivos que nos propoñemos. Esa constancia, ese seguimento, ese traballo foi o que nos permitiu reverter ese procedemento sancionador da Unión Europea que pesaba na ría de Pontevedra, e conseguimos evitar esa multa millonaria que pesaba sobre esa ría. E vén confirmar que todo o que fixemos funcionou e que temos que seguir por este camiño.

Aí están os feitos, aí están os resultados cuantificables, medibles de todo o feito, do que queremos elaborar para o ano 2027, que temos unha folla de ruta clara e sabemos o que hai que facer, pero o certo é que non o podemos conseguir sós. E, nese sentido, é imprescindible a colaboración. E, nese sentido, vou pedir, dende logo, sentido común ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, fundamental para poder chegar antes ao saneamento integral das rías galegas, e, polo tanto, colaboración ao resto das administracións para conseguir o noso propósito, que é no ano 2027 o cen por cento das masas de auga das nosas rías galegas en bo estado.

Pola miña parte, nada máis e agardo as súas intervencións. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, despois de escoitala, reafírmome na miña conclusión de que tenden vostedes moito máis a ocultar a contaminación que a combatela. Son vostedes un goberno tóxico que fai a vista gorda ante a contaminación, a pesar de que a Xunta ten orzamento, incluíndo cuantiosos fondos europeos; ten medios, por exemplo, case as duascentas persoas que traballan en Augas de Galicia, e ten plenas competencias medioambientais e a obriga de loitar contra a contaminación. Pero a carga contaminante medra cada ano desde hai máis dunha década, a carga que reciben os nosos ríos e rías, ata o punto de que afecta cada vez máis a situación marisqueira das nosas rías, en rías como as de Muros e Noia, Ferrol ou Arousa, aínda que a Xunta non quere recoñecelo.

Xa non digamos a situación ambiental dos nosos ríos, que, como sabe, desembocan nesas auténticas xoias —niso estamos de acordo— e fontes de riqueza que son as dezaoito rías de Galicia.

Por certo, chámame moito a atención que vostede saque peito da situación da ría de Pontevedra, cando segundo os seus propios datos hai vinte e tres puntos de vertido que son ou contaminantes ou moi contaminantes, sen contar os que, segundo vostedes, cumpren os parámetros que multiplican por catro esa cifra, e sen contar a contaminación do Lérez, que desemboca e vai parar á ría de Pontevedra.

Unhas rías que deberan estar saneadas desde hai vinte anos, pero reciben centos e centos de vertidos contaminantes cada ano, ademais da contaminación deficientemente tratada polos parques empresariais, polígonos industriais e vilas do noso territorio.

A Xunta di que ten un inventario permanente de puntos de vertido e di ademais que ten unha ficha de cada un deses puntos de vertido, que son máis de dez mil. Pero esas fichas están ocultas e son inaccesibles para a cidadanía. A única información dispoñible sobre a contaminación está na Memoria de Augas de Galicia, segundo a cal en 2012 había 1.196 puntos de vertido contaminantes ou moi contaminantes en Galicia, e en 2021 —último ano do que hai datos— había 1.025. Así que a pesar do diñeiro, dos inxentes fondos europeos que vostede di que investiron —agora di tamén «mobilizamos», que é o mesmo que investir, como sabe vostede—, só conseguiron reducir o número de puntos de vertido contaminantes un dezaseis por cento nunha década. Iso se nos fiamos dos seus datos. Permítame que lle diga que eu non me fío, porque son totalmente opacos e inconsistentes, basicamente reducidos a un pequeno cadro que aparece na Memoria de Augas de Galicia, no que se ofrecen unhas cifras que non están detalladas nin especificadas, que son absolutamente imposibles de verificar. Por tanto, a súa xestión da contaminación en Galicia é en moitos aspectos terceiromundista. Non hai datos abertos, non hai nin sequera un mínimo de transparencia, as sancións son escasísimas porque din que a súa prioridade é corrixir en troques de sancionar, pero se non sancionan dificilmente van corrixir o problema. E o problema medra e medra ata afectar a riqueza marisqueira de Galicia, da que dependen tantas e tantas familias.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostedes o que fan principalmente en materia de contaminación é facer a vista gorda, ata o punto de que ten que ser a Fiscalía a que denuncie penalmente unha grande empresa conserveira por contaminación continuada e delito ecolóxico. Non sei en que quedará esa denuncia ou en que quedou xa. Pero non porque vostedes fagan o seu traballo, senón porque a xente do común si que o fai, e fai o que deberan facer vostedes en troques de facer a vista gorda.

Vén vostede anunciar aquí unha estratexia de saneamento e depuración das rías ata o 2027. Anuncia investimentos de ata douscentos vinte e oito millóns, aínda que hoxe deu outras cifras —esa foi a que foi dando anteriormente—, e di que en trece anos, entre o 2009 e o 2022, investiron en obras hidráulicas mil cen millóns de euros. Aínda que —insisto— vostede agora di que os «mobilizaron», non os investiron.

É unha especie de cifra máxica que lle gusta repetir cada ano, pero a realidade é que non cadran as contas cando as cotexamos coas cifras dos orzamentos da Xunta de Galicia e coa súa execución. Non cadran en todo caso, pero non é unha cifra para sacar peito, tendo en conta os fondos europeos inxentes que vostedes reciben cada ano, a situación de contaminación das rías e ríos de Galicia e as necesidades dos nosos núcleos de poboación en canto ao seu saneamento.

Supoñamos que esa cifra fose certa, esa que repetiu vostede nalgunha ocasión, douscentos vinte e oito millóns. Ben, iso implica corenta e cinco millóns por ano ata o ano 2027. Se damos por boa a cifra de mil cen millóns que din que investiron en trece anos, pois serían oitenta e catro millóns e medio cada ano anteriormente, e agora van pasar a corenta e cinco millóns, o cal implicaría un descenso do oitenta e oito por cento.

Pero, en todo caso, son unhas cifras que dá vostede alegremente; non sabemos realmente do que fala vostede. Pois entón hai que ir aos feitos en materia de contaminación:

Feito número 1. Non hai forma de atopar a súa estratexia da que vén falar hoxe. Eu non descarto que exista, porque falan dela, pero nin na páxina de transparencia da Xunta nin da de Augas de Galicia nin na da súa consellería aparece unha estratexia que debera ser pública e da que estamos falando hoxe. Así que o primeiro que lle teño que dicir é que non é serio nin propio dun país civilizado no século XXI estar falando neste Parlamento dunha estratexia que non aparece por ningún sitio e que ningún cidadán nin este deputado pode atopar. Aproveito para preguntarlle: ¿está a súa estratexia clasificada como secreta baixo a Lei de segredos oficiais talvez?

Feito número 2. A súa estratexia é inmediatamente posterior ao debate que tivo lugar neste Parlamento sobre a autorización do vertido da mina de San Fins, inmediatamente posterior á manifestación que concentrou milleiros de persoas esta fin de semana en Noia. E non creo que este feito sexa casual, porque dá a impresión de que ante a situación de San Fins sacan vostedes esta estratexia a modo de coello da chisteira para dicir que fan algo en materia de contaminación. Invitei no último pleno o vicepresidente da Xunta a beber un vaso da auga tratada da mina de San Fins, xa que a directora de Augas de Galicia di que practicamente é potable; iso díxoo na radio. E, se a vostede lle parece, fágolle extensiva a invitación, dado que o departamento é da súa competencia, Augas de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Feito número 3. Segundo os datos de Augas de Galicia, os seus datos, desde o ano 2009, apenas se reduciron —como lle dixen— os puntos de vertido contaminantes nos ríos e nas rías de Galicia, que eran mil vinte e cinco no ano 2012 e superan os mil oitenta e dous —se non lembro mal— no ano 2021, último ano do que hai datos, porque non temos do ano 2022, non aparecen os datos aínda na súa páxina web. Iso supoñendo que creamos eses datos, porque nin son abertos nin son transparentes nin son verificables, nin esas supostas fichas que din que teñen vostedes dos puntos de vertido son de acceso público, porque son exactamente igual —que parece ser a súa estratexia— secretas, igual que os datos das estacións de análise que teñen nos ríos e nas rías, que, ademais de ser poucas, proporcionan información tamén secreta, que vostedes non fan pública.

Polo tanto, ocultan vostedes sistemática e deliberadamente a información sobre contaminación dos ríos e rías de Galicia. En troques de combater a contaminación, —como lles digo— o que fan é basicamente ocultala.

Feito número 4. Segundo a Unión Europea, incumpren a normativa de nitratos da propia Unión Europea oito comunidades autónomas en España; unha delas, precisamente, Galicia. O último informe elaborado polo Miteco sobre contaminación da auga por nitratos entre os anos 2016 e 2019 revela que os datos de contaminación de masas de auga superficial en Galicia son alarmantes e van en aumento, sendo de feito a zona con maior aumento da contaminación de augas superficiais continentais por nitratos do Estado, como pode vostede observar perfectamente se mira o mapa que aparece nese informe na páxina 38. E tamén anuncia ese informe que Galicia, para variar, é a comunidade que menos información proporciona e que non ten ningún plan de actuación a respecto da contaminación por nitratos.

Feito número 5. En 2021, que é o último ano do que temos algún dato na Memoria de Augas de Galicia, na ría de Muros e Noia, houbo sesenta vertidos ou puntos de vertido contaminantes ou moi contaminantes; algunha relación co descenso da produción marisqueira haberá, pero vostedes din que non. Na de Arousa, cincuenta e cinco puntos de vertido contaminantes; pois algunha relación co descenso da produción marisqueira haberá, pero vostedes din que non. Na de Ferrol, un moi contaminante, vinte e seis contaminantes; algunha relación haberá coa caída a plomo da produción marisqueira na ría de Ferrol, vostedes din que non. Só por poñer tres exemplos das dezaoito rías de Galicia. Se en tres das rías máis importantes desde o punto de vista marisqueiro hai cento corenta e dous puntos de vertido moi contaminantes ou contaminantes, e, ademais, hai seiscentos dezanove que segundo vostedes cumpren os límites, pero cumprir os límites non significa non contaminar, aínda que vostedes din que non teña que ver coa caída da produción marisqueira, pois parece que algo terá que ver.

Feito número 6. Hai depuradoras como a de Noia, á que vostede aludiu, que din vostedes que van mellorar —levan con esa matraca non sei cantos anos—, que verten practicamente a cachón a maior parte do que sae de Noia e non se depura a cen metros ou douscentos metros da praia, onde hai un importante banco marisqueiro, como vostede sabe. Agora, autorizan vostedes o vertido de novecentos mil metros cúbicos de augas tratadas da mina de San Fins, que antes de ser tratadas teñen elevados niveis de metais pesados.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para rematar, falan vostedes de compromiso investidor. Na ría da Coruña chegaron a mariscar dúas mil persoas, hoxe non chegan a cen, fundamentalmente pola contaminación. O Goberno de España está financiando integramente a rexeneración integral desa ría con obras que vexo todos os días en marcha diante da miña casa; «obras son amores». O Goberno de España pon trinta e dous millóns para a rexeneración da ría da Coruña e vostedes poñen cero euros. Cero euros é o compromiso coa rexeneración dunha ría tan importante como a da Coruña, e o mesmo que teñen coa loita contra a contaminación en Galicia. Compromiso, cero.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Señora conselleira, ¿ve esta foto?, *(O señor Bará Torres amósalle á señora Vázquez Mourelle unha fotografía.)* ¿pode vela desde aí? Son miles de persoas manifestándose esta pasada fin de semana en Noia, manifestándose contra vostedes, contra a Xunta de Galiza, contra Augas de Galiza, porque están en contra da autorización da vertedura de máis de seiscentos mil metros cúbicos de augas residuais industriais acumuladas na mina de San Fins, augas contaminadas con cadmio, con cobre e con cinc. ¿Así é como queren vostedes sanear a ría de Noia, señora conselleira? Pois xa lle dicimos que así non, así non llelo imos permitir.

Señora Vázquez, esta comparecencia temos que dicirlle que chega con atraso, con moito atraso, e o atraso non é porque vostedes aprobaran xa esta estratexia que ten o nome rimbombante de «Estratexia de saneamento e depuración das rías galegas», que vén sendo unha separata do Plan hidrolóxico, que vostedes trocean e colocan no mercado para vender no seu plan de propaganda con fogos de artificio. Non, porque vostedes xa a aprobaran o pasado 12 de xaneiro no Consello da Xunta. Por certo, non tiveron o detalle de mandarnos unha copia ao Parlamento, cousa que lle agradeceriamos; doulle unha idea por se queren enviárnola.

Digo que chega con atraso porque chega con oito anos de atraso; vostede vén aquí con oito anos de atraso. Voulle dar uns titulares para facerllo acordar, mire: «*La Xunta inicia la regeneración de las rías para mejorar la actividad marisquera*», «*Medio Ambiente pone en marcha el Plan de saneamiento que espera completar en 2015*». ¿Saben de cando é este anuncio? Pois esta estratexia, como a que veu vostede presentar hoxe aquí, é de febreiro do ano 2010. É dicir, vostede veu presentar o mesmo que anunciaron no ano 2010, que ían ter as rías niqueladas no ano 2015, (*Aplausos.*) e agora dinos que vai ser para 2027. E vostede era, naquel momento —recórdolle—, a directora ou presidenta de Augas de Galiza. Ten vostede moita responsabilidade nesta materia.

Outro titular: «*Completar el saneamiento y la depuración de Galicia en seis años costará 410 millones*». ¿Sabe de cando é este anuncio?, ¿sabe de cando é? Non é destes días pasados que

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vostede anunciara, é do ano 2015. Vostedes ían ter de novo as rías como patenas en 2021, e agora vén vostede outra vez aquí co mesmo anuncio para o 2027. Isto non é seriedade, señora conselleira, non é seriedade. Vostedes teñen a credibilidade polo chan, teñen a credibilidade afundida baixo toneladas de contaminación.

E como planificadores, como previsores, con estas previsións que facían a 2015-2021, son moi malos, e como xestores son peores. Porque teño que recordarlles tamén que en 2015 caducou o Plan de saneamento de Galiza, e resulta que estamos desde o 2015, levamos oito anos, sen Plan de saneamento. Vostedes adxudicaron o novo Plan de saneamento no ano 2021, pero só adxudicaron a primeira fase, que é diagnose, e aínda non a temos en 2023. ¿Cando pensan entregarnos a diagnose do Plan de saneamento para ver o que hai que facer en todo o país en materia de saneamento? Porque vostedes o que van é poñendo parches, non teñen aínda unha planificación.

E son tamén malos xestores porque non son nin sequera capaces de executar o orzamento, e podería poñerlles moitos exemplos que están postos por escrito no *DOG*, despois se teño tempo, pois nós si que temos o tempo limitado, non coma vostede, que o ten sen límite, pero poñereille algún exemplo.

Voulles dar uns datos do malos que son executando os orzamentos, ao que lle hai que poñer un moi deficiente. Iso xa pasou cos fondos Feder. Por certo, que o puxeron vostedes en documento oficial, trinta e sete por cento de execución no ano 2021, do período 2014-2021. Xa sei que lle botan a culpa ao chachachá, pero 2014-2021, e tiñan os fondos medioambientais de saneamento no trinta e sete por cento. Cento quince millóns sen executar.

Pero, ademais, podo dicirlles que o programa 542A, de planificación e xestión hidrolóxica, é un dos peores en execución da Xunta de Galiza, ano 2008, orzamento inicial: trinta e oito millóns, e resulta que ao final foi de doce millóns, porque vostedes chapodaron esa partida en vinte e cinco millóns de euros, porque non eran capaces de executala, vinte e cinco millóns de euros menos no ano 2018; no ano 2019, 20,2 millóns menos que reduciron esa partida; no ano 2020, seis millóns menos; no ano 2021, 11,4 millóns menos. En total, neses catro anos: 67,3 millóns de reducións orzamentarias na partida de planificación e xestión hidrolóxica, coa cantidade de necesidades que hai de saneamento e depuración do abastecemento no país.

¿Como lle chamamos a isto? É un balance de xestión desastrosa. Por certo, no 2021, o sesenta por cento de execución nesa partida. É dicir, nin sequera despois de reducir a partida conseguiron executala máis que nun sesenta por cento. Isto chámase incompetencia, chámase incapacidade, chámase ineficiencia; (*Aplausos.*) estas son as tres palabras que máis alá da propaganda, dos xogos de artificio, do autobombo, do botafumeiro co que vén vostede aquí, porque a verdade é que autocrítica moi pouca. Señora conselleira, botamos de menos esa autocrítica. ¡Pois ese é o balance!

Ademais, podemos remitirnos aos datos do Plan hidrolóxico, señora conselleira; é que vostedes poñen iso no papel. Vostede veu contarnos aquí unha trola. Vostede díxonos que despois de incumprir no ano 2015, despois de incumprir no ano 2021, despois van tamén

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

incumprir no ano 2027. Ben, iso está nos documentos, que despois lle podo ler, «Obxectivos ambientais para o 2027». ¿Ten vostede este documento? A cantidade de masas de auga que din vostedes que tiñan que cumprir no 2015 e 2021, e agora atrasan para o 2027. Algunhas delas, por certo, que xa dixeran que cumprían no do ano 2015, e que son as que están declaradas zonas sensibles, as que están declaradas zonas C na súa maioría.

Pero é que desmente unha cousa que dixo vostede aquí. Vostede dixo que o setenta e seis por cento das masas de auga cumprían os parámetros da calidade, e que para o 2027 o obxectivo era o cen por cento, dixo vostede iso, ¿ou non?, ¿díxoo vostede? Voulle dicir o que pon o Plan hidrolóxico, o Plan hidrolóxico pon o seguinte: «No Plan hidrolóxico 2015-2021, o 76,6 por cento das masas de auga estaban en bo estado, mentres que no terceiro ciclo, é dicir, ata o 2027, esta porcentaxe ascende ao 77,8 por cento». É dicir, que vostedes propoñen o obxectivo de pasar do 76,6 ao 77,8 por cento de aquí ao 2027. Pero este é un dato ridículo. Vostede está falando do cen por cento. Van subir un punto e pico a mellora da calidade das augas, se non non o terían aprobado. É que está posto aquí nun documento oficial de Augas de Galiza, señora conselleira (*Aplausos.*) ¿Como nos pode dicir o cen por cento se vostede di que van subir un punto e pico?

E iso a pesar de dicir vostede —repetiron outra vez— que investiron mil cen millóns de euros. Pero están recoñecendo que son moi malos xestores e moi malos executores, porque non vale con facer só infraestruturas, hai que facelas ben e hai que velar por que funcionen ben, porque se non vai seguir habendo vertidos, como vostede recoñece. Por certo, actualicen o dato dos mil cen millóns de euros, porque levan dicindo esta cifra desde o ano 2019, e supoño que de 2019 ao 2023 algún investimento máis farían. Actualice a cifra, porque ao mellor dálle un pouco máis o resultado.

Vertidos contaminantes. Non son vertidos. Di vostede é que ten que haber vertidos. Ben, por certo, que me quedou pendente do anterior. É que din vostedes que o seis por cento das masas de auga van empeorar. ¿Como pode ser isto? Que recoñezan nun documento público oficial, Plan hidrolóxico Galiza-Costa, que o oito por cento vai mellorar e o seis por cento vai empeorar, páxina 42 —dígoo para que a consulten— do resumo que teñen vostedes colgado na páxina de Augas de Galiza.

Vertidos contaminantes nas rías galegas, datos oficiais tamén —contaminantes, non vertidos, contaminantes, por contaminación química e por contaminación microbiolóxica—, douscentos sesenta e cinco, en 2019 eran douscentos cincuenta e sete; é dicir, que imos a peor. E as rías que teñen máis vertidos contaminantes son precisamente as máis produtivas, son a ría de Noia-Muros e a ría de Arousa. E vostede presume diso, pero só o dezanove por cento das cento trinta e unha zonas de marisqueo teñen clasificación A, que son aptas para o consumo directo. É dicir, hai 104 que non son aptas para o consumo directo. E temos unha cuarta parte das masas de auga en mal estado.

Ademais, por se non fora suficiente, vostedes acaban de recoñecer que tiveron que incrementar as zonas sensíbeis, que pasaron na última declaración de catro a sete. Tiñamos en Pontevedra dúas mil unha zonas sensíbeis, é dicir, que leva vinte e dous anos a ría de Pontevedra como zona sensíbel e vostedes non foron...

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moi ben que pararon a sanción. Por certo, hai catorce máis no Tribunal da Unión Europea agardando, á parte dos catro millóns que tiveron que pagar vostedes pola súa mala execución e xestión das obras. Querían que as pagasen os concellos, e o Tribunal Supremo díxolles que tiña que pagar a Xunta de Galiza as multas pola depuradora de Ribeira e a depuradora de Vigo, polo atraso. Pois hai catorce máis en tramitación, que teño aquí, se quere, os datos.

Entón, ría de Pontevedra, zona sensíbel desde o ano 2001. Ría de Ferrol, desde o ano 2009, segue nas mesmas; non foron capaces de sacala da zona sensíbel. Cando ser zona sensíbel pola Directiva marco da auga significa que en seis anos ten que corrixirse esa situación. Seguinte: foz do Miñor, en 2018, zona sensíbel. E agora resulta...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...que na última tanda acaban de incluír vostedes outras catro máis como zonas sensíbeis, señora conselleira, que son Rande, que son a enseada de San Simón e dúas máis: Mendo e Mandeo na ría de Betanzos, e o Umia, Meaño, Cambados, Vilanova de Arousa. É dicir, que co tan ben que están facendo as cousas vostedes, resulta que están ampliándose as zonas sensíbeis cada vez máis, e pasamos de unha no 2001 a sete no ano 2023. ¿Que me ten que dicir disto, señora conselleira? Isto non é desde logo un bo balance.

O que lle teño que dicir é que fronte a esta incompetencia, esta incapacidade e esta ineficacia, o BNG ten alternativas, e as alternativas chámanse «Proxecto rías», para unha xestión integrada e integral do conxunto das rías e das masas de auga.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Voulles deixar unha copia para que nos copien, *(O señor Bará Torres eleva na tribuna un documento.)* se queren, e para empezar a facer ben as cousas, porque a este ritmo, se seguen gobernando vostedes, non temos as rías en bo estado polo menos ata o 2050.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, os nacionalistas e os socialistas poden saír a esta tribuna, señora conselleira, do Parlamento a sobreactuar como acaban de facer e como fixeron neste momento, pero hai unha realidade incontestable: vostedes gobernaron Galicia e podemos comparar. É certo que gobernaron tan só catro anos. Os galegos botáronos no primeiro exame que tiveron coas urnas.

Pero mentres o Bipartito non mobilizou nin un só recurso, señora conselleira, non fixo ningún esforzo para mellorar a situación das rías galegas, os datos avalan a boa xestión da Xunta neste ámbito.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tome nota. Grazas aos esforzos realizados desde a Xunta nas últimas catro lexislaturas, hoxe podemos dicir que o noventa por cento das aglomeracións urbanas cumpren a Directiva europea sobre depuración, que o setenta e oito por cento das masas de auga das rías se atopan en bo estado e que os puntos de vertido contaminantes pasaron do corenta por cento ao quince por cento. E rétoos, señor Arangüena e señor Bará, a que saian á tribuna deste Parlamento e que digan cal destas cifras non é certa. Porque todas elas están verificadas polos informes da Unión Europea e do ministerio. E asegúrolles que neste último caso sobre todo non son nada sospeitosos de complicidade co Partido Popular.

Se todos e cada un dos datos demostran que estamos avanzando no saneamento e na depuración das nosas rías, aquilo que podemos medir non precisa de interpretacións, o que terían que facer é felicitar a señora conselleira e o seu equipo e recoñecer o traballo realizado, e dar instrucións, por suposto, aos concellos e ás deputacións e á confederación hidrográfica alí onde gobernan vostedes, para que colaboren coa Xunta de Galicia e sigamos avanzando no bo camiño. Polo cal, socialistas e nacionalistas, señora conselleira, pensan que as rías se protexen con pancartas, con berros e con tensións. Repito: socialistas e nacionalistas pensan que as rías se protexen con pancartas, con berros e con tensión.

Nós sabemos que as rías deben protexerse como fai a Xunta de Galicia, apoiando a construción de novas e mellores depuradoras e axudando os concellos galegos a mellorar a xestión da auga e eliminar os puntos de vertido. Porque, ademais, señora conselleira, aínda que vostede hoxe veu falar de futuro, este é un traballo que veñen facendo e planificando moito tempo con intensidade e con compromiso. E cómpre lembrar que só desde o ano 2009 a Xunta leva mobilizado —como dixo vostede— máis de mil cen millóns de euros en actuacións de saneamento e abastecemento.

O Bipartito, señora conselleira, tiña outras prioridades: compraba Audis, remodelaba despachos, os autobuses gratis para os líderes do BNG e o que menos lles importaba eran as rías galegas. Estas eran as prioridades que tiñan o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego cando estaban no goberno, e o que menos lles importaba eran as rías galegas.

Señorías, calquera dato, ratio ou magnitude que comparemos sobre a calidade das augas deixa as forzas do Bipartito en moi mala situación. É hora de que recoñezan quen sabe facer o traballo, neste caso a actual Xunta de Galicia. ¿Están dispostos vostedes a sumar e non a restar neste ambicioso proxecto que supón conseguir no ano 2027 e culminar o saneamento integral de toda a costa galega?

Sempre dicimos que é importante contar con infraestruturas hidráulicas, pero tamén necesario como iso é xestionalas ben, señora conselleira. As depuradoras son só parte da solución, pero a situación da rede debe ser óptima. Se os concellos non traballan en corrixir a súa rede de colectores para evitar filtracións e descargas cada vez que chove non se conseguirá unha correcta depuración consecuente do vertido contaminante.

Exemplo disto témolo no concello de Pontevedra, nesta cidade modelo do Bloque Nacionalista Galego —non lle faga moito caso ao que lle deixou o señor Bará—, onde cada vez que sobe a marea ou chove, esta cidade modelo do Bloque Nacionalista Galego verte auga residual pura e sen tratamento. Desta situación son conscientes moitos veciños.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Outro exemplo témolo no concello de Neda. Toda a ría de Ferrol depurada e xusto hai un montón de vertidos que forzan o cambio de clasificación da ría. A Xunta mellorou a EDAR pero o concello non ten un plan para resolver os vertidos.

E outro caso sangrante témolo no concello de Paderne, onde hai un vertido directo de augas residuais na ría que non mellora. A Xunta volveu rescatar un proxecto de EDAR e o concello fai oídos xordos, non contesta, non pon á disposición os terreos e prefiren non ter depuradora.

Neda e Paderne, ambos con alcaldes do Partido Socialista, son os campións da irresponsabilidade no que respecta ao saneamento e á depuración, xunto á cidade do Bloque Nacionalista Galego de Pontevedra; exemplos do que non ten que facerse. Por iso digo que non lle faga moito caso ao documento que lle deixou o señor Bará, porque o que están facendo estes concellos é xusto o que o Goberno de Galicia non debe facer.

Hai unhas semanas, o 14 de xaneiro, o Consello da Xunta daba luz verde á Estratexia para a mellora do saneamento e depuración das rías galegas. Investiranse douscentos vinte e oito millóns de euros adicionais ata o ano 2027, que, sumados aos actuais en curso, falan dunha mobilización de recursos públicos sen precedentes, que chegará aos trescentos millóns de euros.

A prioridade é eliminar os puntos de vertido que aínda continúan. Están identificados douscentos trinta e nove deles. Se queremos asumir este ambicioso reto de saneamento integral das nosas rías necesitamos tamén da colaboración do Goberno de España. E neste punto hai moitas cuestións que nos preocupan, porque a colaboración, salvo contadas excepcións, brilla pola súa ausencia.

A maioría das novas infraestruturas de saneamento construiranse no dominio público marítimo-terrestre. E aí vimos sufrindo unha disparidade de criterio e informe enorme. Galicia ten dereito a xestionar o seu litoral, e farémolo a través da lei galega que nace con ese obxectivo. Pero o Partido Socialista está ameazando con intentar paralizala ou impugnala. E o Bloque Nacionalista Galego segue sendo socio preferente daqueles que queren privar Galicia de xestionar o seu litoral.

Coñezo as contradicións de Costas do Estado de primeira man. En Burela, por exemplo, levan vostedes anos dándolle voltas ao cambio de criterio á hora de situar a nova depuradora, e iso implica que hoxe os veciños de Burela non dispoñan dela e non estea xa en funcionamento.

O Partido Socialista no goberno é un risco para o desenvolvemento en prazo das infraestruturas hidráulicas galegas. E agardo sinceramente que aproveiten vostedes este segundo turno para explicarnos se están dispostos a colaborar ou seguir poñendo paus nas rodas. Este reto do saneamento integral das rías ou asumímolo todos ou será máis complicado conseguilo.

Señora conselleira, estea vostede tranquila porque creo que o señor Arangüena non lle entendeu nada do que dixo vostede. É certo que tampouco eu a el, pois falou tanto en tan pouco tempo que nada dixo e nada lle entendín. Espero que agora na réplica o poida entender.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E o señor Bará xa sabe o que fixo: tirou de hemeroteca, pero o que non fixo o señor Bará nin o Bloque Nacionalista Galego é, á parte de tirar da hemeroteca, comprobar o que está feito desde que se deron esas noticias. Polo cal vostede teno fácil na súa réplica, porque nada lle dixeron e en ningún apuro a meteron.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Réplica, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Arangüena, eu creo que —volvo insistir— as competencias do saneamento e da depuración son competencias municipais, o noso traballo é axudalos. Nese sentido, tamén teño que explicarlle que moitos deses vertidos que vén aquí dicir que é culpa da Xunta de Galicia, que somos nós os que contaminamos, son vertidos de competencia municipal, da rede municipal.

E eu voulle poñer exemplos dos campións galegos en vertidos municipais contaminantes. Teño aquí, por exemplo, ao concello de Cangas, ao concello de Bueu ou ao concello de Cambados. Mire vostede aí quen goberna; ou os requirimentos recentes en Cariño, en Cee ou en Camariñas. Polo tanto, deixe de falar mal da Xunta de Galicia e dicir que a Xunta de Galicia é responsable de certos vertidos cando son de competencia municipal e onde lles pedimos requirimentos aos concellos. Pero nós non facemos como a Confederación con San Cibrao das Viñas, nós axudamos para resolver eses vertidos. *(Aplausos.)*

Eu escoitei as súas intervencións e deben de ter moita experiencia en xestión da auga, supoño que si. Eu creo que a experiencia dalgúns é levantar pancartas, ¿e levantar arquetas? Nós dedicámonos a levantar arquetas, cada unha das arquetas nos concellos onde fixemos os plans de saneamento local. Vostedes levantan pancartas, e con pancartas non se resolve o saneamento das rías galegas. *(Aplausos.)*

E fala e tira da hemeroteca, de atrasos... ¿Que fixo o BNG para sanear as rías galegas? Nada, atrancos, atrancos e máis atrancos. Iso é o que fixeron vostedes. Soamente levantar pancartas. E eu xa dixen na miña intervención que o saneamento das rías galegas require de constancia e de estar sempre aí axudando. E do atraso das autorizacións de Costas e do atraso dalgúns concellos —que xa non me vou meter— remitindo a documentación municipal, que é o único que pedimos moitas veces para facer obras, aí non di nada.

Pero iso si, se tan experto é en xestión hidráulica, en Pontevedra, señoría, a concelleira non sabe chegar ao bombeo de Cocheras —agora xa sabe porque a levei eu—, que é o punto de vertido contaminante responsabilidade do Concello de Pontevedra. ¿De verdade que lles quere dar aquí lecciónes a este grupo parlamentario e á Xunta de Galicia? ¿E no río Gafos onde se levantan as arquetas? As arquetas si que se levantan, pero non por vostede senón porque entran en carga hidráulica.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoría, se nos quere dar lecciónes, primeiro, hai que aplicar o conto en Pontevedra, que aínda non saben onde está o bombeo de Cocheras e os vertidos que hai aí. Ten que ir a Xunta de Galicia en solitario solucionar este problema de salvamento en Pontevedra.

E o Plan hidrolóxico léao ben e dedíquelle unha tarde. O Plan hidrolóxico 2021-2022, setenta e nove por cento, cen por cento, noventa por cento porque hai unha masa concreta, que non pode ser 99,60 por cento das rías galegas. Pero lea o Plan hidrolóxico, léao ben, enténdao. Non colla unha cousa tal. Insisto: Plan hidrolóxico, cen por cento, 99,60 por cento. Dedíquelle unha tarde ao Plan hidrolóxico.

Polo tanto, para sanear as rías galegas fai falta algo máis que demagoxia e levantar pancartas.

No BNG parece que están orgullosos de todo o seu traballo, pero o certo é que para a ría de Pontevedra non puxeron nin un duro nin un obreiro. Nas obras de saneamento integral da ría de Pontevedra, que están a funcionar e que resolveron evitar esa sanción, o Concello de Pontevedra non puxo nin un euro nin un obreiro. Polo tanto, gustaríame que puxera algún euro e algún obreiro, polo menos, para o colector do río Gafos, para que non entre en carga e que non provoque eses vertidos contaminantes ao río.

O Partido Socialista, ¿quen foi quen executou a depuradora de Viveiro? ¿Quen foi quen tivo que tramitar a autorización de Costas porque o concello non podía? ¿Non era quen? Incluso tivemos que tramitar nós a autorización ante Costas axudando o concello, porque o Concello de Viveiro era incapaz. E os compañeiros do Ministerio de Transición Ecolóxica, ¿por que non lle din algo, porque están bloqueado? De verdade que se cambian de postura farían un gran favor a Galicia.

Eu indiqueilles que as competencias municipais de saneamento e depuración son dos propios concellos. Vexo que non serviu de nada. Tamén ao Partido Socialista xa llo comentei.

O Concello de Neda convocámolo a unha reunión cos mariscadores. E estame falando aquí de vertidos como se fose culpa nosa, e nós estamos axudando os concellos a que eliminen os seus vertidos. Pero convocámolos a unha xuntanza para o banco marisqueiro das Pías coas confrarías, coa Intecmar, coa directora de obras e nin vén, non acode, e di que a culpa é da Xunta de Galicia. Creo que o Partido Socialista podía facelo mirar e ser un pouco máis responsable no que supón ao saneamento das rías galegas.

Dende logo, a Xunta de Galicia é a administración que máis apoio económico e técnico aporta aos concellos en relación co saneamento, en relación con todo o ciclo integral da auga. E pese a que non lles guste, volvo facilitar o balance, os resultados, porque non é cero, señor Arangüena, son mil cen millóns de euros, son setenta e oito por cento das masas de auga en bo estado, reducimos á metade os vertidos contaminantes e revertemos o proceso sancionador na ría de Pontevedra. E a Xunta de Galicia non vai dar nin un paso atrás na mellora do saneamento das rías galegas e no camiño andado no saneamento das rías galegas. A Xunta é a maior aliada que ten e terá o sector do mar.

E xa que comentan aquí o tema de San Fins, o que autorizamos é unha de-pu-ra-do-ra, non é unha mina; unha depuradora é para de-pu-rar. Depuradora para depurar, señorías, non é unha mina. Polo tanto, autorizamos unha depuradora, para depurar, non unha mina.

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Si que traballamos polo saneamento da ría de Noia. Por iso o próximo mes de abril imos xa executar por encomenda a Trapsa a mellora da depuradora de Noia, porque nós si que traballamos pola ría de Noia e polos mariscadores de Noia. *(Aplausos.)* Non contamos mentiras. Depuradora é para depurar. E cando non pode ser como en Barilongo, pois dicimos non.

A Xunta de Galicia é a que está saneando a ría de Pontevedra, non é o BNG. A Xunta de Galicia é a que está a facer o saneamento en Rianxo, non é o BNG; é a Xunta de Galicia quen está a facer e fixo eses investimentos en Rianxo. Somos nós a Xunta de Galicia quen está facendo o saneamento en Celeiro e en Viveiro, non é o Partido Socialista. Tamén en Foz é esta Xunta de Galicia quen está facendo o saneamento da depuradora en Foz, non é o Partido Socialista. E imos facer a mellora da depuradora en Noia a pesar de vostedes, por suposto que a imos facer. E temos en execución sesenta e seis millóns de euros de quince grandes actuacións nas rías galegas e temos un cronograma, un programa, unha folla de ruta de douscentos vinte e oito millóns de euros ata o ano 2027.

Asígnannos deberes que non son nosos, pretenden responsabilizarnos de todo, como o señor Arangüena, que os vertidos municipais que son da Xunta de Galicia. Nós axudamos os concellos a emendar eses vertidos. Temos reproches aquí de inacción, pero non vexo reproches dos atrancos de Costas con todos eses requirimentos incoherentes que atrasan sine díe moitísimas obras de depuración que son imprescindibles.

E as deputacións, que son os concellos dos concellos, ¿por que non axudan? Non están axudando para o saneamento das rías galegas. Non escoitei absolutamente nada.

Parécelles mal que invistamos. Se investimos é porque invadimos competencias, se non investimos... Unha cousa e a contraria. Dende logo, dende a Xunta de Galicia nós seguiremos traballando para colaborar cos instrumentos de planificación, axudando os concellos a auditar as redes, axudando os concellos a realizar investimentos e a planificar as infraestruturas hidráulicas.

E o Goberno central gustaríanos que aportase, porque a xestión do litoral é responsabilidade do Goberno central, e non nos está a axudar nesas infraestruturas na costa. Non vemos o mesmo nivel de implicación tampouco nas confederacións hidrográficas. Eu voulles poñer un exemplo recente: a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e o Concello de San Cibrao das Viñas, sancionar pero non axudar. Ese non é o noso modelo, incluso case levarse por diante un concello. O noso modelo é axudar a sanear, o seu modelo é sancionar e cobrar aos concellos. Ese non é o noso modelo, é o seu modelo, que están a aplicar en concellos como San Cibrao das Viñas. Polo tanto, gustaríame que a Confederación Hidrográfica e o Ministerio para a Transición Ecolóxica tivesen unha mínima sensibilidade con este asunto de eliminar vertidos como estamos a facer na Xunta de Galicia.

Pedímoslle ao ministerio que unifique criterios, que autorice as instalacións que son necesarias en zona marítimo-terrestre, porque nos están bloqueando indefinidamente moitísimas autorizacións e obras. Aí temos o colector que temos que facer en Vilanova, un colector que xa existe, por certo, que ten concesión, e non nos deixan un colector para eliminar ver-

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tidos, que é beneficiar a costa. Dende logo, son lastres que nos impiden avanzar máis rápido no saneamento integral das rías galegas do que queremos avanzar.

Pero, en calquera caso, temos fitos importantes, temos resultados, aí están, como reverter o expediente aberto na Unión Europea por incumprimento das directivas europeas na ría de Pontevedra. Evitamos esa multa millonaria da Unión Europea que podía acadar ata dez millóns de euros anuais ata o cumprimento. Polo tanto, evitamos unha multa realmente millonaria grazas a esas dúas obras fundamentais e imprescindibles que conseguimos executar. E nós queremos seguir traballando, ir máis lonxe, por suposto, para ter mellor a calidade das augas das nosas rías.

Todas as actuacións que fixemos foron un salto cualitativo moi salientable na calidade da ría de Pontevedra, dende logo. Parece que lles molesta isto a vostedes, parece que non lles gusta que conseguísemos sanear a ría de Pontevedra, que conseguísemos reverter esta situación. Teñen unha postura de negación e obstrución, pero nós seguiremos anticipándonos para as novas exixencias de eliminación de nitróxeno e fósforo que marcan as normativas, anticipándonos, planificando e executando as obras, e tamén coa ampliación da depuradora dos Praceres. Porque o noso lema é a prevención e a anticipación para executar todas as obras que vemos necesarias.

Eu xa me esperaba aquí as críticas permanentes á Xunta de Galicia, negar a evidencia, minusvalorar todo o traballo que fixemos. Pero o certo é que a única administración que traballa en solitario practicamente para sanear as rías galegas é a Xunta de Galicia. E nese sentido pedimos colaboración para o resto das administracións, para que axuden a este obxectivo.

Temos moitos alcaldes solicitando actuacións e colaboración. Aí nós estamos colaborando con eles. Vostedes critican e os concellos agradecen a axuda que facemos dende a Xunta de Galicia. Nese sentido, creo que máis vale a opinión dos alcaldes que agradecen o traballo da Xunta de Galicia, permanentemente para mellorar a calidade das augas.

E criticaron aquí moito vostedes nos últimos meses todo o traballo realizado, tamén viñeron a esta tribuna criticar todo o traballo realizado, pero o certo é que ningún concello que nos ten transferido o funcionamento da depuradora, ningún, puxa por volver xestionar a depuradora. ¿Que lectura fan? Incluso a alcaldesa de Tomiño *(A señora Vázquez Mourelle eleva na tribuna un documento.)* —eu voullo deixar ao presidente da Cámara— asinou o convenio para que nós seguísemos levando a depuradora de Tomiño. ¿Será que o facemos mal? Vexo aquí a alcaldesa de Tomiño asinando un convenio coa Xunta de Galicia para que a sigamos explotando. A depuradora de Pontevedra é a única das sete cidades que non quere saber absolutamente nada da depuradora porque é un marrón; non quere saber nada e prefire que a Xunta de Galicia asuma a explotación, porque sabe que o estamos a facer ben.

Creo que todo este traballo que fixemos dende o 2009 é realmente importante; están aí os feitos, os datos, os resultados. E creo que botándolle un ollo ás contas de Augas de Galicia vese perfectamente o noso traballo: 2,2 millóns de euros en Burela; 1,8 millóns de euros en Viveiro; 2,5 millóns de euros en Cabanas; 6,5, en Foz; 1,9 millóns de euros en Sada; 3,7 millóns de euros en Cee; imos investir tamén no saneamento do río Sardiña, en Ferrol. Polo

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tanto, grandes investimentos que actualmente está a tramitar e a realizar Augas de Galicia para axudar eses concellos.

E eu remato xa. Recomendaríalles que se concentren en propiciar as condicións axeitadas para que os concellos estean en disposición de contar coas infraestruturas necesarias e que as xestionen de xeito eficaz para a mellora da calidade das augas. Concentrémonos todos nese obxectivo, que se concentren todas as administracións nese obxectivo, para seguir traballando, porque a colaboración é esencial. E, nese sentido, volvo insistir no sentido común a Costas, á Confederación Hidrográfica, neste caso do Miño-Sil, para colaborar cos concellos e axudar en vez de sancionar ou atrasar.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Antes de continuar co debate, imos saudar os alumnos de 5º de primaria do centro de Casás, en Lugo. Este é o segundo grupo; ao primeiro non o puidemos saudar antes porque estaba intervindo unha deputada. Benvidos ao Parlamento, e grazas tamén ás profesoras por acompañalos.

E agora continuamos co debate.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, intervén o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

O señor Balseiro dicía que non entendeu nada do que eu dixen. É normal, porque vostede sae aquí facer de espontáneo en substitución da señora Mouteira dun tema que é bastante complicado e no que vostede está moi pez —permítame que llo diga—. En todo caso, se intentara non estar tan pez, seríalle moi complicado, porque, como lle digo, pois a Xunta oculta sistematicamente a información. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E, por tanto, vostede se quere falar respaldado por datos, é absolutamente imposible que o faga.

Falaba a señora conselleira de modelos. E o modelo —dicía— era non sei canto ou non sei cal. O seu modelo debe ser a sanción de 1,2 millóns que se lle impuxo recentemente ao Concello de San Cibrao —seu, un concello gobernado por un alcalde seu— por contaminar reiteradamente o río Barbaña, 1,2 millóns. O seu modelo debe ser o de Melide, o do río Furelos, que leva aproximadamente vinte anos sendo contaminado reiteradamente, e o actual concello está tratando de facer algo ao respecto; pero a Consellería de Medio Ambiente, como alcaldesa e posteriormente na Xunta, permitiu a contaminación reiterada do río Furelos, que acaba desembocando na ría de Arousa, previa desembocadura no Ulla.

A realidade do seu modelo é que son un goberno tóxico, como lles dixen, que fai a vista gorda ante a contaminación, que ocultan a información relativa á contaminación, que é practicamente imposible de atopar. Animo o señor Balseiro a que, se quere atopala, fale comigo, porque, ben, xa teño parte do camiño percorrido; é un camiño complexo.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sacan unha estratexia que non está publicada en ningún sitio, para distraer a atención da polémica da mina de San Fins, que está enriba da mesa neste momento.

Señor Balseiro, falaba vostede de cifras. Mire, as cifras son: no ano 2009, o último do Goberno de Emilio Pérez Touriño, 295 millóns para actuacións ambientais; no seu último orzamento, 227 millóns para actuacións ambientais; en total, que inclúe algunha relacionada coa loita contra a contaminación, a depuración, etc. Por tanto, unha caída nestes catorce anos do 30 por cento en materia de actuacións ambientais, cando soamente polo efecto da inflación debería ser un 25 por cento superior. Por tanto, non me fale vostede de cifras, porque nesa materia están vostedes moi mal.

A conselleira sempre fala de competencias: as competencias son dos concellos, etc., etc. Pero, mire, vostedes teñen unha Consellería de Medio Ambiente —á parte da competencia, a competencia medioambiental e de loita contra a contaminación teñen toda a do mundo—, Consellería de Infraestruturas, da cal depende Augas de Galicia, duascentas persoas alí que están presuntamente ou supostamente inventariando puntos de vertedura, que teñen vostedes —din— unha ficha para cada punto de vertedura, que son máis de dez mil, pero non están esas fichas, ¿verdade? Por tanto, non me diga que non teñen vostedes competencias, porque o que hai é unha crónica insuficiencia financeira dos concellos e vostedes teñen competencias e orzamentos.

Fala de experiencia en materia de augas. Ben, a experiencia en materia de augas súa, en primeiro lugar, teño que dicirlle que é máis ben de despacho. En segundo lugar, sobre a depuradora de Noia, dea vostede unha volta por alí, levan —non sei— cinco ou talvez dez anos dicindo que van perfeccionar, mellorar ou case poñer en funcionamento a depuradora de Noia, que —insisto— verte a cachón a escasos 100 metros ou 200 metros dun importante banco marisqueiro; e volve vostede repetir aquí, deu o anuncio de que por fin van presupostar para que esa depuradora funcione. Ou dea vostede unha volta, como experiencia edificante, pola mina de Touro, que din vostedes que non contamina, pero vaia vostede por alí polos regatos e vaia vendo o que pasa na mina de Touro, que din vostedes que non contamina. Ou, como lle dixen, beba un vaso desa futura auga tratada por esa depuradora que din vostedes que van poñer na mina de San Fins; beba vostede un vaso de auga, eu estou disposto a acompañala, non a beber o vaso de auga, pero si a acompañala.

Fala de euros que inviste cada administración. Mire, en Pontevedra a EDAR de Paxariñas, que depura todo o que vai por un lado da ría, vaina financiar o Goberno. A EDAR de Vigo ¿quen a financiou?; pois Vigo, en parte con fondos estatais. A rexeneración da ría do Burgo —insisto— ¿quen a está financiando, integramente, 32 millóns de euros?; o Goberno do Estado; vostedes poñen cero euros.

Respecto da cuestión da mina de San Fins, levan vostedes máis dunha década permitindo a contaminación reiterada por parte dunha explotación mineira que, por outra banda, non ten nin sequera declaración de impacto ambiental. Non impuxeron vostedes sancións, non obrigaron vostedes a tomar medidas preventivas, etc.

Permiten situacións como a que lle estou describindo en Noia —que verte alí pois practicamente todo o que sae das casas e os negocios de Noia—, permiten vostedes que o río Xubia

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

baixe cun nivel de contaminación absolutamente inadecuado e non fan nada ao respecto, permiten verteduras contaminantes ou moi contaminantes —non baixan de mil en Galicia cada ano—, a pesar das inxentes cantidades de fondos que din vostedes que invisten —outras veces din que mobilizan— pero que, en todo caso, reciben vostedes, porque moitos deles son fondos europeos, para un tema que debería estar encauzado non no ano 2015 —cando vostedes dixeron que o ían ter solucionado e que as rías ían estar saneadas— senón hai máis de vinte anos, que é cando entrou en vigor a Directiva marco de augas.

En resumo, en tres das rías das que lle falei, que son moi importantes para o marisqueo, hai 142 puntos contaminantes ou moi contaminantes. Pero vostede di que nas rías é todo marabilloso, que está todo practicamente saneado e que van rematar de sanealo. Esa non é a realidade. A realidade é a contaminación das rías e ríos de Galicia, a realidade é a súa inacción ante esta situación, a realidade é a ocultación da información da que vostedes dispoñen e a ocultación incluso da estratexia da que vén vostede falar hoxe aquí, que non está por ningún sitio.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, non sabe vostede canto me alegra que falen de Pontevedra; faime feliz. E entre vostede e o señor Balseiro deberon citar Pontevedra unhas vinte e tantas veces. «*Lo tuyo no es amor, lo tuyo es obsesión*». *(Risos.) (Aplausos.)* E non só unha obsesión, é un auténtico pesadelo para vostedes que Pontevedra se convertera nun referente internacional de calidade de vida e tamén de xestión da auga. Debían vostedes presumir de ter en Galiza unha cidade que ten esta proxección internacional, e resulta que intentan aquí falar mal de Pontevedra. ¡Xa está ben!

¿Sabe o que os preocupa a vostedes? A vostedes o que os preocupa, o que os amola, o que os obsesiona é que o BNG leva vinte e catro anos gobernando en Pontevedra, *(Aplausos.)* e vostedes levan vinte e catro anos consecutivos na oposición; e por este camiño van seguir ata o 2027 —como o Plan hidrolóxico— tamén outros catro anos máis na oposición. *(Murmurios.)* Si, si, van polo camiño directo, e xa levan vinte e catro anos. Xa colleron tanto costume que xa se acostumaron a estar aí e van seguir catro anos máis.

E falando mal de Pontevedra no Parlamento seguido, non me estraña. ¡Presuman de Pontevedra! ¡Síntanse orgullosos de Pontevedra! ¡Visiten Pontevedra! ¡Estendan o modelo de Pontevedra por todo o país!, que seguro que se agradece. E así recibiría moitos premios máis este país por facer as cousas ben.

E fala vostede da EDAR dos Praceres. Por certo, no Plan hidrolóxico anterior había 37 millóns para a ría de Pontevedra, vostede falou de 30. Pero ¿sabe que fixeron vostedes coa EDAR de Praceres? Declarala de interese público excepcional; a única depuradora declarada de interese público excepcional mediante unha lei, a Lei do ciclo integral da auga. E ¿sabe por que? Para

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

blindar os intereses de Ence. Para iso o declararon vostedes, para que o concello non puidese intervir nesa cuestión. *(Aplausos.)* Esa foi a razón.

E fala vostede de Pontevedra, pero podería falar tamén de Soutomaior, non lle escoitei falar moito de Soutomaior; por exemplo, da EDAR de Arcade, xestionada por Augas de Galiza, que é unha EDAR supramunicipal, que verte a caño libre á ría de Vigo, señora conselleira, *(Aplausos.)* pola súa responsabilidade. Había unha previsión de investimento dunha nova EDAR no Plan hidrolóxico anterior ata o 2021, 2 millóns de euros, e ¿sabe o que pasou? Que non se executou, que se perdeu, pola súa incapacidade, señora conselleira. Fixeron un proxecto no ano 2020 para unha nova EDAR, e ¿sabe onde está ese proxecto? Está sen rematar tres anos despois, ¡non foron nin capaces de facer o proxecto en tres anos! ¿Como se chama iso?

E por esa razón —e tamén pola situación, por exemplo, da EDAR de Vilaboa— a enseada de San Simón pasou a ser declarada zona sensible, por esa mala xestión, porque vostede di que non teñen competencias; ¡vostedes teñen incompetencia! Vostedes claro que teñen competencias, por iso están xestionando as EDAR e moitas máis cousas, porque, se non, non existiría Augas de Galicia e non existiría a Lei de augas de Galicia, que lle atribuíu competencias á Xunta, e non farían tantos investimentos en saneamento e depuración se non tivesen competencias. ¿Ou fano polo amor á arte? Fano porque teñen competencias e porque, ademais, é de ben actuar como Goberno galego, intentando velar polos intereses xerais e comúns e mellorando a situación. Pero vostedes deixan moito que desexar, como lles demostramos aquí.

Poderiamos falar da costa de Oia, señora conselleira. ¿Sabe que pasa na costa de Oia? ¿Sabe quen goberna na costa de Oia? Xa foi por alí a súa antecesora moitas veces. Que non hai depuradoras, hai decantadores e verte a caño libre directamente ao mar.

Poderiamos falar da foz do Miñor, tamén declarada zona C e zona sensible, que foi declarada por un grupo de investigación da Universidade de Vigo, EcoCost, ¿sabe como lle chamaron?, unha fosa séptica ao aire libre, a ceo aberto, toda a foz do Miñor, que ademais é Rede Natura.

Podemos falar da enseada de San Simón, tamén declarada zona sensible. Podemos falar do Saco de Fefiñáns, tamén declarado zona C, unha zona das máis produtivas da ría de Arousa. Podemos falar do esteiro do Tambre, na ría de Noia, tamén Rede Natura, contaminado. Podemos falar da ría do Burgo. Podemos falar da ría de Ferrol, tamén declarada zona sensible no ano 2009, e segue nesa situación. ¿Quere que siga? Esta é responsabilidade fundamentalmente do Goberno galego. Polo tanto, vostede debía aquí vir cun pouco de humildade recoñecer a realidade e cun pouco menos de soberbia.

Pero é que lle leo, xa llo lin antes, non lle valeu, pero léolle máis. Mire, o Plan hidrolóxico Galicia costa 2021-2027: Obxectivos ambientais das masas de augas de transición —que son as dos esteiros dos ríos e fondos das rías—. Pois o que di aquí é que 31 de 49 non cumpren os obxectivos ambientais e difírenos ata o 2027. E das chamadas masas de auga costeira, é dicir, a das rías e da costa do mar, pois son 14 de 29 que non cumpren os obxectivos. Algunhas destas xa estaban no Plan hidrolóxico anterior dicindo que cumpriran obxectivos no 2015, e resulta que prevén que os cumpran no 2027. Esta é a realidade.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E mire —xa remato—, voulle entregar ao presidente do Parlamento o noso plan Proxecto rías, que levaremos a execución no próximo Goberno da Xunta. *(Murmurios.)* Señor presidente. *(O señor Bará Torres entrégalle un documento ao señor presidente.)* Si, pero voullo explicar, porque ademais vostede falou pouco *(Risos.)* e, entón, voulle pedir permiso ao presidente *(Aplausos.)*, que levamos ben o horario, para explicar moi brevemente estas propostas.

1.096 millóns para un proxecto de actuación integral e integrada nas rías, en toda a costa, en toda a beiramar, non só na auga, senón tamén en terra. Por exemplo, unha proposta estratéxica que contempla...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...un gran proxecto de investigación e ciencia —que é por onde hai que empezar— creando un gran consorcio público de centros de investigación e innovación, que faga, por exemplo, unha cousa que hai que facer, que é un grande estudo interdisciplinar sobre a situación das rías e as causas da contaminación, da deterioración e da perda de actividade produtiva, que lle vai explicar mañá a miña compañeira Rosana Pérez.

Un segundo punto. Mellora da calidade das augas dos ríos, con 52 millóns.

Un terceiro punto. A recuperación e rexeneración das rías, con 601 millóns en actuacións de depuración e saneamento, pero tamén —que vostedes non falan disto— actuacións de rexeneración e dragaxes, que tamén son moi importantes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: A recuperación da costa, con 200 millóns, zonas degradadas. A recuperación produtiva, con 82 millóns. A comercialización, con 25 millóns. E un plan tamén de enerxías renovables e aforro enerxético.

En fin, todo isto fronte á propaganda e o autobombo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...un proxecto ambicioso a favor das rías, a favor dos ríos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...e a favor de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Arangüena, estamos falando de obras hidráulicas. Díxome vostede que estaba pez. Recórdolle que de mar algo sei, ¡eh! De feito, probablemente en toda a historia do Parlamento de Galicia fun o portavoz de pesca que máis anos botou. Polo cal algo sei. E á parte, aínda que me vexa vostede como me ve, tamén lle advirto que nado bastante ben. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Señor Bará, como comprenderá, de Pontevedra nós non temos nada, pero, se falamos de Pontevedra, ás veces é para poñelo a vostede diante do espello. Porque falar de verteduras directas á ría sen depurar non creo que sexa para presumir de alguén que foi cargo público nese concello, como é o caso de vostede. Polo cal iso é o que hai.

As nosas rías, cun valor ambiental incalculable, son, ademais, o medio de vida e sustento de milleiros de galegos da Galicia mariñeira e da Galicia marisqueira. Nunca, señora conselleira, nunca ningún goberno fixo tanto polo saneamento das rías galegas como está a facer a actual Xunta de Galicia. Pero tamén é certo que é a única administración que está a cumprir apoiando os concellos nestas competencias. Deputacións e Goberno central, a Hidrográfica, están obrigados a axudar e deseñar en vez de poñer paus nas rodas.

Señorías, falaron vostedes das verteduras da mina de San Fins. Entendemos, por suposto, desde o Grupo Parlamentario Popular, a preocupación do sector pesqueiro de Noia. Pero asegurámoslles que a autorización concedida de verteduras de augas residuais da mina de San Fins garante que as augas que se vertan terán un tratamento axeitado e cumprirán parámetros para maiores garantías e, ademais, farase un estrito seguimento e un estrito control.

Esa autorización de vertedura garante que as augas que cheguen ao leito do río estarán depuradas e seguindo os tratamento pertinentes que permitan cumprir cos parámetros de vertedura e de calidade ambiental exixidos. E cando pediron a autorización e non se facía isto, a Xunta de Galicia non a autorizou.

Falaron vostedes da sanción da Unión Europea na ría de Pontevedra. Señora conselleira, ese é un esforzo da Xunta de Galicia, que logrou un fito sen precedentes: que a Unión Europea paralizara as sancións polo mal estado da ría de Pontevedra. Un esforzo feito pola Xunta en solitario, cun investimento de máis de 30 millóns de euros en infraestruturas de depuración desa ría.

Ese é o camiño a seguir e demostrar que, cando se fan ben as cousas, ben é o reto do saneamento integral das rías, que é realista e asumible.

Falaban de eliminación de verteduras. Mire, desde o ano 2009 Augas de Galicia eliminou 626 puntos de verteduras que vulneraban a normativa galega. Ría por ría, a situación ten mellorado de xeito significativo, a mellora é evidente, sobre todo nas rías que sufrían maiores problemas.

Na ría de Arousa as verteduras por encima do límite baixaron de 72 a 55. En Muros-Noia, de 58 a 48. En Vigo, pasaron de 38 a 19. Na Coruña, de 14 a 4. E en Ferrol, de 59 a 27.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero é que a produción marisqueira, da que aquí se falou, no período 2009-2022 mellorou a clasificación de 42 zonas de produción marisqueira; 16 delas corresponden con polígonos de bateas e o resto, 26 delas, son zonas de produción marisqueira.

Ingresos. A media de ingresos do marisqueo a pé medrou un 45 por cento desde o ano 2009 ao ano 2019.

A situación en xeral do marisqueo —non, anoten, anoten—, período de control 2009-2020, máis de 13,5 millóns de metros cadrados de zonas de marisqueo recuperados desde o ano 2009. Repítolles: máis de 13,5 millóns de metros cadrados de zonas marisqueiras recuperadas desde o ano 2009. Pasamos de subvencionar a produción, reducir á metade as zonas C dun 15 por cento no ano 2009 a un 8 por cento no ano 2020. E desde o ano 2014 iniciamos unha etapa de estabilidade no número de permex. O número medio anual de novos permex na etapa do Partido Popular é case o dobre do que se outorgaba anualmente polo Bipartito.

Señorías, os datos están aí. Efectivamente, vostedes fixeron un seguimento de hemeroteca, non fixeron un seguimento do que fixo a Xunta de Galicia, porque non lles interesa. Supoño que foi por iso.

Alégrome moito, señora conselleira, da súa comparecencia. Alégrome moito polo ben de Galicia, sobre todo desa Galicia azul, polo ben mariñeiro do traballo que se está facendo. Efectivamente, queda traballo sen facer —só faltaría—, pero tamén é certo que a Xunta, con ese plan ao ano 2027, tamén o ten planificado. E, por suposto, a Xunta de Galicia fixo un grande esforzo: 1.100 millóns de euros de investimento nas rías galegas.

Nada máis, moitas grazas, señor presidente.

Perdón, señor presidente, alégrome moito tamén de que estean aquí os alumnos do Colexio de Casás, da cidade de Lugo, que é a miña provincia e esa cidade á que tanto lle quero. Tamén lles dou a benvida a este parlamento e que pasen un bo día na cidade de Santiago.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da comparecencia, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Calquera cousa lles vale para criticar a Xunta de Galicia, é algo previsible, que viñan unicamente criticar, aínda que fora con mentiras. E, dende logo, xa que traen aquí temas de minas, o certo é que —non sei se saben vostedes, seguro que o saben, pero como terxiversan— o Goberno bipartito case duplicou as minas que autorizou a Xunta de Galicia actual: 77 concesións en catro anos o Bipartito. Quere dicir que autorizou case 20 minas por ano o Bipartito. E estamos cunha lei, unha lei de ordenación mineira, a que se está a aplicar, que foron

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vostedes os que a aprobaron. Polo tanto, vostedes no Bipartito autorizaron case 20 minas por ano e veñen aquí criticar, cando o que autorizamos é unha depuradora.

Señor Bará, ao seu plan eu fágolle un *spoiler*. Seguro que é un *plagio* do Plan hidrolóxico, porque os plans hidrolóxicos están aprobados. Señor Bará, os plans hidrolóxicos están aprobados. *(Murmurios.)* Polo tanto, non veña aquí... Xa lle fago un *spoiler*. Vén aquí cun *plagio* dos plans que xa están aprobados pola Xunta de Galicia, polo Goberno de España e remitidos a Europa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señorías, eu vin aquí comparecer a petición propia e para abordar o traballo feito nas rías galegas e o traballo que estamos a facer e que queremos seguir facendo para mellorar a calidade das augas das rías galegas. E son feitos e resultados obxectivos, medibles e cuantificables, que avalan, dende logo, todo o traballo que vimos facendo nos últimos anos.

É un feito incuestionable todo ese traballo e tamén é un feito incuestionable que funcionou e que o estamos a facer ben por conseguir evitar esa sanción, esa multa millonaria da Unión Europea que pesaba na ría de Pontevedra.

E fronte a datos, fronte a resultados, fronte a feitos, vostedes veñen cun discurso pechado e oportunista, crítica constante; algo que, dende logo, pois non me sorprende, porque é a súa forma de traballar: levantar a pancarta e non levantar a arqueta, señorías. Para sanear as rías, hai que levantar moitas arquetas e traballar de xeito intenso.

A Xunta de Galicia é a que estivo a carón das administracións locais, é a que estivo a carón para mellorar a xestión do ciclo integral da auga, para dotar de novos equipamentos, para axudalos a explotar e manter ben as infraestruturas hidráulicas, optimizando o seu funcionamento. É fundamental, é un dos obxectivos da Lei de mellora do ciclo integral da auga, que leva poucos meses en vigor e que moitos alcaldes están xa chamando porque queren aplicar ese modelo.

É, polo tanto, un feito incuestionable que estamos no bo camiño e que os resultados, ademais, así o acreditan. E é unha competencia que é municipal; non lles gusta escoitalo, pero é unha realidade. É unha competencia municipal, pero a Xunta de Galicia está ao carón e acompaña os concellos nesa tarefa tan complexa que é o saneamento das rías galegas, e facémolo realmente practicamente en solitario, sen a axuda de ningunha administración.

É un esforzo económico, pero tamén técnico, moi importante, para que os concellos dispoñan das instalacións necesarias: das depuradoras, dos colectores, dos tanques de tormenta. E así o estamos a facer practicamente sós. Pedimos, polo tanto, ao Goberno de España, ás deputacións que teñen costa, por suposto en concreto ao Ministerio para a Transición Ecolóxica, que actúen e acheguen.

Porque o certo é que necesitamos moito máis sentido común, tanto na Dirección Xeral de Costas como nas confederacións hidrográficas, para poder axudar nesta tarefa de saneamento integral das rías galegas e, sobre todo, mellorar a calidade das augas. É fundamental que sumemos para que a auga das nosas rías estea nas mellores condicións posibles. Estamos

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

realizando todo este traballo, temos esta estratexia, porque sabemos do emblema que son as nosas rías e que hai milleiros de traballadores e de empregos que viven das rías. Aí está a pesca, o marisqueo, a acuicultura, tamén e o turismo.

E os resultados están aí. O 78 por cento das masas de augas das nosas rías atópanse en bo estado, un incremento moi importante con respecto ao ano 2009. Queremos conseguir a cualificación de bo estado en toda a costa galega para o ano 2027. É un obxectivo, un propósito firme que nós propoñemos e para o que temos o programa, temos a folla de ruta e temos a estratexia.

Non lles gusta escoitar que investimos 1.100 millóns de euros, pero está aí, 1.100 millóns de euros, 910 concretos para investimentos en obras nas rías galegas: depuradora de Lagares, depuradora de Praceres, a de Rianxo, a de Ribeira, a de moitos concellos: Cedeira, Cariño, Ares, Mugardos, Foz, Queiruga, Porto do Son, Viveiro, Cambados, Soutomaior, Arcade —vólvollo recordar, porque si que o dixen na miña intervención—, Vilaboa. Temos en execución 15 grandes contratos, por valor de 66 millóns de euros, e un programa concreto para o ano 2027, para sumar 228 millóns de euros máis.

Polo tanto, temos moito feito. Hai que seguir traballando no obxectivo estratéxico e prioritario de sanear as rías galegas, un esforzo e un investimento que o acredita, e o certo é que ningún goberno fixo tanto polo saneamento das rías galegas como esta Xunta, e a Xunta, dende logo, non vai dar nin un paso atrás no camiño andado no saneamento das rías galegas. Insisto: 1.100 millóns de euros investidos, 66 millóns de euros en execución, 228 millóns de euros a investir ata o ano 2027 para mellorar o saneamento das rías galegas e para acadar o bo estado no 100 por cento das masas de auga das rías galegas.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.

Rematada a comparecencia, levantamos a sesión, que reanudaremos ás 16 horas.

Suspéndese a sesión á unha e trinta e un minutos da tarde e retómase ás catro e un minuto.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto 3, mocións. Debatemos a primeira.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García, sobre o fomento da lingua galega

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Boa tarde a todos e a todas.

Antes de comezar —e xa que imos falar de lingua— quería ter uns segundiños para lamentar o falecemento dunha persoa que fixo bastante pola lingua galega, que foi Salvador García-Bodaño, e que hoxe nos deixou. *(Aplausos.)* Evidentemente, que a terra lle sexa leve.

Ben, hai dúas semanas na interpelación que fixemos ao conselleiro sobre a lingua galega e o seu fomento quedaron constatadas unhas cantas cousiñas. A primeira é que o Partido Popular —ou polo menos o conselleiro— ten unha estraña obsesión con Cataluña. E non pasa nada, pódese ir calquera día; é un país marabilloso. Pero dende o Partido Popular teñen unha obsesión con Cataluña cando estamos falando de fomentar a lingua galega, o cal é estraño.

A segunda cousa é que seguen a vivir nun mundo paralelo onde, a pesar de que todo o mundo lles di que imos para abaixo, vostedes din que imos para arriba. E a terceira e máis triste é que en máis de quince minutos, nos cales o conselleiro puido falar das políticas lingüísticas levadas a cabo polo Goberno galego en catorce anos, o conselleiro non dixo nada, ¡pero absolutamente nada! Dous clixés e catro frases repetidas sobre Cataluña.

É dicir, que no que ten que ver coa lingua vostedes, o Partido Popular, son uns negacionistas e son uns antisistema. Son uns negacionistas porque negan os datos científicos; negan os datos do INE, negan os datos do Consello da Cultura Galega, os datos da RAG ou os datos da Universidade de Vigo, entre moitos outros. Son uns negacionistas porque negan que case un trinta por cento dos menores de vinte anos non poden falar nada de galego ou que o fan con dificultade. Son uns negacionistas porque negan que case o trinta e tres por cento dos menores de vinte anos non poden escribir en galego ou o fan con dificultade. E son uns negacionistas porque negan que, por primeira vez na historia deste país —deste territorio, chámenlle como queiran—, o galego deixou de ser a lingua máis falada de Galiza.

Pero o peor é que vostedes son uns antisistema; van contra o sistema porque o sistema lles di que o están facendo mal e non son capaces de admitilo por puro sectarismo. Son uns antisistema porque van en contra da Real Academia Galega, que lles di que o seu ensino desgaleguiza. Son uns antisistema porque van en contra do Consello de Europa, que lles di que teñen que levantar as prohibicións no ensino contra a lingua galega. E son tan, tan antisistema que van case ás veces en contra da propia Xunta, porque non lle fan nin caso ao Consello da Cultura Galega, un organismo da propia Xunta, cando lles di que as súas políticas lingüísticas o único que fan é xerar a perda de galegofalantes.

Son negacionistas, antisistema e —se me permiten— ademais un pouco vagos e vagas. ¿Por que? Porque non fan nin o que se comprometeron a facer ¡e mira que tiveron tempo! ¿Pódenme dicir que foi das avaliacións que tiñan que facer do Decreto do plurilingüismo? ¿Que me poden dicir da avaliación que tiñan que facer do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022? ¿Que me poden dicir da avaliación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido socioeconómico 2016-2020? Non me poden dicir nada porque non o fixeron; e non o fan porque saben que o resultado sería moi malo e, como foi moi malo, pois é mellor quedarse nos titulares e nas roldas de prensa.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, para rematar, ademais de negacionistas, antisistema e algo preguiceiros e preguiceiras, son pouco ambiciosos e ambiciosas, a verdade, porque levan catorce anos conformándose con que o galego sexa a única lingua do Estado que perde falantes. E diranme —e seino moi ben—: non, é que dos territorios bilingües do Estado aínda somos no que se conserva máis a lingua. Pero voulles facer unha pregunta: ¿por que os datos de uso e competencia do vasco en Euskadi e en Nafarroa están a subir? ¿Por que os datos de uso e competencia en Catalunya están a subir? ¿Por que os datos da competencia do valenciano no País Valencià están a subir? ¿E por que os datos de uso e competencia do galego están a baixar? ¿Será que o galego é malo ou que o galego lle ten manía ao Partido Popular? Ao mellor ten algo que ver coas súas políticas lingüísticas durante máis de catorce anos.

No BNG sabemos que realmente non teñen moito interese en cambiar isto e nós, a pesar diso, ímoslles poñer enriba unhas cantas medidas de mínimos, de consenso básico; ese consenso de unidade que vostedes romperon, ademais, en 2010.

En primeiro lugar, fagan o seu traballo. Fagan as avaliacións do Decreto do plurilingüismo e entréguenas; fagan as avaliacións do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022 e entréguenas; fagan as avaliacións do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020 e entréguenas. En segundo lugar —moi faciliño—, deseñar desde o consenso un plan específico para superar as debilidades respecto do estancamento do uso habitual do galego, co obxectivo de conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos se o desexar.

Isto é tan, tan faciliño para que o aproben, para que o fagan, que o puxeron vostedes no Plan estratéxico 2022-2030. E logo, cando nós pedimos exactamente o mesmo, vostedes votan en contra porque son uns sectarios. E son tan sectarios que se negan a cumprir o que dixeron que ían cumprir, o que dixeron que ían facer, o que a Xunta anunciou a bombo e prato que ía facer no seu plan estratéxico.

En terceiro lugar, voltemos a dialogar —que non está nada mal—, despois de catorce anos sen que o quixesen facer. Falemos de novo dun marco lexislativo do ensino galego, en vista ademais de que —como mostraron absolutamente todas as academias, toda a ciencia e as universidades— o modelo no ensino que vostedes puxeron non serve.

E, por último, actualicemos desde o consenso a Lei de normalización lingüística, porque é obvio que a situación lingüística de Galiza non é a mesma agora en 2023 que en 1983 —ou espero que iso tampouco mo neguen—. Entón, como a situación é moi diferente, pois reclamamos que se actualice coa posición e coa opinión de todos e todas.

Propoñémonos isto porque cremos e militamos na igualdade, na liberdade e no plurilingüismo. Militamos na igualdade porque defendemos que todas as persoas en Galiza teñan dereito a vivir en galego, coas mesmas oportunidades, coa mesma igualdade. Militamos na liberdade porque defendemos que os galegos e as galegas teñen que ter a liberdade de expresarse na lingua que lles dea a gana e, por suposto, en galego. E militamos no plurilingüismo porque defendemos o coñecemento, a competencia no maior número de linguas posibles —non coma vostedes—. Tamén defendemos a relación co resto de países do mundo,

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pero sempre desde o galego, co coñecemento asegurado da lingua galega; a lingua dos galegos e das galegas, voten o que voten e pensen o que pensen. Porque vostedes están bastante sós contra o mundo, contra a ciencia, contra as asociacións sociopedagóxicas, a Academia e contra todo o sistema.

E no que ten que ver coa lingua, á fin e ao cabo, ao final recoméndolles que lle fagan caso ao que dicía o ínclito Juan Pardo ou, se o prefiren, a versión máis actualizada de Familia Caamagno: no que ten que ver coa lingua, «xuntos, máis fortes, máis bravos; xuntos máis ben».

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

(Aplausos.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Moi recentemente, hai escasos meses, debatemos en comisión sobre esta cuestión ou algo moi semellante. E lamento ter que repetirme de novo coa miña intervención naquela Comisión e tamén co dito agora polo señor Castro. Pero penso que é necesario que queden claras moitas cuestións, porque desgraciadamente o noso Goberno nesta materia non parece reaccionar. Proba diso é, efectivamente, a intervención do conselleiro na interpelación que dá lugar a esta moción, na cal, entre outras cousas, á parte de Cataluña, tamén falaba de diferenza entre competencias e uso. Manifestaba preocupación polo segundo, polo uso, que é precisamente do que fala esta moción e do que, ademais, falamos tamén nós no Grupo Socialista en moitas das nosas iniciativas; do uso.

Comezaba naquela ocasión a miña intervención cunha imaxe moi gráfica que vou repetir agora, contrapoñendo dous titulares do xornal *Praza* que teñen tres anos de diferenza. *(A señora Díaz Varela amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Se no ano 2019 o titular era «O galego resiste como lingua maioritaria da metade da poboación» —no ano, repito, 2019—, no mes de decembro do ano pasado, de 2022, o titular era «O censo sitúa por vez primeira o castelán como a lingua usada con máis frecuencia en Galicia». E dos datos deste último titular, cunha información actualizada con datos do INE, despréndese efectivamente un escenario nada esperanzador. Porque é unha obviedade, unha lingua que non se fala é unha lingua morta. E todo vai indicando que ou tomamos medidas urxentes ou o esmorecemento do noso idioma será unha realidade moito antes do que imaxinamos.

Ben, como se explica na iniciativa, ese Plan estratéxico 2022-2030 asume esta situación de desigualdade, efectivamente, e miren que, ademais, o fai cos datos do 2018, xa non con estes últimos do INE. Son uns datos nos que o galego era aínda a lingua maioritaria do noso país. Bueno, ese plan formula no seu eixo «fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos en desenvolver actividades de formación do galego».

Nese eixo formulan unha serie de retos entre os que aparecen, por exemplo —collemos só uns cantos—: «conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos se o desexar» —velaquí o concepto da liberdade de que tanto falaba o conselleiro tamén o outro día, se o desexar, efectivamente—; «conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso» —de novo a palabra «uso»—, «priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos». Outro reto era «promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda». E había outro máis que era «reforzar a política lingüística de promoción, coñecemento e uso de galego» —fainos graza ese verbo de reforzar, nós non o vemos por ningures—. Claro, nós preguntámonos: se é certo que este plan estratéxico remata en 2030, entón, ¿como e cando pensan asumir ou cumprir estes retos?

Porque a moción que hoxe se presenta aquí, a que debatemos, fala de poder vivir en galego en todos os ámbitos e a realidade é moi teimuda, porque no noso país isto non é posible. Non é posible no ámbito educativo; tampouco é posible, por exemplo, no ámbito xudicial e, só por poñer outro exemplo —que tamén se tratou neste Parlamento en diversas ocasións na Comisión 4ª e como xa puxemos de manifesto—, non é posible tampouco no sanitario.

E lamento ter que repetirme de novo, pero é que non é o Grupo Socialista nin tampouco o Bloque Nacionalista Galego quen asumen esta situación de discriminación da nosa lingua. Dío tamén o INE, o IGE, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, as universidades, o propio Consello de Europa... É que non o estamos dicindo nós; isto é o que din todos estes organismos oficiais.

E volvemos facer algo de memoria, aínda que nos teñamos que repetir. Pero, como digo, é importante que marquemos a lume estes datos. O propio IGE —entendo que é un organismo incontestable— dinos que unha terceira parte dos rapaces e rapazas de cinco a catorce anos recoñece non saber escribir en galego e o vinte por cento asegura non saber nin falar nin ler na nosa lingua. Para o conselleiro —segundo escoitamos na súa interpelación— seica este dato non é importante, a pesar de que si manifestaba a preocupación polo uso. Nós non o comprendemos; parécenos bastante contraditorio o que viña dicir aquí o conselleiro, que manifestaba —como digo— preocupación polo uso entre a mocidade. Entón, ¿en que quedamos? ¿Hai preocupación ou non hai preocupación? ¿A mocidade usa o galego ou non o usa? Ben, ¿en que quedamos? Quedamos en nada, porque seguen sen facer nada.

Canto ao Consello de Europa, o Consello de Europa insiste continuamente en todas estas avaliacións que fai sobre o cumprimento das obrigas establecidas pola Carta europea das linguas rexionais e minorizadas. ¡Segue insistindo! Censura a política lingüística da Xunta de Galicia. Suxire eliminar as limitacións á docencia en galego en todos os niveis educativos, advirte de que o número de materias que se imparten en galego nos centros educativos onde se introduciu o inglés é demasiado baixo. Non o dicimos nós, dío —repito— o Consello de Europa.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Di tamén que o noso idioma ten moi pouca presenza —eu diría que nula— na educación infantil e que o material didáctico en galego tamén é insuficiente. Ou sexa, o Consello de Europa tamén nos dá a razón continuamente, ano tras ano, sobre as graves consecuencias que ten a política do PP sobre o noso idioma.

Pero é que tamén se dixo xa que a propia Real Academia Galega, non sei se hai un ano ou máis dun ano, elaboraba un estudo científico sobre a competencia bilingüe dos escolares galegos ao finalizar a ESO, a educación secundaria obrigatoria, co fin de medir o cumprimento do obxectivo establecido na Lei de normalización lingüística, que contén esa obriga de que o alumnado debe rematar a ESO con capacidade para empregar de forma correcta, adecuada e eficaz as dúas linguas oficiais de Galicia. Xa vimos que non é así, xa o vimos. E é que nese informe a Real Academia constata que existe un acusado desequilibrio en detrimento do galego e alerta —cito textualmente— «dunha situación pouco alentadora para o futuro da nosa lingua».

Entendemos que o Grupo Popular seguirá coa súa teima, na que tamén insiste o conselleiro continuamente, do ránking e as comparativas, pero a realidade é que nos últimos quince anos, nos que van do ano 2003 ao ano 2018, o número de galegofalantes se reduciu en máis de duascentas cincuenta mil persoas, ¡duascentas cincuenta mil persoas desde o ano 2003!

Así que, diante destas evidencias científicas —tamén se dixo e nós concordamos con que aquí estamos falando de evidencias científicas; non son sentires nin cuestións emocionais—, preguntámonos que interese ten o actual Goberno galego pola nosa lingua, cando invisten en materia de política lingüística un sesenta por cento menos do que se investía no ano 2009. Si, aquel ano do Bipartito, efectivamente.

¿Que interese ten o Goberno galego na nosa lingua se asumen con alegría a diglosia harmónica? ¡Mi madriña, a diglosia harmónica! ¿Que interese ten pola nosa lingua o Goberno galego cando aproba e mantén, pese á contestación do persoal experto, de todos os axentes implicados, de toda a comunidade educativa, un decreto de plurilingüismo que provoca que cada vez sexa menor o uso da nosa lingua entre a xente máis nova?

Xa non só o coñecemento; tamén o uso. ¿Que interese demostra o noso Goberno, cando o Consello de Europa asegura que a política lingüística da Xunta de Galicia —cito textualmente— «non respecta os dereitos das persoas respecto da súa propia lingua»? ¿Que interese ten o noso Goberno, cando, unha vez coñecidos os novos datos do INE, o presidente Rueda, lonxe de mostrar preocupación, o que fixo foi reivindicar a cordialidade lingüística de Galicia? Claro que é certo que ese mesmo presidente foi quen —non sendo presidente aínda— xustificaba nunha pregunta desta mesma deputada o uso do palabro «Sangenjo» se con el traïamos máis turistas, así que ¿que podemos agardar?

Miren, o que hoxe aquí se reclama, ao que, por suposto, xa adianto o noso voto favorable, non tería que ter ningún sentido se os gobernos dos señores Rueda e Feijóo aplicasen e desenvolvesen o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado, por certo, por unanimidade no ano 2004.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dito isto, e indo xa á moción concreta, sobre os tres primeiros puntos estamos cansas de solicitarlle ao noso Goberno que remita ao Parlamento as pertinentes avaliacións de informes. Estas avaliacións son imprescindibles, por suposto, para coñecer o impacto das políticas e propor melloras e novas liñas de actuación. Pero, señor Castro, o problema non é a remisión —tememos nós—, senón a elaboración desas avaliacións ou, de existir, tamén os resultados. Non podes remitir algo que non está elaborado, de igual maneira que non poden ou non queren remitir algo que non arroxa bos resultados. Triste, pero esa é a realidade.

Tamén concordamos na necesidade de modificar a Lei de normalización lingüística logo de corenta anos, tempo dabondo, efectivamente, para marcar novos obxectivos acordes xa á nova realidade. E, si, tamén pensamos que é preciso comezar un proceso de diálogo cos axentes implicados para avanzar na igualdade lingüística no ensino galego. O propio presidente da RAG —xa o dixemos— advertía nesa presentación da última investigación que o modelo lingüístico vixente no sistema educativo está consolidando os desequilibrios existentes no canto de compensalos.

En definitiva —e xa remato—, apoiamos, por suposto, esta iniciativa e rogamos ao Grupo Popular que teña unha maior empatía coas persoas que queremos vivir en galego no noso país.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Ferro Iglesias.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas, señorías.

Desde o noso grupo tamén nos sumamos para transmitir o pesar polo falecemento de García-Bodaño, un extraordinario poeta, grande académico e tamén un dos persoeiros clave na fundación do Museo do Pobo Galego. *(Aplausos.)*

Indo xa ao tema que nos ocupa, a facultade da linguaxe non é a única característica que singulariza os humanos fronte ao resto dos animais pero, sen dúbida, é a que a todos se nos fai moito máis evidente. A complexidade, riqueza e diversidade da linguaxe humana distínguena con claridade doutros sistemas de comunicación. Aínda é moi pouco o que coñecemos con certeza sobre como se orixinou esa asombrosa capacidade nos homínidos, mesmo a pesar das importantes contribucións da arqueoloxía e da xenética nas últimas décadas. E non é este tampouco o foro para escrutar o relato bíblico da torre de Babel do libro da Xénese.

O que si sabemos é que a posibilidade de comunicarnos por medio dunha lingua nos permitiu avantaxar outras especies e nos levou a organizarnos en sociedades complexas. Esta capacidade común ten expresión na diversidade lingüística. Podemos falar, e facémolo, empregando linguas que son máis ou menos comprensibles entre si e que ademais no seu interior

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se mostran diversas, por varios motivos: por idade, por clase social, por territorio, por formación ou incluso por circunstancia de uso.

Sobre a diversidade lingüística si que sabemos algo máis. Temos unha idea aproximada de cantas linguas se falan no mundo: máis de cinco mil. Coñecemos como as linguas van mudando. Podemos trazar o parentesco existente entre elas e tamén cales son as circunstancias que as poden levar á súa desaparición. Con todo, aínda non temos moita idea das orixes desta diversidade. ¿Proceden todas as linguas dunha única lingua orixinaria ou ben debemos supoñer que houbo un grupo de linguas orixinarias que xurdiron de xeito independente? Outra cuestión máis aínda sen resolver.

O mantemento da diversidade lingüística supón sempre unha riqueza cultural, social, histórica e mesmo económica. Conservar esta diversidade tamén nos permite trazar a historia das linguas e dos pobos. Permítenos, por exemplo, saber que o primeiro compoñente de Celanova está vinculado cos nomes comúns «cela», un cuarto pequeno dun convento, e «celeiro», almacén ou bodega, co topónimo Celeiro e tamén co alemán «*Keller*», significado como «soto», e mais o inglés «*cellar*», como «soto» ou «bodega».

E isto mercé a que non todos falamos a mesma lingua. Non é malo, polo tanto, ter capacidade de falar moitas linguas. ¿Poden coexistir pacificamente dúas linguas no mesmo territorio? Os estudos son claros e din que a resposta é afirmativa.

Si que poden existir, sempre que se cumpran dous factores importantes. Un, que as dúas linguas teñan unhas similitude a partir dun corenta por cento e outro que o Goberno que estea nese momento manteña un status similar das dúas linguas. Na primeira parte, loxicamente, a intervención de Política Lingüística é nula, porque non depende dela. O galego e o castelán teñen unha aproximación lingüística dun oitenta por cento. Polo tanto, nese factor estamos totalmente cubertos. E no segundo factor, no status similar, é do que se preocupa e ocupa e no que traballan a Consellería e Política Lingüística. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Quero agradecerlles, antes de nada, que por primeira vez na súa iniciativa non pidan expresamente a derrogación do Decreto 79/2010. Pero non sei se iso é un mero xesto ante unhas próximas citas electorais ou se responde a un cambio real na tradicional posición ideolóxica e política do Bloque Nacionalista Galego. No debate da interpelación do pleno anterior afirmaron que non están en contra do plurilingüismo pero, por outro lado, téñense manifestado en reiteradas ocasións en contra, chegando a falar do timo do plurilingüismo e pedindo a derrogación do decreto. ¿A quen podemos e debemos facer caso, entón? Pois a verdade é que non o sabemos desde o noso grupo. Non sabemos, señorías, se están vostedes nun nacionalismo moderado ou están nun independentismo.

Non hai moito tempo asistimos a una renovada mensaxe sobre a pretensión de abrir un novo tempo de futuro, de pensar unha Galicia en grande para ensanchar a organización nacionalista. Pero o malo é que iso predícano e dino aquí en Galicia, mentres o seu portavoz en Madrid di e proclama que Galicia será máis cedo que tarde unha república libre é soberana. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Teñen, polo tanto, vostedes —vexo que estou no

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

certo—, un problema de credibilidade, pero niso aos galegos non os enganan, porque o saben perfectamente. *(Aplausos.)*

Hai menos dun ano falaban neste Parlamento do «decreto da vergoña», cualificaban de «farsa» o plurilingüismo e afirmaban que un Goberno do BNG derrogará o Decreto. Todos estes antecedentes, de hai menos dun ano, como comprenderán polo menos suscítannos unha dúbida razoable sobre as súas intencións coa proposta que nos traen hoxe aquí.

Pola nosa parte, entenderán que sendo o grupo maioritario desta Cámara, o que sustenta o Goberno galego, apoiamos a política lingüística que desenvolve a Xunta de Galicia e que ademais —que é o máis importante— contou co aval dos galegos e das galegas en catro citas electorais.

Na súa moción, nos tres primeiros puntos, marcan unha solicitude de balances, de informes, de datos e de avaliacións. Vostedes reiteradamente e con moita frecuencia pretenden trasladar esa dobre idea á cidadanía; esa idea de que a Xunta non cumpre coas avaliacións e que non os informa. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades rende contas neste Parlamento, ás veces por petición dos grupos parlamentarios e outras por petición propia. Cada ano, o secretario xeral de Política Lingüística comparece para avaliar as políticas de promoción e fomento do galego e fai balance e responde ás críticas e ás inquedanzas dos grupos. Pero vostedes confunden que non hai balance co feito de que non comparten as explicacións que se dan neses balances.

De feito, como poden ver, xa non lles estou dando datos nin balances por dous motivos. Porque non os cren —entón dificilmente nos podemos entender— e porque xa llos deu ben pormenorizadamente o conselleiro na interpelación. E porque nós non utilizaremos nunca a nosa lingua nai para crear confrontación e división entre os galegos. As linguas son para todo o contrario, para unir e para entenderse. *(Murmurios.)*

De verdade que dende o noso grupo tendémoslles a man. Alegrámonos de que no texto da súa moción coloquen a palabra «consenso», pero xa saben que unha cousa é predicar e outra dar trigo. Vostedes desde o ano 2010 negaron calquera posibilidade de entendemento. ¿Saben por que? Porque pensan que o galego se defende como di o Bloque ou directamente non se defende. É esta unha constante repetición da súa postura ideolóxica.

Con todos estes antecedentes comprenderán, señorías, que non resulta doado crer que o BNG teña unha vontade real de consenso no ámbito lingüístico, porque leva anos negando a lexitimidade dun Goberno do Partido Popular que lidera unha política lingüística que escapa de posturas maximalistas e da confrontación. Para defender a nosa lingua fai falla unha política lingüística integral e en positivo, como está a facer a Consellería. E tamén hai que respectar o marco normativo acordado por consenso e que vostedes queren modificar ao seu gusto. Ese marco normativo da política lingüística da nosa comunidade vén definido, como saben, pola Constitución, polo Estatuto de autonomía, pola Lei de normalización lingüística de Galicia —que, por certo, celebraremos este ano os seus corenta anos de vixencia— e polo Plan de normalización lingüística da lingua galega.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Baixo este marco, en Galicia non caben monolingüismos, nin as políticas que acaben cunha convivencia cordial e harmónica. En Galicia non queremos o monolingüismo. A Xunta de Galicia defende unha política baseada en tres cuestións fundamentais: o respecto ao marco normativo vixente, a atención ao sentir da maioría dos galegos e das galegas e a aposta por garantir o futuro do galego en todos os ámbitos, sempre dende o respecto, a tolerancia e a liberdade. A lingua, señorías, é de toda Galicia; a lingua é unha riqueza que temos todos os galegos, un motivo de orgullo que entre todos debemos coidar e potenciar. *(Aplausos.)*

Fronte ás constantes críticas e o afán de acaparar a defensa do galego que teñen vostedes, desde o noso grupo cremos que a cidadanía está a entender que o Goberno galego traballa para adaptarse aos novos tempos e para crear aptitudes positivas cara ao galego, coa aspiración de lograr ampliar os usos da nosa lingua no conxunto da sociedade e, sobre todo, entre as xeracións máis novas. O noso grupo apoia a política lingüística da Xunta porque afronta a defensa da lingua galega traballando en positivo e cun enfoque integral para avanzar no ensino, na cultura, no mundo dixital, no eido familiar, no ámbito socioeconómico, no deporte e, sobre todo, na mocidade.

En política lingüística a Xunta traballa pola convivencia lingüística e por lograr que os cidadáns vexan a utilidade das nosas dúas linguas cooficiais. Por iso promove e fomenta que se coñezan as dúas e se usen plenamente en liberdade, e así o imos continuar facendo.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ferro.

Polo grupo autor da moción, o señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas de novo, presidente.

Grazas ao Grupo Socialista polo si a esta proposta.

O papelón foi importante e de verdade lle digo que fácil non debeu ser. Pero dicir que, ante unha proposta que lle pide ao Goberno que entregue o traballo que tiña que entregar, que faga o que puxo no Plan estratéxico 2022-2030, que fagamos un novo consenso da Lei de normalización lingüística, despois de corenta anos, entre todos e entre todas, e que intentemos chegar a un novo texto lexislativo sobre o galego no ensino, é falar de confrontación... Confrontar é estar nunha manifestación da ultradereita sobre un acordo que firmaron todos os grupos políticos e poñerse da man da ultradereita española para intentar arañar uns votiños desa ultradereita españolista. *(Aplausos.)* Iso é confrontar.

Ademais, repetiu bastantes veces o do «timo do plurilingüismo». É que foi un timo, e non llo dixo o Bloque Nacionalista Galego; dillo tamén o Partido Socialista, dillo a Real Academia, dillo o Consello. ¿Por que, ao final, saen titulares como que o 74 por cento dos galegos e galegas, dos rapaces, non entenden nada de inglés? O timo do plurilingüismo veu en que vostedes dixeron que ía ser un terzo en galego, un terzo en castelán e un terzo inglés, e resultou sendo un terzo en galego e dous terzos en castelán, porque de inglés, nada, porque nin plurilingüismo, nin liberdade, nin igualdade.

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Éncheselles a boca a falar de liberdade, pero vanme dicir vostedes a min como pode haber liberdade se os nenos e nenas non poden xogar en galego, se os nenos e nenas non poden ver a tele en galego, se os nenos e nenas non poden estudar o galego nas cidades... O 8 por cento de clases en galego nas cidades na educación infantil, ¿de onde sae? ¿Iso é liberdade? Claro, poden falar de liberdade, pero sen a igualdade non se vai acadar. E é o que estamos poñendo. Volven poñer nas nosas palabras, na nosa boca, a palabra «monolingüismo». ¿Quen falou aquí de monolingüismo?

En canto ás avaliacións, acabamos de saber que o secretario xeral de Política Lingüística, cando vén comparecer á Comisión, ten forma de papel e vén enmarcado; é unha avaliación. Teñen a obriga de facelas por lei, solicitámolas polo artigo 9, e non as entregan. Non fan o seu traballo. E despois, cando poñen no Plan estratéxico 2022-2030 que teñen que traballar para que quede garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos, se o desexar, ¿como se fai?, ¿con 800.000 euros máis nos orzamentos, sen chegar a ser nin a metade do último orzamento de 2009? Así é bastante difícil.

Vostede di que está garantido, ademais, o uso do galego, e que os datos así o reflicten. A Universidade de Vigo: «O 95 por cento dos mozos da Xeración Z usa só o castelán, ou máis castelán que galego». ¿E iso é un dato positivo? Queden tranquilos, deben ser o único goberno do mundo que queda tranquilo e non pasa nada sabendo que a lingua do seu país perde falantes, e somos nós os que vimos atemorizar. Non, o galego é patrimonio de todos os galegos e galegas, e o que queremos é que se siga usando. *(Murmurios.)* Son vostedes os que incumpren día tras día a lexislación e o acordo que todos acadaramos; e xa non falemos do Partido Popular de Baiona, nin falemos das campañas da Xunta de Galiza, que incumpren a Lei de normalización lingüística.

¿Dixo vostede algo de que o traxe de 1993 vale para o de agora? Eu creo que non; eu, sinceramente, creo que non. E, ademais, o que é bastante triste é que sei que hai deputadas e deputados do Partido Popular, alcaldes e alcaldesas do Partido Popular, aos que non lles gusta este Decreto do plurilingüismo. Eu sei que se lles vai falar aos seus veciños e veciñas das bondades do Decreto do plurilingüismo en Celanova, seguramente non llo cumpran, porque hai moitísima xente do Partido Popular que é galegofalante, por suposto, e é marabilloso, porque é un patrimonio de todos os galegos e galegas. Son vostedes os que o queren destruír.

Polo resto, co Bloque Nacionalista non conten. Nós vimos aquí para sumar e, se non o fan agora vostedes porque non queren por puro sectarismo, farémolo cando gobernemos. *(Murmurios.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as listas de agarda non estruturais do Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

No pasado pleno, o BNG interpelaba o conselleiro de Sanidade polas medidas que tiña pensado implementar para solucionar as inaceptábeis listas de espera hospitalarias. Preguntabámoslle polos constantes limbos nos que non se sabe onde están os doentes, polos limbos que median entre cando se rexistran as peticións e se cita para consultas, para realizar as probas diagnósticas, para as consultas sucesivas, para as intervencións cirúrxicas, para as revisións. Preguntabámoslle polos recorrentes peches de axendas, onde neste tempo tampouco se rexistra ningunha petición, porque non hai axendas. Preguntabámoslle pola expulsión das listas de espera estrutural daquelas persoas que rechazan ir a un centro privado a ser atendidas, ben por unha proba diagnóstica ou por unha intervención cirúrxica. E o conselleiro pois non contestou a ningunha destas preguntas que lle fixemos. Non contestou porque os datos das listas de espera do Partido Popular son auténticos publirreportaxes e que en nada se compadecen coa realidade. Podiamos aplicarlle aquilo de que «que a realidade non lles estropee o titular». E o PP, efectivamente, como dicía o meu compañeiro Dani, está convertido nun auténtico negacionista, porque negan, negan e volven negar a realidade que todos os galegos e galegas sofren e padecen no que respecta, neste caso, á sanidade pública un día si e outro tamén.

Eu tamén teño que dicirlle que é un negacionismo inútil porque xa ninguén os cre. Detrás de tanta sobreactuación —hoxe pola mañá viamos aquí a sobreactuación do señor Pazos—, está a realidade; está a realidade, señoras e señores deputados do Partido Popular. E o conselleiro, sen avermellarse, despois de acusarme de mentir cando denunciaba que os doentes que non aceptan ir á privada son sacados da lista estrutural, afirmou —e leo literalmente—: que os pacientes que por vontade propia rexeitan ir a outro centro teñen sempre garantido o seu tempo de espera dende a inclusión no Rexistro de Doentes. Dixo que en ningún caso se lles pasa ao final de ningunha cola nin se lles fai agardar máis. E díxoo así, sen avermellarse.

Mais, ¿cal é a realidade que viven todos os días os galegos e as galegas? A realidade é a desta persoa *(A señora Prado Cores amosa un documento.)* —que me autorizou a dar o seu nome, pero non o vou facer público porque tamén sei como as gasta o Partido Popular, aínda que non teño ningún problema en deixarllo despois ao presidente—. Está aquí co seu nome e apelidos, que me autorizou a que se faga público. Di que a introduciron na lista de espera o 9-3-2022, é dicir, hai un ano, con prioridade 2, é dicir, un tempo máximo de 90 días para ser atendida da súa patoloxía, e que, como non a daban chamado, presentou reclamación a ver que pasaba co seu proceso de saúde porque un problema de traumatoloxía a invalidaba para poder desenvolver a súa vida. ¿E que lle contestaron? Contestoulle a Xerencia de Ourense —que está aquí tamén co número de rexistro e demais, por se alguén cre que o BNG inventa a dramática situación na que viven os galegos e as galegas—: «En relación co seu escrito de referencia, o doente non aceptou a derivación a centro concertado. Por ese motivo, quedou en situación de doente en espera tras a denegación (espera non estrutural). O rechazo supón

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que será operado no noso centro, segundo desexa» —ou sexa, con retranca—, «mais sen prazo para a realización da intervención cirúrxica».

Outra contestación, noutra reclamación da mesma persoa: «Cando o usuario rechace os centros alternativos ofertados para a realización da asistencia, continúa no Rexistro de Doentes, pero coa perda da garantía para ser atendido e a expensas da capacidade resolutiva do centro. Polo tanto, non hai prazo para a realización da súa intervención». *(Aplausos.)*

Esta é a realidade. Vaian dicirlle ao conselleiro que esta é a realidade e que o BNG nin esta voceira vén aquí mentir; simplemente vén aquí reflectir a realidade do que está pasando. E estou falando de reclamacións deste ano, non estou falando de algo que pasara..., estou falando deste ano.

Igual que esta doente, neste caso na Mariña, que ten que facer unha colonoscopia e a derivan a un centro privado de Lugo, en concreto a Polusa —non hai ningún problema en dicilo porque é onde derivan a maioría dos procesos—, e di que non, que quere ser atendida na sanidade pública. ¿E que lle contestan? Di: «Se me nego, tardarán moito en chamarme de novo para facelo en Burela». E di: «Non tolero que se me castigue deste xeito. Pido por favor que non se me castigue por escoller a sanidade pública». ¿A vostedes parécelles normal, señoras e señores do Partido Popular, que unha galega teña que pedir por favor que non se lle castigue por pedir sanidade pública? *(Aplausos.)* ¿De verdade que esta é a sanidade pública que vostedes din defender? Esta é a realidade, señoras e señores do Partido Popular.

Podemos falar de máis exemplos. Eu dixen aquí, sen ningún... —e volvo repetilo—, que hai doentes que denuncian como se actúa para enmascarar as listas de espera, e fixen referencia a un xefe de servizo; un xefe de servizo en concreto do CHOP, de Pontevedra, que presentou a súa renuncia hai uns anos e dixo que dimite *(A señora Prado Cores le un documento.)* «tras meses denunciando a depauperación do servizo e os métodos do Servizo Galego de Saúde para camuflar o número de enfermos e derivar doentes á privada». Nunha carta explicou os trucos das citas consecutivas antes da inclusión en listas de espera e as consecuencias para os doentes. Di que as consultas de cataratas —porque era o xefe de Servizo de Oftalmoloxía neste hospital—, polo seu carácter de citas consecutivas, non saen en letra en números vermellos nos cadernos de cadro de mandos. Mais o método é sinxelo: se a un doente se lle diagnostican cataratas, o oftalmólogo dille que ten que operarse, e, en vez de incluílo de inmediato na lista de espera cirúrxica, a Administración hospitalaria derívao a outra consulta posterior para outro especialista e a cita pode demorar máis dun ano. Isto *(A señora Prado Cores levanta o documento.)* denúnciano os doentes, non o denunciou o BNG, nin é mentira que isto estea pasando. Vostedes altéranse moito, pero non porque esta sexa a realidade; o Partido Popular altérase porque coñece a realidade. *(Aplausos.)* ¡Altérase porque coñece a realidade!; *(Aplausos.)* a realidade denunciada por doentes, a realidade denunciada por profesionais, a realidade denunciada nos medios de comunicacións por doentes que din: tiven que ir coa miña nai ata cinco veces a Urxencias porque nin lle daban feito un TAC para ver que medicación necesitaba e como continuar co seu proceso. Unha doente di que tivo que ir á privada para que lle fixesen unha proba porque na pública non lla facían, e o seu tumor pasou de 6 a 15 centímetros. Unha doente dixo que tivo que tirar de enchufe para que a operasen, sendo un cancro de mama, porque tardaban moito en facelo... Podiamos sacar aquí

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

casos e casos. Ou as denuncias da propia Valedoría do Pobo, da propia valedora do Pobo, que reclama do Sergas a programación das citas en atención especializada, que se realicen respectando os tempos asignados polos profesionais, que se cite os doentes cando os profesionais din que teñen que ser citados, que se programen as probas diagnósticas para poñer tratamentos cando os profesionais din que teñen que facerse esas probas diagnósticas. ¿Quen insulta aos profesionais aquí, señores e señoras do Partido Popular? Insúltaos o Sergas e o Partido Popular cando non atenden as súas demandas, *(Aplausos.)* ¡cando non atenden as súas demandas!, e a Valedoría do Pobo nos seus informes públicos colgados na páxina web da propia Valedora do Pobo.

Polo tanto, esta é a situación; a situación de que o Partido Popular leva catorce anos poñéndolle alfombra vermella á sanidade privada; catorce anos actuando como comercial das empresas privadas dos fondos de investimento; catorce anos como cabalo de Troia, como quintacolumnistas, desde a Consellería, para destruír a sanidade pública desde dentro, promovendo a deterioración, a fragmentación e a privatización do sistema, promovendo a deterioración da sanidade pública, promovendo a incapacidade do sistema para dar resposta. Todo isto para xustificar a derivación á privada.

E as listas de espera son precisas para poder xustificar esa derivación. Se non hai listas de espera, se o sistema público atende os doentes cando o precisan, non se precisa a sanidade privada; por iso esa actuación constante do Partido Popular. ¿Que fixo o Partido Popular? Aumentar o orzamento destinado á asistencia sanitaria con medios alleos, que está en máis de 205 millóns de euros; medidas lexislativas como a Lei de garantías de tempos de espera, para facer legal poder derivar á sanidade privada; ter concertadas 1.654 camas —polo tanto, o 75 por cento das camas hospitalarias privadas sostéñense con fondos públicos—; ou —o último— facilitarlles aos profesionais da pública que poidan ir á sanidade privada a traballar. É dicir, negocio redondo. O Sergas pon os doentes, o Sergas facilítalles a man de obra, os concertos, as derivacións; e as multinacionais, a facer caixa. Negocio absolutamente redondo. E as consecuencias non son estatísticas, as consecuencias son dor e sufrimento de miles de galegos e de galegas, que non son atendidos en tempo; as consecuencias son os diagnósticos tardíos; as consecuencias son un aumento da mortalidade, que se ten multiplicado nos últimos anos.

E as medidas que propón o BNG nesta moción son para que deixen de maquear a realidade, facendo que miles de persoas desaparezan das estatísticas, que rematen coa opacidade, coa falta de transparencia. Demandamos que se fagan públicas todas as listas de espera —as estruturais, as non estruturais, as dos caixóns, as dos buzóns—, que fagan públicas as listas de espera; que teñan a valentía de facelas públicas, para que se saiba cal é a realidade, e que fagan públicas todas as persoas que están pendentes de citas porque non hai axendas, as que non están rexistradas en ningún lado; que fagan pública esa situación. Igual que que fagan públicos e arbitren mecanismos para que cada persoa que está nunha lista de espera saiba en que situación está. Rematen con esa situación, con ese sufrimento que supón a práctica do «xa o chamaremos», porque a práctica das políticas sanitarias do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRADO CORES: ...instala miles de galegos e de galegas no tema de «xa o chamaremos», «xa veremos cando o atendemos».

Se de verdade lles importa algo a saúde dos galegos e das galegas, non teño dúbida de que van votar a favor destas medidas que hoxe propón o BNG.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Dende o noso grupo queremos manifestar que votaremos a favor da iniciativa, que, aínda que na parte propositiva é ampla e longa, trata de afrontar una cuestión problemática das listas de espera.

As listas de espera son, probablemente, un dos elementos máis frustrantes para o usuario do sistema sanitario en Galicia. Particularmente, creo que todos coñecemos —seguro, algúns máis que outros, pode ser, pero non é ese o dato— algunha situación dunha espera longa e probablemente difícil de explicar no sistema sanitario. Esta é unha realidade da que é imposible que ninguén escape. Polo tanto, a nosa intención neste debate é falar do que pasa de verdade. Despois seguramente escoitaremos algunhas intervencións sobre se a culpa é de non sei quen, ou campañas electorais. Pero a nosa intención neste debate é falar do que pasa de verdade.

O que pasa de verdade é que a xente non está entendendo por que espera tanto. E é un problema, é un problema grave, porque está ocorrendo unha situación moi problemática, ademais, das esperas en sanidade, e é que a cidadanía está perdendo a capacidade de confiar na capacidade resolutiva do propio sistema sanitario. E isto é moi grave, gravísimo; é probablemente unha das consecuencias máis drásticas da calidade que estamos perdendo. O cidadán está empezando a non fiarse tanto do sistema sanitario, e isto é un problema, porque sabe que os profesionais —cando chega a eles— son fabulosos, fantásticos. Probablemente non hai ningún lugar do mundo que poida presumir de ter mellores profesionais —igual de bos non llo imos discutir, pero mellores é imposible—. O problema está na accesibilidade ao sistema. E o cidadán sabe que hoxe —e isto é moi grave— non ten plenamente garantido o seu dereito á asistencia sanitaria no sistema sanitario público de Galicia. Esta é unha realidade durísima porque hoxe non é certo que haxa capacidade de ser atendido realmente en condicións reais e eficientes no sistema sanitario público de Galicia. ¿Por que? Porque seguimos pagando as épocas en que vostedes aplaudían enfervorecidamente recortar o sistema público. *(Aplausos.)*

E, ademais, vostedes argumentan con dúas cuestións que son non só falaces, senón insultantes, porque saben que son mentira. A primeira —non vou perder moito tempo nesta— é

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cando vostedes veñen aquí dicir: é que outros gobernos anteriores... Debe ser que, ademais, antes de 2005, non existía nada, non existía nada en Galicia; Galicia era un eiral. Chegaron aquí en 2005, alguén puxo un goberno horrible e menos mal que chegaron os salvadores da patria. Antes do 2005 non existía nada, era un mundo. En todo caso, vostedes argumentan: antes concesionábase máis e destinábase máis diñeiro, máis cartos, á privatización. ¡Mentira!, e é moi fácil de explicar. Cando vostedes queiran, facemos as contas como persoas adultas e sensatas. Non é o que se orza, é o que se executa. Vostedes poden orzar cero, pero se pasan o ano cambiando partidas para, ao final, gastar 1.000, vostedes poden dicir: é que orzamos cero; pero gastamos 1.000. E o gasto que se fixo durante os últimos anos progresivamente en concesións e en derivacións ao sistema privado é cada vez maior —en anos crece máis; en anos crece menos—, pero crece todos os anos. E isto, se alguén quere falar como persoas adultas, podemos velo con datos na man e tardamos 40 segundos en comprobalo: o orzamento executado de cada ano. Punto, acabouse o debate, e sigan por aí todo o que queiran.

Segunda cuestión, os datos das listas de espera son falsos. Non o dicimos nós —que o dicimos sempre—, dío o Consello Consultivo constantemente, e sábeo calquera profesional sanitario do sistema, ¡calquera! Dá igual a quen vote, dá igual o que pense, ¡calquera! Sabémolo todos os que estamos aquí sentados: son falsos; e o sistema de cómputo é moi fácil de explicar, porque é falso.

Se vostedes van ao seu médico de cabeceira, que detecta que ten vostede un problema que necesita dunha consulta en Otorrino e o derivan ao otorrino, ¿que é o que lle van dicir cando pide cita? A frase máxica do sistema: «xa o chamaremos». Vostedes van esperar —dáme igual a cifra aquí—..., vamos poñer, seis meses. Pois dentro de seis meses van chamar e vanlle dicir: en dúas semanas ten vostede a cita. ¿En canto computa o Sergas a cita en demora? En dúas semanas. ¿Canto esperaron vostedes? Seis meses e medio. ¡Os datos das listas de espera son falsos! *(Aplausos.)* E, a partir destas dúas mentiras —construídas para intentar tapar a situación, pero que, se queremos falar de verdade como adultos, temos que deixalas á parte, porque son falsas—, vaiamos á realidade porque, por se acaso, hai que contrastala.

Miren, se un quere traer casos, pode. Vostedes saben que eu non son moito tampouco de traer casos, pero, falando desta cuestión, moita xente trasladoume: tes que contar o meu caso. Porque a xente ten a vontade de que se enuncien os seus casos, aínda que só sexa ás veces por desafogar. Todos os que están nestes días implicados en campañas municipais saben que aí os veciños moitas veces queren que se fale do seu caso; ás veces case nin sequera por resolvelo, pero porque se fale, por una cuestión de desafogo, e está ben.

Miren, citei antes un caso de Otorrino. A unha muller, cunha operación sinalada polo seu otorrino como urxente en novembro, díxolle que en menos de quince días necesitaba ser intervida. En febreiro chamárona para dicirlle que llo ían facer noutro hospital, porque nese era difícil —en febreiro—. Estamos en marzo, ¿e para que a chamaron? Para dicirlle que a ían devolver ao hospital orixinal, onde, por certo, aínda non ten cita. Antes citaba o señor Castro a Juan Pardo. Esta foi máis de Xil Ríos: «xirarei e xirarei», e segue dando voltas no sistema. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Revisión de xinecoloxía. ¿Por que? Por un caso incipiente de endometriose. ¿Sabe en canto cita aproximamente un xinecólogo que quere facer as revisións? En seis meses. ¿Canto sería natural retrasarse? Pois ata sete ou ata oito. ¡Pois once meses!

Consulta preocupado un médico de cabeceira ou unha médica de cabeceira por una consulta en Uroloxía preferente. ¿Saben canto leva esperando? Sete meses; por suposto, sen recibir ningunha chamada.

Unha muller que me consultou onte pediume que contase que as súas probas preoperatorias —xa saben que cando van operar fan unha pequena proba por cuestión das operacións; son algunhas probas que fan— caducaron. Ela di que «caducaron». Bueno, xa sabemos que a proba non caduca, pero hai que facela próxima á operación. Caducou, é dicir, que o propio sistema a citou para facer o preoperatorio e non foi capaz de responder nin ao seu propio *timing*. ¡Asombroso!

Outro caso que coñezo en Cirurxía Maxilofacial —coñézoo, porque é amigo meu—. Era urxente, tan urxente como que tivo a recomendación de deixar algunha actividade —entre outras, a laboral, porque tiña algún problema por unha actividade física—. Deixou a actividade laboral. ¿E sabe que pasou? Que aos oito meses de espera no traballo dixéronlle: mira, hai que volver; e volveu. E cando pasou máis dun ano dende o primeiro día que llo dixeron, chamárono. ¿E sabe que pasou cando o chamaron? Que lle deron unha cita, pero despois adiáronlla tres veces: catorce meses de espera para facer a cirurxía.

Coñezo unha señora maior que ten un problema de mobilidade co ombro; bueno, cústalle máis movelo. Necesita una cita de Traumatoloxía. Iso lle dixo o seu médico de cabeceira a finais de maio; pois tívoa agora.

Hai un señor que me pide que traslade o seu caso sempre. Este cóntamo eu creo que unha vez ao mes, e van varios meses. Ten 78 anos. O seu médico díxolle que tiña que ser visto polo cardiólogo. Van catorce meses.

Pódolles seguir, pero é que a vostedes seguro que lles chegan as mesmas cousas, ¡seguro! Eu escoitei moitísimas veces neste Parlamento que iso eran anécdotas: «para intentar desgastar o Goberno, tráennos vostedes anécdotas». E teñen vostedes o sistema cheo de anécdotas, cheo de anécdotas. Temos un problema gravísimo fundamentalmente por causa de que non temos a dotación de profesionais suficiente.

Por certo, non lles citei ningún, non fai falta que haxa argumentario de que a culpa é de Pedro Sánchez, porque non, deixaron de convocar 100 prazas MIR este ano. É dicir, non me entren..., non veñan con cousas que, en realidade, os que sabemos diso sabemos que son mentira. ¡É que non quero entrar nese debate! Non citei ningún caso de Oncoloxía porque si que quero dicir que son servizos —e dígoo sempre— que funcionan moi ben en Galicia. Son áxiles, rápidos e cun nivel de experimentación fabuloso. Nós cremos que aí si que hai algúns problemas, pero é delicado sinalar algunhas cuestións referidas a iso porque en realidade non ocorren. ¿Pero sabe o que si que pasa? Que hoxe os radiólogos da Coruña emiten unha carta na que din algo tan grave como que non é que lles falte persoal —que lles falta—, que

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non é que o sistema estea saturado —que está saturado—, din que o equipo de radiólogos da Coruña presentaron un escrito ante a súa dirección para explicar a situación. ¿E sabe que lles contestaron? Nada. Non lles contestaron aos propios radiólogos do centro.

Dimitiron os xefes de Interna de Santiago e de Ourense; dimitiu o xefe de Xinecoloxía en Santiago; dimitiu —citouse aquí— o xefe de Oftalmoloxía en Pontevedra, contando como se trucan as listas de espera; dimitiron a xefa do Distrito Sanitario de Valdeorras, a directora de Atención Primaria en Vigo, o director de Procesos Asistenciais no Salnés. Podo seguir, é un relatorio enorme. ¿Saben por que? Porque o sistema non dá máis.

Por certo, isto non se soluciona habilitando a compatibilidade público-privada para algúns médicos nalgúns lugares, porque se queren e nos poñemos como adultos contamos tamén o que pasa. E póñanme aquí as leis que queiran, póñanme as incompatibilidades e compatibilidades que marque a lei que queiran. Se queren, falamos como adultos e falamos do que pasa cando un médico compatibiliza con moita alegría flexibilidade e permiso da dilixencia, a súa clínica privada e o seu labor público, contámolo. Se queren, contámolo; nós non lle temos medo a ninguén, non temos que comprar vontades de ninguén, contámolo. E iso tamén vai en contra do sistema.

Por tanto, se vostedes queren, falamos de verdade. A realidade está aí fóra como dicían en *Expediente X*, isto non é un expediente x, isto é unha cousa máis complexa que iso, non é unha serie de televisión. Se queren, falamos disto. Se queren vostedes vir aquí facer campaña para Feijóo outra vez e dicir que a culpa é de Pedro Sánchez, fágano. Ao final, se vostedes non queren entrar no debate, este debate darase fóra de aquí. Se vostedes queren entrar, aínda teñen, por agora, a capacidade de solucionalo, podémolo facer. Pero hai que falar en serio dunha realidade que é evidente, que vostedes poderán discutir o que queiran,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...poderán argumentar aquí o que queiran, pero saben que isto está nunha situación crítica. E agora veñan aquí e decidan que tipo de debate queren facer.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Señora Prado, eu penso que o outro día o conselleiro deixou ben claro aquí o que pasaba coas listas de espera, pero hoxe imos remarcalo.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pese a que a situación epidemiolóxica é moi positiva e que a covid-19 está baixo control, é certo que, no que se refire ao sistema hospitalario, a pandemia aínda non rematou. E penso que vostedes saben, tanto no BNG como no Partido Socialista, e son conscientes de todo o que pasa, pois aínda temos moitos médicos de baixa pola covid e seguimos facendo PCR a cada paciente que ingresa no hospital para unha cirurxía.

E as consecuencias do coronavirus fixéronse notar en todos os sistemas sanitarios. Aquí en Galicia tamén, dando, por suposto, lugar a un aumento na espera media para as cirurxías e para as probas. Pero é certo que a nosa comunidade contivo bastante ben este aumento e foi moito mellor que noutras comunidades autónomas gobernadas tanto polo PSOE como polos amigos do Bloque Nacionalista Galego, os independentistas. Así que tan mal non o deberon de facer nin os xestores da nosa sanidade nin os profesionais que traballan nela. Isto é un feito, é medible e constatable con datos. E, neste sentido, temos que destacar que, aínda sen ter recuperado os datos de 2019 —por certo, os mellores datos en lista de espera acadados en toda a serie histórica do Sergas—, eses tempos de agarda fóronse contendo. Tanto é así que segundo os últimos datos oficiais ofrecidos polo ministerio —non sei se son falsos para o señor Torrado ou é unha publirreportaxe para a señora Prado—, pero Galicia sitúase entre as cinco comunidades con menor lista de espera. E dubido moito de que atribúan ao ministerio algún tipo de complicidade co Partido Popular, máis ben todo o contrario.

Eu vou falar de datos, vou falar da realidade, porque mire: eu xa teño moitos anos e acórdome cando empecei nesta profesión que publicabamos a propósito dun caso, despois ensináronnos que era moito mellor falar de estatísticas e de moitos casos. Así que eu vou dar datos:

No que se refire a primeiras consultas, o tempo medio de espera que temos é de cincuenta e cinco días; dez días menos dos que tiñan vostedes no Bipartito. E, desde logo, moi por debaixo do que ocorre no resto do Estado, que é de setenta e nove días. As comunidades gobernadas tanto polo Partido Socialista como polos partidos independentistas teñen peores datos. E vou citar, por exemplo, a Canarias, que ten a ratio de cento un días, e a ministra de Sanidade é canaria. Podemos explicar algo por aí, enténdense moitas cousas. Ou Cataluña, por exemplo, señores do BNG, oitenta e dous días.

Se falo de espera cirúrxica, Galicia é a cuarta comunidade con mellor dato: setenta e cinco días, trinta e oito días por debaixo da media española. Por certo, unha cifra case similar ao que ocorría no 2008, que tiñan setenta días, sen pandemia e cunha situación económica moito máis favorable.

Eu non sei que lecciónns nos queren dar, señorías, pero xa o dixo antes o meu compañeiro: unha cousa é predicar e outra dar trigo. *(Aplausos.)* Vostedes só tiñan cinco días menos do que ten hoxe un Goberno do Partido Popular tras unha crise sanitaria sen precedentes. E, desde logo, estamos moi por debaixo do PSOE ou de socios do BNG. Estamos falando do Partido Socialista que goberna Estremadura, cento trinta e nove días; Cataluña, cento cincuenta e cinco. Vólvolles recordar: Galicia, setenta e cinco.

E remarcóullelo o conselleiro no pasado pleno, e eu vólvollelo dicir aquí: Galicia conseguiu que as patoloxías con prioridade 1, as máis graves, apenas se visen afectadas polo impacto

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da pandemia na actividade hospitalaria. Con dezanove días de media de espera atópase moi por debaixo deses corenta días que tiñan cando vostedes estaban no Bipartito. E é que os mellores datos da lista media de espera desta comunidade se conseguiron cun Goberno do Partido Popular no 2019: corenta e dous días para as primeiras consultas e cincuenta e catro para as cirurxías. Así que, señorías, lecciónS, ningunha.

E nós non nos alteramos, señora Prado, escóitese vostede e verá quen está alterado e quen non. *(Aplausos.)* Señora Prado, a consellería non ten ningún inconveniente para presentar os informes sobre as derivacións a eses centros alleos dos que vostede fala. Xa se teñen presentado, pero coido que deberiamos de aclarar algunha cuestión dos centros concertados.

Parece que pensan que a figura da concertación a inventaron os gobernos do Partido Popular de Galicia. Eu recórdolles que o seu uso se atopa contemplado tanto na Lei xeral de sanidade, do 25 de abril do 1996, como no Real decreto 605/2003. E, de feito, emprégase na totalidade das comunidades autónomas, señorías.

E son centros concertados autorizados pola Consellería de Sanidade e acreditados pola Inspección das xefaturas territoriais da Secretaría Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios. Cumpren cos estándares de calidade e seguridade exixidos polo Goberno galego e a calquera centro público. E, por suposto, ao paciente explícaselle que todo é financiado polo Sergas, e digo todo: a intervención, a hospitalización e todas as consultas necesarias para o seu proceso.

E eu escoitei aquí esta mañá algo da tarxeta de crédito. Eu recoméndolles que viaxen, que lean, que vexan o que ocorre noutros países, porque a tarxeta de crédito, evidentemente, se vostede vai a Estados Unidos, ten que levala nos dentes, porque, se non, non o atenden. Pero neste país aténdese a todo mundo gratuitamente, *(Aplausos.)* ben sexa nun centro privado e concertado, con todas as garantías, como nos centros do propio Servizo Galego de Saúde.

Desde logo, é curioso, señora Prado e señor Torrado, pero se algún goberno foi campión no uso de concertos no ámbito sanitario, ese foi o Goberno bipartito. Vostedes eran os que maior actividade derivaban á sanidade concertada. E non o di esta deputada, ¡eh! Así se afirma no informe do Consello de Contas sobre a Conta xeral do Sergas en 2008. Nos catro anos de goberno do Bipartito o gasto en actividade concertada aumentou un corenta e oito por cento, unha porcentaxe que co Goberno do Partido Popular descendeu ao 4,4 por cento. E non o digo eu, senón que así o certifican os informes do Consello de Contas. Non enganen. Vostedes aumentaron a porcentaxe de gasto destinada á privada, e nós reducímola. Dato mata relato.

Este ano 2003, —sigo a falar de datos— cos orzamentos máis altos destinados ao Sistema galego de saúde, o importe dirixido á sanidade privada é de douscentos trece millóns de euros. Con vostedes, douscentos vinte; catorce anos antes. Pero, señora Prado, ¿vostede non coñece este dato? Derivación de centros concertados: o orzamento do Sergas que se destinou no ano 2021 neste concepto foi do 1,37 por cento fronte ao catro por cento que se destinaba no 2008. Señora Prado, ese era un goberno do que vostede formaba parte, que a Consellería de Sanidade era dos socialistas. Deberían coñecer este dato.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O que acontece, señora Prado e señor Torrado, é que vostedes teñen dúas varas de medir: unha, para vostedes, e outra, para o Partido Popular. Por iso lembraremos as veces que faga falta o que fixo o Goberno do que vostedes formaban parte, non para comparalo coa xestión do Partido Popular, senón para comparalo co seu discurso de oposición e poñelos ante o espello das súas contradicións. *(Aplausos.)*

En fin, señorías, o que fixo Galicia foi priorizar segundo a gravidade da patoloxía e garantir prazos máis curtos para as enfermidades máis graves. Comparen vostedes os dezanove días habituais nas patoloxías de prioridade 1 cos corenta días que tiñan vostedes. ¿Sabe o que fan? Sementar medo, sementar desconfianza. E as épocas de medo xa pasaron e, afortunadamente, eses tempos son pretéritos.

E seguen mentindo agora, porque se se priorizan as patoloxías máis graves non significa que se teñan deixado de lado os pacientes menos graves. De feito, esa publirreportaxe do Ministerio de Sanidade, da que vostedes falan, di que Galicia é a cuarta comunidade con menor taxa de pacientes que agardan máis de seis meses por unha operación. Temos un seis por cento, moi por debaixo da media nacional, que se sitúa no dezasete por cento.

Deberían aplicarse o conto e todos eses consellos tan valiosos que teñen, e que non foron capaces de aplicar cando tiñan o goberno, semella que tampouco alí onde gobernan, ou non lles ofrecen ou ben non lles fan caso; non lles valen. Pero, señorías, os datos falan por si sós e o noventa e tres por cento da poboación galega ten garantida a súa intervención en menos de cento oitenta días. Evidentemente, hai un sete por cento que queda fóra, pero o noventa e tres por cento tena garantida.

E, por suposto, hai moito que mellorar, nós sabémolo, todos somos conscientes disto. E, desde logo, desde o noso grupo sempre imos reivindicar melloras en todos os servizos, pero fundamentalmente nos sanitarios. Pero tamén sabemos que Galicia conta no sistema con profesionais excelentes, con excelentes xestores que están traballando da man. E, por poñer un exemplo co recentemente aprobado Plan de intensificación asistencial, co que este Goberno do Partido Popular ten como obxectivo reducir aínda máis as listas de espera e levarnos aos mellores datos acadados nunca na historia, aos datos do 2019.

Este partido, señorías, traballa con feitos. Vostedes sigan coas mentiras, cos bulos, pero que non se sosteñen nin cun só dato. Iso sábeo perfectamente a cidadanía galega, e saben en quen confiar para xestionar esta autonomía. E desde o ano 2009 renovan...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...cada vez que teñen ocasión esa confianza no Partido Popular.

Nós imos pedirlles a votación por puntos. Vostedes escollan entre vetos ou acordos, entre facer da sanidade o seu xogo partidista e electoralista, ou achegar solucións como fai o Goberno do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Ben, menos mal que mo explicou amodiño, señora deputada, porque o único que fixo foi repetir exactamente o mesmo mantra, o único que lle quedou por explicar é que pasa coas listas de espera. Porque, claro, lástima que haxa un goberno que ten a responsabilidade de facer algo, ¿non? Porque escoitándoa a vostede calquera que non saiba cal é o seu carteliño, parecería que vostede é a oposición e vén aquí pedirnos explicacións como sempre aos que estamos na oposición. Porque é o único que saben vostedes facer.

E, claro, imos ir por partes, a covid aínda non desapareceu, aínda colea. Entón, claro, a pregunta, señora deputada do Partido Popular, é: ¿os efectos secundarios da covid impiden facilitar información? É unha pregunta inxenua; porque, claro, coa iniciativa que trae hoxe aquí o BNG fundamentalmente o que pedimos é que se facilite información, ¡luz e taquígrafos! *(Aplausos.)* ¿É que a covid persistente lle impide ao Partido Popular facilitar esa información? Bueno, pois igual é un dos efectos secundarios desa covid persistente.

E, mire unha cousa, eu non sei que máis lle teño que dicir, pero é que os datos que vostedes publican de listas de espera non teñen nada que ver coa realidade. E, para exemplo, o que lle dei o outro día ao conselleiro —que, por certo, non me contestou, claro, porque aquí vimos, así, selectivamente—. Vostedes publican na páxina *web* unhas listas de espera, listas que, por certo, tiñan que publicar o 31 de decembro —soamente dúas veces ao ano, porque lles parecía moito catro; publicar catro veces ao ano as listas maqueadas era un exceso, entón pasaron a dúas e nin iso cumpren—, tíñanas que ter publicadas o 31 de decembro. Pero ¿para que? Cos efectos secundarios da covid teñen unha amnesia que lles fai esquecer que teñen obrigas legais de publicar as listas de espera, que é o que lles pedimos na nosa iniciativa —supoño que nun deses puntos o que van pedir é que non se publiquen, que dúas veces é moito, que imos eliminar publicar as listas—. Supoño que esa é a súa cuestión.

Pois resulta que imos ás prioridades 1 e 2 —e lémbrolle que a prioridade 1 é de 20 e a prioridade 2 é de 90 días— e os datos do Sergas din que a prioridade 1 e 2 teñen un tempo de espera de só 74 —porque o máximo son 90—, só 74. E o resto das listas de espera, sen ser prioridade 1, son 75,3. Pero ¿vostede cre que alguén cre estes datos? ¿Alguén cre os datos de que a prioridade 1 e 2, que son urxentes, que son cancros, e nin sequera todos senón os vitais, se efectivizan en 74 días e o resto en 75,3? Pero ¿cren que alguén lle dá algún viso de credibilidade a isto? Estes son os seus datos, que non cre absolutamente ninguén.

Entón vostede di, copiando a portavoz nacional do BNG —que nos gusta que nos sigan e que aprendan algo—, que «dato mata relato». E, mire, este é o seu dato do aumento do orzamento destinado a prestar servizos con medios alleos, é dicir, coa privada. *(A señora Prado Cores amosa un gráfico.)* Incluso estes son datos do IDIS, que é a fundación da sanidade privada, que, evidentemente, colle os datos das fontes oficiais. O último publicado está referido ao ano 2022. Podemos ir aos que ten publicados de anos pasados: no 2010, 213; no ano 2022, 219; e logo no 2016 pasaron a 199. É dicir, en 2022, 219. ¿Son máis que 213? Si, ¿non? Pois en 2010, 213 millóns de euros; en 2022, 219 millóns de euros.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Esta é a realidade e vostedes poden dicir o que queiran. Igual que a realidade, desgraciadamente, é que esta situación na que vostedes teñen a sanidade pública, na que vostedes teñen as listas de espera, de diagnósticos tardíos e de non atender a xente, ten consecuencias dramáticas. E en Galiza ten a consecuencia dramática de que a sobremortalidade do ano... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, estes son os datos oficiais tamén. ¿Non di vostede que o dato mata o relato? Pois estes son os datos oficiais: 3.351 sobremortes con respecto ás esperables, o triplo que no ano 2020 en plena pandemia, cando no Estado se pasou de 73.000 a 33.000 —é dicir, baixouse a menos da metade e en Galiza triplicouse—. ¿Que pasa con estes datos? ¿Estes non son os oficiais? ¿Con estes non teñen que tomar nota para protexer a saúde e a vida dos galegos e das galegas? Deberían, ¡deberían!

E podo seguir cos datos da Valedora do Pobo, señora deputada do Partido Popular. ¿Que lles di a Valedora do Pobo nos seus informes? Que programe sen dilación as probas pendentes. ¿Que lles di a Valedora do Pobo? Que poñan en marcha os mecanismos para que a programación das citas en especializada se realice respectando os tempos que din os profesionais. ¿Que lles di a Valedora do Pobo? Que os informes que precisen os facultativos se fagan en tempo e forma. ¿Dato mata relato, señoras deputadas e deputados do Partido Popular? Pois hai moitos miles de datos máis que corroboran que as listas de espera son a condición necesaria —impulsadas e fomentadas polo Partido Popular— para pórlle a alfombra vermella á sanidade privada. Porque sen listas de espera non hai negocio na privada.

E non teña ningún problema por que esta voceira se poida alporizar. O problema é que está alporizado o pobo galego, que xa non atura máis as súas mentiras.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Non atura máis as súas mentiras porque sofre todos os días a realidade que vostedes pretenden agochar en toneladas de mentiras. Mais xa os aviso de que esas toneladas de mentiras non van conseguir tapar unha realidade que cada vez miles, miles e miles de galegos e galegas ven e sofren, desgraciadamente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero, sobre a política en relación co impulso demográfico

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P.do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 50527 (11/MOC-000145).

Emenda de modificación.

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No primeiro punto despois de: «do incremento dos prezos», proponse engadir o seguinte texto: «, a comezar pola restitución inmediata da Tarxeta Básica».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

No pasado pleno interpelabamos a conselleira de Política Social, que é a que lidera, digamos, o reto demográfico, pero falabamos de que debería ser unha cuestión de país, unha cuestión que comprometese a todas e cada unha das consellerías, e nomeadamente, por suposto, a Presidencia deste Goberno galego, o que para nada se reflicte.

Os problemas da vida en xeral, non só políticos senón tamén empresariais, os problemas persoais, familiares, os problemas ou dificultades, como dicía, da vida en xeral pódense afrontar de moitas formas. Pero, sen dúbida, a diferenza entre resolver ou non un problema dependerá sempre da actitude coa que se afronte.

No pasado pleno trouxemos ao Goberno galego as nosas propostas para impedir o despoboamento progresivo que estamos a sufrir en Galicia. E a máxima representante do reto demográfico do Goberno galego deixou clara cal é a actitude do Goberno galego ante o problema demográfico de Galicia. Resúmese en dous tipos de actitude: a actitude negacionista e a actitude derrotista.

Primeiro, a actitude negacionista vese porque, unha vez máis, negaron unha realidade que está cifrada e documentada. O certo é que a diagnose é clara e as solucións están evidenciadas, estudadas. E os recursos están aí, tendo en conta que, ademais, nos últimos dous anos Galicia recibiu máis fondos estatais e europeos ca nunca, polo que é lóxico pensar que é hora de pasar das palabras á acción.

Galicia non respondeu demograficamente igual que outras comunidades autónomas ou rexións do país, ou incluso de Europa, e hai que saber por que. Hai que saber por que Galicia é a comunidade autónoma co peor saldo vexetativo de toda España. Temos que saber isto, porque é importante saber por que temos significativamente peores datos e como, por exemplo, na provincia de Ourense xa somos máis pensionistas que cotizantes. Hai que saber tamén por que existen zonas en Galicia nas que xa existe menos densidade poboacional incluso, señorías, que en Siberia —na coñecida como «a Siberia galega»—. Non pode ser que teñamos situacións —en Ourense, por exemplo, ou en Lugo— polas que teñamos que compararnos con zonas onde a subsistencia é complicada por temperaturas de 20 graos baixo cero —como, por exemplo, Siberia—. Temos que facer algo, señorías.

Tamén é negacionista. E dicíao porque o Goberno galego negou que Galicia perdese varias xeracións de mozos e mozas nos últimos anos, que tiveron que facer as maletas e marchar a outras comunidades autónomas e a outros países por falta de oportunidades laborais. E isto ofende, ¡e moito, señorías!, as familias galegas que teñen fillos, fillas, irmáns, irmás, netos e netas fóra. Pero, ademais, tamén ofende o resto de galegos e galegas por querer tratarnos de parvos, porque esta realidade está, unha vez máis, cifrada e documentada polo

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Instituto Nacional de Estatística. Entre 2008 e 2018 emigraron máis de cincuenta mil mozos e mozas de entre 20 e 39 anos —casualmente no núcleo poboacional do tramo de idade fértil—. Co cal, señorías, non quere dicir que os galegos e galegas non teñamos fillos senón que os galegos e galegas teñen os fillos fóra de Galicia.

Segundo, 150.000 habitantes marcharon do rural nas últimas dúas décadas convertendo Galicia nunha das comunidades autónomas de toda España que máis empadroados perdeu nos pequenos concellos.

Terceiro, a denominada fuga de talento que o Goberno galego quixo tapar sacouna á luz o Foro Económico de Galicia para calar as bocas que negaron —e que seguen a negar— a onda migratoria de toda unha xeración perdida, unha xeración que tivo que marchar de Galicia por falta de oportunidades a pesar de ser das xeracións mellor formadas da historia. Isto ten un custo, que está documentado grazas ao Foro Económico de Galicia. Son entre 200 e 300 millóns de euros ao ano os que os galegos e galegas investimos en formar universitarios que finalmente marchan e abandonan Galicia por falta de oportunidades laborais na nosa terra. Froito do cal, ademais, perdemos miles de bebés ao ano que deixan de nacer por este mesmo feito, á vez que se deixan de crear máis de 300 empresas ao ano por esta mesma cuestión

Pero, como dicía, non só hai unha actitude negacionista senón tamén unha actitude derrotista, porque o Goberno galego se limita a enganarse a si mesmo e a intentalo facer cos galegos e galegas —que cada vez o logran menos— facéndolle ver á cidadanía que é unha tendencia contra a cal non podemos facer nada e non podemos loitar, senón simplemente cruzarse de brazos mentres Galicia cada vez se baleira máis e máis agardando pasivamente a ver se algún milagre ou factores externos —como a inmigración— nos resolven o problema. E isto non pode ser.

Os galegos e galegas non merecemos un goberno resignado que non faga nada mentres se abandonan as nosas aldeas, os nosos pobos. Porque con iso non só se vai a xente. Cando morre ou abandona unha aldea o último habitante, vaise con el, con esa persoa, a nosa cultura, vanse as nosas tradicións; con esa persoa tamén se van os nosos recordos, a nosa identidade como galegos e galegas. Vaise moitísimo, señorías, vaise un patrimonio incalculable que non nos podemos resignar a perder

E para pasar á acción, o primeiro é escoitar. E o Goberno galego non practica a escoita activa, que é unha condición *sine qua non* para poder gobernar, porque non existe nin existirá xamais un goberno que o faga ben sen escoitar a cidadanía. Proba diso témola hoxe aquí, porque quero darlle a benvida ao movemento asociativo de galegos e galegas que loitan contra a despoboación galega a través da plataforma Galicia Baleira, da cal forman parte máis de catrocentas asociacións veciñais de Galicia. Levan, señorías, nada máis e nada menos que nove meses agardando para que o presidente Alfonso Rueda lles conceda unha reunión. En nome de todos eles, na súa representación, veñen Francisco, Gonzalo e Alfonso. E quero darlles todo o noso apoio, o apoio do Grupo Socialista, o noso recoñecemento por todo o traballo que fan con honradez, con humildade e con propostas que son moi asequibles e que debería ter en conta o Goberno galego. Pero o Goberno galego despreza e non quere escoitar as pro-

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

postas destas catrocentos asociacións veciñais que loitan para evitar o despoboamento; e con iso, ao final, desprézanos a todos os galegos e galegas.

Porque ¿cal é a medida estrela do Goberno galego? A conselleira de Política Social deixouno claro no pasado pleno: un plan retorna para catrocentos privilexiados dos centos de miles que tiveron que marchar de Galicia e que están fóra, un plan retorna para eses catrocentos privilexiados que non sabemos como vai elixir o Goberno, porque é máis fácil —como dicía no pasado pleno— que lles toque a lotería aos que están fóra que ser elixidos como un dos catrocentos privilexiados. Esa é a medida estrela. Chegarán, segundo a conselleira, cun traballo, cun contrato laboral baixo brazo, só eses catrocentos privilexiados. ¡Una lástima! ¡Una lástima que, por outra banda, as catrocentas asociacións veciñais —coinciden no número— non sexan escoitadas por un Goberno galego que despreza o coñecemento a pé de rúa que teñen as asociacións veciñais que están día a día loitando polo reto demográfico e porque non morran os seus pobos!

Nós, pola nosa parte, non deixaremos nunca de facer propostas dende a humildade, dende o traballo, con base na diagnose dos expertos e nas propostas da cidadanía máis afectada e representada —como dicía— polos veciños máis afectados, polos agrogandeiros do ecolóxico, polos viticultores, polos que se atreven a emprender no rural co vento de cara, polos que só pretenden contribuír coas súas propostas para mellorar Galicia e, por suposto, polos que queren asentar as súas familias no rural para que se inicie o tan ansiado efecto chamada.

Polo tanto, hoxe propoñemos desenvolver un paquete de medidas reais e significativas que axuden a recuperar o poder adquisitivo perdido polos traballadores e polas traballadoras galegas; descentralizar servizos e ámbitos da Administración, tal e como está a facer o Goberno central. De feito, aquí está presente Galicia Baleira cunha proposta moi forte por parte desta plataforma, que, entre outras moitas cousas —e por iso querían falar co Goberno galego, para presentar esta proposta—, propón descentralizar, por exemplo, a Consellería do Medio Rural e levala para Lugo, como unha das provincias agrogandeiras por excelencia; ou, por exemplo, descentralizar tamén a Dirección de Turismo para Ourense, por ser unha das potencias termais europeas. Todo isto é discutible, pero hai que falalo e hai que aceptar e escoitar as propostas da cidadanía.

En segundo lugar, queremos propoñer e incentivar significativamente os autónomos e as empresas que emprendan e que se asenten en zonas despoboadas, incentivar que os traballadores se asenten nesas zonas —pero facelo de verdade, significativamente, para que o poidan facer—.

Terceiro, queremos elaborar un catálogo de prestacións de servizos públicos que blinde a atención primaria, a pediatría e todos eses servizos que necesitamos para vivir —como a educación pública— para que as familias teñamos garantidos os nosos dereitos con independencia do lugar onde vivamos.

Queremos tamén desenvolver políticas de vivenda que apoien as familias ante as dificultades de acceso a esta —que, como saben, son reais— e que faciliten a emancipación xuvenil e a

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

capacidade das persoas novas de desenvolver un proxecto de vida persoal, que no día de hoxe é moi complicado en Galicia. Por iso temos en Galicia, lamentablemente, as peores taxas de todo o país de emancipación da xuventude, e isto ten que cambiar.

Ademais, propoñemos desenvolver un plan intensivo de inclusión financeira para evitar o que pasou co peche das oficinas bancarias, para garantir a recuperación dos dereitos dos cidadáns que viven nestas aldeas e nestes sitios menos poboados.

Tamén queremos desenvolver políticas laborais adaptadas ao territorio, isto é, asociar o talento do territorio adaptando, entre outras cuestións, a formación que se imparte en cada zona á oferta laboral que existe nesa zona.

Queremos favorecer unha rede de transporte público e reforzar con suficiente complemento autonómico o sistema de bolsas na educación postobrigatoria da xuventude que ten que estudar fóra do seu concello.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: Remato, presidente.

E queremos dotar orzamentariamente un plan Retorna real con incentivos para que se incremente significativamente o número de persoas e non sexa unha opción só para privilexiados.

E remato dicindo nesta primeira intervención que, mentres non entendamos que o reto demográfico é transversal, non estaremos facendo absolutamente nada. Non hai nada imposible. Agora mesmo o único que temos son propostas que realmente non suplen o desafío que temos por diante e que non se poden circunscribir só á Consellería de Política Social, que está *más sola que la una*. Como dicía, non hai nada imposible. Levamos catorce anos de atraso neste asunto, pero nunca é tarde se a dita é boa. O Goberno galego ten que pasar das palabras á acción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos. E tamén a benvida e o saúdo do BNG ás persoas que nos acompañan no debate, arriba, na tribuna de persoas convidadas.

E nós, vaia por diante que, desde o BNG, imos apoiar e imos votar a favor da moción, da iniciativa que se presenta. Pero quixera comezar a intervención falando brevemente da emenda que presentamos desde o Bloque, coa que introducimos, como medida concreta no ámbito

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da loita contra a pobreza —como falaba a señora Ortega na súa intervención—, a recuperación inmediata da Tarxeta Básica; unha axuda de emerxencia —lembrarán— para garantir o acceso a produtos de primeira necesidade diante dunha situación de empobrecemento xeneralizado da poboación pola suba descontrolada dos prezos.

Esta medida foi valorada moi positivamente por todas as entidades sociais de loita contra a pobreza, por todas as forzas políticas —sen diferenzas— deste Parlamento e, o máis importante, que foi enormemente valorada —moi valorada— polas persoas que a percibiron mentres estivo en funcionamento, porque permitía, sen sinalamento e sen estigmas, ir mercar ao supermercado o que necesitabas, o básico, ou ir á farmacia coller medicamentos. E se todo o mundo está de acordo en que algo é bo, é dificilmente explicable ou xustificable que se suprima. Quizais quen suba aquí á tribuna desde o Partido Popular poida explicar como é posible que, se todas e todos estabamos de acordo en que a Tarxeta Básica era útil e sobre todo necesaria, se suprimise. ¿Por que na maior crise de prezos dos últimos corenta anos decidiron acabar cunha medida que servía para tender a man a quen peor o estaba pasando no peor momento?

Porque impulsar demograficamente un país é iso. Tamén é iso ¿non?, isto é, garantir condicións de vida dignas para o conxunto da poboación; condicións de vida dignas para que, primeiro, ninguén teña que ir facer cola aos comedores sociais ou aos bancos de alimentos para poder comer ou para darlle de comer á súa familia. Esa é a alternativa que lles deixou o Partido Popular ás persoas sen ingresos —que están cunha man por diante e a outra por detrás e que teñen que agardar, segundo a propia Xunta, unha media de cinco meses até poder percibir, por exemplo, a Renda de Inclusión Social de Galicia—. A alternativa é ir facer cola ao banco de alimentos a ver se che dan unha bolsa coa que dar de comer aos teus fillos. En Galiza, cada día —dío a Cruz Vermella e as entidades de loita contra a pobreza— hai máis persoas á porta deses comedores sociais e deses bancos de alimentos —sobre todo mulleres traballadoras— que non lles dá nin a vida nin, sobre todo, o salario para poder garantir unha alimentación en condicións dignas na súa casa.

Condicións de vida dignas son tamén ter onde vivir, ter un teito, unha casa, unha casa que non sexa un ben de luxo senón un dereito fundamental para o conxunto da poboación, pero, sobre todo, para a mocidade. O ano pasado, en 2022, en Galiza houbo 1.246 desafiuzamentos por non poder pagar o alugueiro. Vou volver repetir a cifra: 1.246 desafiuzamentos nun ano por non poder pagar o alugueiro; e 277 persoas tamén desafiuzadas da súa casa por non poder pagar a hipoteca. Están esperando a que, como en Lugo, se abran as sedes do Partido Popular para pedir montar oficinas de apoio, de asesoramento e de acompañamento. Os alugueiros e as hipotecas non paran de subir, até o punto de facer imposible ir vivir só ou emanciparse —como mínimo— antes dos 35 anos.

Condicións de vida dignas e impulsar demograficamente un país significa ter un posto de traballo e sobre todo un salario que che permita pagar as facturas e, *¡oiga! una cosa así, de lujo asiático*, como aforrar algo a finais de mes. Segundo o Observatorio de Emancipación —que depende do Injuve, nada sospeitoso *de una cosa así, conspiradora*—, en Galiza, tamén no ano pasado, en 2022, a mocidade tivo que destinar o 58 por cento do seu salario —¡o 58 por cento do seu salario!— para poder pagar o alugueiro, cando esa porcentaxe non debería

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nunca supoñer unha porcentaxe superior ao 30 por cento. ¡Claro!, iso explica unha taxa de emancipación xuvenil en Galiza que se sitúa no 15 por cento cando falamos de menores de 35 anos. Dito doutra maneira, o 85 por cento das persoas menores de 35 anos en Galiza ten que seguir vivindo cos pais porque é incapaz de pagar o alugueiro ou, moitísimo menos xa, poder pagar unha hipoteca. Cos datos da Xunta —e tamén supoño que nada sospeitosos de ir contra o Partido Popular—, proporcionados polo Observatorio da Vivenda de Galiza, desde o ano 2015 o prezo do alugueiro aumentou o 29,7 por cento, e superou o 35 por cento no conxunto das sete cidades galegas —datos da Xunta—.

E non só soben os alugueiros, é que cada vez tes menos parque de vivenda dispoñible para poder alugar. Nalgunhas cidades —sen movernos moito de aquí, desta casa—, como, por exemplo, aquí, en Santiago de Compostela, ao estudantado, que historicamente viña estudar aquí e que alugaba un piso en determinados barrios dentro da cidade, agora a opción que lle queda é ir a Teo ou a Bertamiráns porque os pisos que eran para estudantes, cando nós viñemos estudar aquí, agora están dirixidos ou destinados ao uso turístico.

¿E que fixo o Partido Popular durante todo este tempo, mentres diminuían os salarios —sobre todo da mocidade— e cada vez había menos parque de vivenda e cada vez era máis difícil poder emanciparse porque non che daba o salario para chegar á fin de mes e pagar o alugueiro? ¿Que política de vivenda tivo o Partido Popular os últimos catorce anos? En 2019 construíron catro vivendas protexidas —catro, nun ano, en 365 días—. Divide. É que eu non sei nin o que dá ao mes. Catro vivendas construídas de carácter protexido en 2019 é unha cifra que mete medo. Pero, ¡claro!, vas un pouco máis atrás, ao ano 2015, e a cifra foi de dúas, ¡dúas! E a culpa disto pois tamén será do Bloque, porque ten a culpa de todo. Entre tanto, hai 9.409 persoas esperando nese Rexistro de Demandantes de Vivenda da Xunta, que debe ser o lugar perfecto para durmir o soño dos xustos.

Con este panorama, ¿como se vai ter dinamismo demográfico? ¿Que dinamizas e que impulsas con este panorama? Nós —insisto— imos votar a favor desta iniciativa. En termos xerais, coincidimos coa batería de propostas que formula por unha cuestión fundamental, e é que vai á raíz do problema. A raíz do problema demográfico de Galiza —se se quere ver así— é económica, ten unha raíz económica e tamén ten unha natureza de carácter social.

De todo o que dixo a conselleira, na interpelación que facía a deputada do Partido Socialista hai quince días, hai unha cuestión coa que —polo menos, como situación de partida— podemos estar todas e todos de acordo. Dicía a conselleira de Política Social naquela altura, hai quince días, que actuar sobre a demografía dun país é complexo e que os resultados non son inmediatos, máis ao contrario, teñen un froito, un resultado, a medio pero, sobre todo, a longo prazo. Até aí podemos estar todas de acordo. ¿Cal é o punto no cal xa non hai acordo, e aí, ademais, vímolo con claridade cando se debateu e tramitou esa Lei de impulso demográfico? É en como actuar se queremos mudar estas cousas.

Cando debatemos a Lei de impulso demográfico, nós, desde o BNG, creo que fomos moi claras. Por iso votamos en contra da lei, porque erra no enfoque. Pode diagnosticar ben a realidade, sobre a que eu creo que todas e todos coincidimos máis ou menos en cal é. O problema é cando hai que poñer enriba da mesa as políticas, as medidas para incidir sobre

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

esa realidade, actuar sobre ela e cambiala. Aí o enfoque do Goberno do Partido Popular está errado porque insiste en políticas natalistas cuxos resultados están dentro non do IGE e na taxa de fecundidade e natalidade, senón tamén —nos seus propios obxectivos— naquel plan de natalidade que fixaban xa os gobernos de Fraga e que están moi lonxe de ser a realidade actual. A xente terá fillos se quere, e en sociedades avanzadas como a nosa a tendencia é o descenso da natalidade. Collan o país que queiran. Galiza non é unha rareza a ese respecto, en relación co que acontece noutros países de Europa que teñen unha realidade social, económica e política semellante á nosa.

O grande elemento diferenciador de Galiza, o que nos trouxo até aquí desde un punto de vista demográfico, o grande acelerador do cambio demográfico no noso país, foi e segue a ser a emigración constante, non ao longo de décadas senón ao longo de séculos, xeración tras xeración. Son os fluxos migratorios o grande elemento ou o gran factor determinante. Por iso cómpre trazar políticas que permitan frear a saída, sobre todo da mocidade, creando condicións de vida dignas como as que comentaba ao comezo. Cómpre garantir postos de traballo, garantir oportunidades laborais, garantir condicións salariais dignas que permitan poder emanciparse antes dos 35 anos. Cómpre frear esa saída de xente moza e sobre todo ser quen de sentar as bases, crear as condicións sociais e económicas que permitan atraer poboación nova ao noso país; e para atraer hai que ofrecer condicións de traballo e de vida dignas. Para iso, as políticas que están reflectidas nesa Lei de impulso demográfico do Partido Popular non serven porque —vostedes collan o groso da lei; está publicada no *Diario Oficial de Galiza*— as tres cuartas partes da lei —alí onde se concreta algún prazo, algún compromiso ou incluso algunha previsión orzamentaria— non están dirixidas precisamente a ese elemento económico e social, que é o que está na raíz das profundas transformacións demográficas que hai no noso país.

Insisto en que nós, en termos xerais, coincidimos coa proposta que formula hoxe o PSOE e imos votar a favor, polo tanto, dela. A min non me dá pena ningunha, en termos políticos —enténdanme ben— a conselleira. Eu non creo que estea máis soa que un pelo na cabeza dun calvo. Elas teñen trazada unha política en materia demográfica que vai no camiño que queren que vaia. Non hai un problema en non entender o que está pasando, senón en que, desde o noso punto de vista, o proxecto político que representa o Partido Popular non ten a resposta para resolver este problema.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Benvidos tamén os que nos acompañan hoxe.

A señora Ortega e a señora Rodil fixeron hoxe aquí un exercicio literario teatral: colleron a realidade galega, levárona de paseo por *el callejón del Gato,* puxérona diante dos espellos e

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

viñeron aquí contarnos non a realidade, senón o que os espellos cóncavo e convexo lles transmitían.

Pero miren, señorías, tráiolles unha mala noticia: os galegos e as galegas vivimos —viven— na realidade deste país, por moito que o Bloque e o PSOE intenten transformala, deformala e presentar aquí algo que non ten nada que ver co que os galegos viven día a día. Os galegos saben que Galicia é a comunidade onde máis axudas teñen cando calquera tipo de familia decide voluntariamente ter un fillo. Os galegos e as galegas saben que Galicia é a única comunidade onde as escolas infantís son gratis —iso que vostedes, PSOE e BNG, votaron en contra—. Saben tamén que os estudantes teñen aquí as taxas universitarias máis baratas de todo o Estado. Saben tamén que aquí os mozos contan cun aval se queren comprar vivendas. ¿Saben o que lles ofrece a señora Montero aos mozos? Que vaian onda os avós porque son as avoas e os avós os que, coa parte da súa pensión, teñen que axudalos. Esas son as políticas que lles ofrece o PSOE aos mozos. *(Aplausos.)*

Aquí os que viven no rural teñen impostos cero. Aquí hai un plan de transporte á demanda para chegar a todos aqueles pobos máis illados ou con menos poboación e un longo etcétera que fai que Galicia sexa, hoxe por hoxe, a comunidade onde é máis fácil vivir, onde mellor se senten as familias e onde se busca precisamente que sexa o mellor lugar para vivir ao longo de todo o espazo vital. E a pesar de que, como moi ben se dixo aquí, as políticas demográficas son a medio e longo prazo, xa é verdade que empezamos a ver algún dato positivo e xa as previsións de poboación melloraron en case sesenta e un mil habitantes.

Señorías do Bloque e do PSOE, ¿vostedes non ven os datos?, ¿non queren ver os datos? ¿Que queren dicir aquí con que a xente marcha, ¡bueno!, a feixes de aquí? Pois miren, os datos din que, dende o ano 2016, o saldo migratorio é positivo todos os anos. O ano pasado viñeron 14.448 persoas máis das que saíron. E si, é verdade, todos recoñecemos as dificultades do reto demográfico, as dificultades que temos por diante. Pero vostedes son absolutamente incapaces de recoñecer que a Xunta de Galicia é a que está levando medidas máis innovadoras para afrontalo. É máis, ata o momento vostedes votaron en contra de absolutamente todas esas medidas. Votaron en contra da gratuidade das escolas infantís. Isto é moi curioso porque vostedes a propoñían. Cando a trouxemos a debate e a propuxemos, vostedes votaron en contra. Vostedes non queren que as escolas infantís de todos os nenos de Galicia, que van a todo tipo de escola infantil, sexan gratis. Vostedes votaron en contra das casas niño. Vostedes votaron en contra das casas do maior. ¿Pero de que están a falar hoxe aquí? Pero é que non só é que vostedes votaran en contra, é que Galicia estivo soa neste camiño; está soa neste camiño.

Unha vez máis, o Goberno de Sánchez dixo «non» a todos os plantexamentos dos galegos porque, como españois, se nega continuamente a darnos o que nos corresponde, tamén en temas demográficos: para a gratuidade das escolas infantís, cero euros que deu o Goberno de Sánchez; para o copagamento da dependencia —ese no que tiña que darnos o 50 por cento— estanos adebedando dous mil cen millóns de euros; a conectividade do rural, que é competencia do Estado e que é o Estado que ten os fondos, é un servizo que seguimos sen acabar de ter; para paliar a falta de médicos de atención primaria néganos que os formemos; o incumprimento reiterado da chegada dos trens AVRIL e, por tanto, do AVE a toda Galicia;

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a falta de conexión absoluta con Lugo por tren e por estradas e sen ningunha intención de mellorar a situación das nosas autovías; e cunha Lei de familias que non ten nin pés nin cabeza, que deixa nunha situación moi complicada as familias numerosas, pero tamén a maioría das familias monoparentais.

A súa iniciativa ten como único obxectivo maquillar a inacción do Goberno socialista, e con iso pretenden dicir: «*mancha que algo queda ou difama que algo queda. Si nosotros decimos que la Xunta no hace nada, a lo mejor no se nota que no lo hace el PSOE y el Gobierno de Madrid*». Pois miren, señores, si que se nota o que fai a Xunta e si que se nota o que non fai o Goberno de Madrid co apoio do Bloque. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Ano tras ano a Xunta incrementa os orzamentos para seguir satisfacendo as necesidades das familias: douscentos trinta millóns de euros este ano, isto é, cinco veces máis que cando gobernaban vostedes. Temos a gratuidade das escolas infantís, as casas niño, a Tarxeta Benvida, o Bono Coidado, o Bono Concilia e, para os nosos maiores, cento catro casas do maior, para que todos os maiores, vivan onde vivan, teñan recursos de conciliación e centros de día. Temos os servizos de Coidados porta a porta. Eses servizos que vostedes aquí critican, pero cos que o PSOE nos concellos están encantados, *(A señora Arias Rodríguez mostra para o resto da Cámara un cartel informativo do programa de Coidados porta a porta no concello de Vilardevós e no cal se pode ver o logotipo do PSdeG-PSOE.)* tan encantados que o atribúen a eles mesmos. E miren, non fai falta nin tanto nin tan pouco porque nin son tan malos nin son vostedes quen o levan, pero parécenos moi ben que o valoren.

Falaban tamén na súa iniciativa de servizos bancarios. ¿Saben vostedes cantos municipios hai en España que non teñen ningún servizo físico bancario? Hai 3.230. Pois ante este problema o Goberno de Sánchez, unha vez máis, dá as costas e non quere saber nada. Hai 3.230 municipios españois sen ningún punto físico de atención bancaria. En Galicia son sete, os mesmos que non quixeron adherirse ao convenio que a Xunta firmou coa Fegamp.

E falaban tamén da atención primaria. Xa diciamos que non nos deixan formar médicos, pero é que vostedes, Bloque e PSOE, votaron en contra de que se cubrisen as prazas de difícil cobertura —e valla a redundancia— por non estar de acordo co sistema de concurso de méritos que está cubrindo catrocentas trece prazas naquelas zonas onde era máis difícil contar cun médico.

Falaban de mobilidade, unha mobilidade que en Galicia supuxo un transporte público que está estendido a todo o territorio, con servizo á demanda nas zonas máis illadas e cunha Tarxeta Xente Nova que dá transporte gratuíto para os menores de 21 anos. Por certo, poderían vostedes falar co alcalde de Vigo, coa alcaldesa da Coruña, coa alcaldesa de Lugo para que apliquen tamén a gratuidade no seu territorio ao transporte público para os mozos.

E falaban aquí do plan Retorna. Imos ver, ¿pódeme dicir a que plan Retorna se refería vostede? Porque resulta que Galicia ten nestes momentos o segundo plan Retorna en marcha. No primeiro falábase de traer vinte mil retornados a Galicia. En primeiro lugar, porque é de xustiza facilitarlles a aqueles que tiveron que marchar que poidan volver, pero tamén porque é unha fantástica medida para a demografía. Ben, prevíase que viñeran vinte mil, viñeron

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vinte oito mil. ¿Vostede chámalle fracaso a este programa? Pois ben, neste momento temos outro programa Retorna presentado e, mire, é que non é que se vaian traer catrocentas persoas. Este programa prevé que veñan trinta mil galegos de volta, de aquí ao ano 2026. E o que hai é, dentro do conxunto deste programa, un que se chama Cualifica Emprego para que catrocentos traballadores veñan ocupar postos que aquí non se atopa quen os faga. Iso non implica que todos os outros, ata eses trinta mil, teñan aquí posibilidades e axudas para traballar, para crear un emprego, para montar e formar aquí a súa vida.

E falaban vostedes de emancipación. Mire, podemos dicir con orgullo que a Xunta de Galicia, co presidente Rueda á cabeza, dedica a cifra máis alta da historia a axudas ao alugueiro, en concreto, máis de vinte millóns de euros. Por certo, en Galicia os estudantes poden alugar e ter axudas para alugar unha casa onde vivir. As axudas do Estado non o permiten porque os obrigan a que teñan que recibir uns ingresos.

En definitiva, poderiamos seguir falando das axudas á educación. Poderiamos seguir falando de como o PSOE e o BNG teñen o triste récord de ser os que máis escolas infantís pecharon neste século. Pecharon vinte e sete no ano 2007 e vinte e seis no ano 2006, mentres que o Goberno da Xunta ten este ano cento trinta unidades máis que antes da pandemia.

E xa que todo está tan mal, eu pídolle que, cando vostede volva intervir, nos diga, con datos, se hai unha comunidade en España que teña máis axudas para o reto demográfico que a nosa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Polo grupo autor da moción, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señora do Partido Popular, señora Arias, creo que vostede é de Lugo, ¿non? Estráñame bastante a actitude que ten. Non sei se corresponde a un argumentario de partido, pero bueno. Hoxe que temos aquí representantes de veciños de catrocentas asociacións veciñais, que son, precisamente, moitos e moitas deles da súa provincia, de Lugo, estráñame moito que vostede vexa unha radiografía da que todos os galegos e galegas vemos o contrario. Pero non só nós; non só os galegos e galegas que percibimos, que estamos a pé de rúa, senón o propio Instituto Nacional de Estatística e o Foro Económico de Galicia. Ou sexa, ¿mentimos todos e vostedes teñen a razón? Non hai peor cousa que negar a realidade. Non hai peor cousa que ter un problema tan transcendental para Galicia, como o reto demográfico, e actuar como necio en vez de como solución para un problema que nos afecta e afectará nos próximos anos. Levan vostedes gobernando case ininterrompidamente durante décadas e tiñan que ter xa este asunto, do que se está a falar dende hai décadas —como dicía—, solucionado. E levan gobernando décadas, primeiro con Fraga. Por certo, a conselleira, cada vez que se fala do asunto do reto demográfico, retrotráese a Fraga, e non entendemos por que cando ao Goberno galego se lle plantexa unha situación que ten evidencia, que está evidenciada... Non

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

só non o dicimos nós, non só o di a xente, senón que o din —como dicía— os datos. ¿Os datos demográficos son iguais en todos os lugares, din vostedes, non? Vostedes pensan que isto é unha tendencia, que pasa en todos os sitios igual. ¡É mentira! E vostedes, ou ben descoñecen os datos por ignorancia —que pode ser—, ou ben vostedes saben os datos e intentan manipular a cidadanía, que iso si que xa é máis preocupante *(Aplausos.)* porque sería tremendamente inxusto para o que están pasando nas zonas máis despoboadas, sobre todo na súa provincia de Lugo e na miña provincia, en Ourense, xa que —como dicía— moitos medios nos están comparando con Siberia porque temos menor densidade poboacional que en Siberia, onde teñen que sufrir temperaturas de menos vinte graos baixo cero.

¡Claro que Galicia é un sitio marabilloso para vivir, por suposto! Pero despois de décadas de gobernos do Partido Popular —primeiro con Fraga, despois con Feijóo e agora co señor Rueda— na mesma tendencia, con políticas retroactivas que non avanzan para nada, estamos na mesma situación e cada vez peor. Polo tanto, o que non podemos é plantexar unha situación tan importante para Galicia e que respondan, primeiro, cunha mentira, dicindo que é unha tendencia en todos os sitios igual, porque é mentira. Temos —e repito— o peor saldo vexetativo de todo o país. A segunda idea é que o Goberno galego pensa atallar o reto demográfico —que o repetiu— unicamente con medidas puntuais, como as medidas natalistas, que se circunscriben só a unha consellería, e, por outro lado, para uns catrocentos privilexiados dos centos de miles de persoas que están fóra de Galicia.

E outra cuestión —e algo moi curioso— é o que dicía de que cada vez que lle preguntamos ao Goberno galego sobre esta cuestión fala de Fraga. Pero ¿cal é a medida que queren reivindicar de Fraga? Queremos saber cal é a medida que queren reivindicar de Fraga. ¿Queren seguir na mesma dinámica? É que é totalmente de lóxica. Sen ir máis lonxe, aos meus fillos, que un ten dez anos e a pequena oito anos, se llelo explicas, entenden que, se seguimos décadas na mesma situación, se cada vez imos a peor, se os gobernos son os mesmos e non cambian o seu *modus operandi*, é lóxico que o problema non se vaia solucionar. Iso enténdeo un neno ou unha nena. Non fai falta ir aos datos e á evidencia que existe. E repito: cun goberno negacionista, retrógrado e que se resigna non imos avanzar para nada.

Vostedes, coma sempre, para defenderse atacan o Goberno, os concellos, ou a cidadanía se fai falta, por non asumir as propias responsabilidades e as competencias que teñen. Vostedes din que os concellos se atribúen as medidas da Xunta. ¡Non, non! É a Xunta a que está atribuíndose as medidas do Estado e o que fai pola xuventude galega, a peor tratada por un goberno autonómico en toda España, por este goberno autonómico. O Goberno galego é o que peor tratou e trata a xuventude galega, por iso ten que marchar. Estamos a falar de datos moi preocupantes. Desde o ano 2009, en que vostedes entraron a gobernar co señor Feijóo, máis de cen mil galegos e galegas menores de 29 anos tiveron que marchar de Galicia. E parécenos estupendo que marchen as persoas que queiran marchar para emprender unha nova vida, pero non que teñan que marchar porque estean obrigadas, porque non atopen solución laboral para poder facer as súas vidas a nivel persoal.

E vostede falaba de Vigo, do alcalde de Vigo. Falaba de que podía poñer medidas como a Xunta de Galicia. Vostedes non son exemplo de nada. O alcalde de Vigo deu 205 euros a cada neno escolarizado para que puidese ter os libros gratuítos. Tomen exemplo e fagan o mesmo

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desde a Xunta de Galicia, *(Aplausos.)* que retiraron a gratuidade para os libros de texto para garantir a igualdade de oportunidades dos nenos e das nenas de modo que por nacer nunha cuna rica ou nunha cuna pobre teñan diferentes oportunidades. Queremos que os nenos e as nenas teñan as mesmas oportunidades e que logo non teñan que facer as maletas e marchar como tiveron que facer.

E ¡ollo!, ¿dicía que o Goberno galego inviste en máis medidas para o reto demográfico? ¿Pero cales? Non nomeou ningunha en concreto, só a medida esta dos catrocentos elixidos que están fóra para que a Xunta de Galicia lles dea un contrato de traballo. É máis fácil que lles toque a lotería aos cento e pico de miles de galegos e de galegas que están fóra. Miren, hai comunidades autónomas que invisten o 3,6 % do PIB só no reto demográfico.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: E non están tan mal como Galicia. Tomen exemplo. Deixen de negar a realidade.

Vostedes teñen unha maioría absoluta —sempre o digo—. Os galegos e as galegas, na súa maioría, depositaron a confianza sobre un Goberno galego que queren que tome o temón, que non cruce os brazos e mire e asubíe para arriba coma se non fose con nós este reto demográfico. Non podemos resignarnos a que factores externos —repito— nos solucionen o cotarro, como é a inmigración.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: Porque vostede volveu falar do incremento da poboación. Iso díxoo a conselleira o outro día. Non podemos resignarnos. Tomen conciencia do problema, non fagan negacionismo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ORTEGA OTERO: ...non sexan retrógradas e tomen en serio o asunto.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, ¿acepta a emenda?

A señora ORTEGA OTERO: Si, aceptámola porque tamén a levamos nas nosas propostas.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Vale, grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Rematados os debates das mocións, procedemos á súa votación.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Daniel Castro García, sobre o fomento da lingua galega.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Castro García, sobre o fomento da lingua galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores, sobre as listas de agarda non estruturais do Servizo Galego de Saúde.

Foi solicitada a votación por puntos. ¿Acepta a votación por puntos? *(Negación.)* Non.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores, sobre as listas de agarda non estruturais no Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Marina Ortega, sobre a política en relación co impulso demográfico. Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Marina Ortega Otero, sobre a política en relación co impulso demográfico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou ler unha declaración institucional, que me fan chegar os grupos, sobre o Día Mundial das Enfermidades Raras do ano 2023, e que di:

«Na Unión Europea denomínanse "enfermidades raras" aquelas cuxa prevalencia está por baixo de 5 por cada 10.000 habitantes. Segundo a Organización Mundial da Saúde, existen preto de 7.000 enfermidades raras que afectan ao 7 % da poboación mundial. Isto significa

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3 millóns de españois, 30 millóns de europeos e 47 millóns de persoas en Iberoamérica. Son enfermidades que, consideradas unha a unha, afectan a moi poucas persoas, pero que, tomadas no seu conxunto, implican gran parte da cidadanía. Trátase de persoas que conviven con algunha enfermidade de carácter xenético, crónico e dexenerativo en máis do 70 % dos casos. Son enfermidades que, ademais, aparecen na infancia en 2 de cada 3 casos, que comportan unha gran discapacidade na autonomía e que tamén afectan a calidade de vida dos seus familiares e da súa contorna. A súa complexidade e baixa prevalencia fai necesaria unha especialización, concentración de casos, unha abordaxe multidisciplinaria e experiencia para a súa atención.

En 2023 unímonos ás alianzas europea e iberoamericana e á Rede Internacional de Enfermidades Raras para facermos un chamamento global no marco do Día Mundial das Enfermidades Raras. Desde o Parlamento de Galicia e as federacións galega e española de enfermidades raras unímonos a este día, que se celebra cada 28 de febreiro —día 29 nos anos bisestos— baixo o lema «Fai que o tempo vaia ao noso favor», enmascarado nunha campaña global para impulsar unha mobilización internacional que free as dificultades de acceso en equidade ao diagnóstico e ao tratamento.

O noso obxectivo é afrontar os retos que supón non só o atraso ou a ausencia de diagnóstico dunha enfermidade rara, senón tamén a dificultade de acceso a el. Ante a ausencia de diagnóstico, cando a enfermidade non ten nome aínda, procede, primeiro, recoñecer as persoas e as familias sen diagnóstico como un colectivo diferenciado pola Administración desde unha perspectiva internacional, nacional e autonómica; segundo, implementar no sistema sanitario a codificación «trastorno raro sen diagnóstico determinado», que será clave para coñecer exactamente cantas persoas hai nesta condición; terceiro, recoñecer e potenciar os programas que actualmente apoian a obtención dun diagnóstico que se desenvolven no noso país; e, cuarto, implementar estruturas e roteiros que, en coordinación co Sistema de saúde, permitan proseguir no proceso de diagnóstico cando a enfermidade non ten nome aínda.

A discapacidade nalgunhas enfermidades raras podería previrse cun diagnóstico precoz. Ante o atraso no diagnóstico da enfermidade rara que ten nome e trastorno coñecido na literatura médica pero que aínda non se chegou ao diagnóstico, faise necesario impulsar e implantar o plan de acción europeo en enfermidades raras que permita a actualización de políticas en materia de enfermidades raras a nivel europeo; asegurar o acceso en equidade a infraestruturas, como as redes europeas de referencia, e xerar procedementos comúns de coordinación cos centros, servizos e unidades de referencia; reactivar e actualizar a Estratexia en enfermidades raras do Sistema nacional de saúde, así como garantir a coordinación en todo o territorio; harmonizar, a nivel autonómico, os plans e estratexias das enfermidades raras; impulsar medidas que garantan o acceso en equidade a probas de diagnóstico —como son as xenéticas ou programas de cribado neonatal— e garantir a equidade para todas as comunidades autónomas; e recoñecer a especialidade sanitaria de Xenética en España e equipararnos, así, ao resto de países europeos.

Todas estas medidas son fundamentais para lograrmos os retos específicos aos que nos enfrontamos. É por iso polo que desde as federacións galega e española de enfermidades raras fan un chamamento ás institucións competentes —Xunta de Galicia, Ministerio de Sanidade,

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ministerio de Ciencia e Innovación e o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030— para recoñeceren o colectivo das persoas sen diagnóstico de maneira diferenciada e para desenvolveren accións estratéxicas e destinaren os recursos económicos para garantir o acceso ao diagnóstico en condicións de equidade, independentemente do lugar de residencia.

¡Fagamos que o tempo vaia ao noso favor!

Moitas grazas.

(Apróbase por asentimento.) (Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da aprobación do Plan de igualdade e da incorporación nel de medidas que garantan os dereitos de conciliación do persoal da Administración pública

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada Noelia Pérez López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 32926 (11/PNP002872).

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a aprobar, unha vez rematada a preceptiva negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa de Negociación de Empregados Públicos, que está a punto de concluír, o Plan de igualdade, que ampliará as medidas encamiñadas a garantir os dereitos de conciliación do persoal da administración pública así como a promover a corresponsabilidade.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todas e a todos.

Dicía antes o meu compañeiro Dani Castro que era vagancia que un goberno, neste caso do Partido Popular, incumprise consciente e reiteradamente as súas obrigas, as obrigas que están recollidas, ademais, na lexislación. Eu diría, máis ben, desidia. E traio un exemplo máis —hainos a feixes— do que di a lei desde hai dezaseis anos e de que o Goberno do PP xa foi por outro camiño distinto. Hai dezaseis anos que a lexislación galega di o seguinte: «Voluntariedade e obrigatoriedade dos plans de igualdade» —artigo 11.1 da Lei de igualdade no traballo e artigo 67 do decreto lexislativo que refunde toda a lexislación galega en materia

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de igualdade—. «Un» —é fácil, non hai que afondar moitísimo alí na lei—. «Os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica» —traducido: a Xunta—, «os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia». Desde hai dezaseis anos, a Xunta, de maneira consciente, ¡consciente e reiterada!, incumpre a lei ao non contar con ese plan de igualdade que recolle a normativa para o seu persoal. De feito, de todos os organismos públicos que teñen a obriga de contar cun plan de igualdade, só o Sergas —¡só o Sergas!— aprobou o seu, e fíxoo con máis de dez anos de atraso. A Corporación Radio e Televisión de Galicia, que está ultimamente así un pouco de actualidade —tamén é unha sociedade pública, unha sociedade anónima que compón a corporación de medios públicos deste país—, tampouco conta con el, tendo a obriga legal desde o ano 2007 de contar con ese plan de igualdade; cunha dirección que, ademais de carecer de plan de igualdade, carece do máis mínimo sentido da decencia. Agora, ademais de ordenarlles manipular aos traballadores, directamente os persegue se non cumpren coas ordes que lles dan.

Ningún ente ou organismo público, agás o Sergas, ten plan de igualdade no ano 2023 dezaseis anos despois de aprobarse a Lei de igualdade no traballo, que obriga —¡obriga!— a Administración pública a contar con el. Desde o BNG levamos anos traendo de maneira recorrente a este Parlamento este tema —soaralles—, a obriga —e insisto e subliño moito isto porque non é algo que o goberno de turno poida decidir, poida opinar, poida aplicar ou non segundo lle conveña ou lle praza—, a obriga legal que ten o Goberno galego, a Xunta de Galiza, de contar cun plan de igualdade entre o seu persoal. Ao longo de todos estes anos de incumprimentos conscientes e reiterados nos que trouxemos desde o Bloque Nacionalista Galego esta cuestión a este Parlamento díxosenos de todo.

Até o ano 2017 —para ser exactas— non empezou a constitución da mesa de negociación coa parte sindical, coa parte social. Até dez anos despois de ter a obriga de facelo, a Xunta de Galiza non comezou cos trámites de elaboración, dez anos —insisto— desde a entrada en vigor dunha lei que os obrigaba a cumprir con ese plan de igualdade.

En marzo de 2018, o presidente da Xunta de Galiza anunciaba aquí en sede parlamentaria —que aguanta de todo este hemiciclo—, anunciaba a bombo e prato neste Parlamento, que a aprobación do plan de igualdade era inminente —volve usalo, ademais, na súa emenda o Partido Popular, ¡e eu teño unha gana de que veñan aquí defendela!—. Xusto un ano despois, en 2019, Alfonso Rueda, daquela vicepresidente —logo ascendeu a presidente da Xunta—, aseguraba aquí, tamén en sede parlamentaria, que o plan xa estaba elaborado e que —abro aspas— «se lles trasladou aos sindicatos e neste mesmo ano entrará en vigor». Era 2019 e estamos en marzo 2023 —para situarnos—. Era mentira absolutamente, máis falso que unha moeda de tres euros.

Hai dous anos, en marzo de 2021, a portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, volvía recordarlle esta cuestión ao presidente da Xunta, a obriga por lei, desde o ano 2007, do Goberno galego de contar cun plan de igualdade para o seu persoal. Pensemos que a Xunta, ademais de ser o Goberno galego —a Administración, digamos, do autogoberno deste país—, é o maior cen-

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tro de traballo que existe en Galiza. Para a Xunta, na Administración xeral, traballan aproximadamente 26.500 persoas: 18.000 mulleres, aproximadamente, e 8.500 homes —26.500 traballadoras e traballadores para a Administración xeral da Xunta de Galiza—. ¡Nada!, aquí, en marzo de 2021, a Xunta e o Goberno do Partido Popular, coma quen oía chover.

Nese mesmo mes —que é o mes de marzo, o de poñerse o lazo lila ben grande e que se vexa ben—, o 24 de marzo —para ser exactas—, a conselleira de Igualdade emendaba completamente a plana ao seu propio Goberno e ao Partido Popular asegurando aquí, en sede parlamentaria, que estaban traballando na diagnose, cando supostamente había dous anos que estaba todo feito.

Eu onte preguntei sobre cal era a situación actual. Non vou dicir nada esperando a que defendan a súa emenda, por favor; porque esa palabra, «inminente», eu non sei como a van defender, non o sei. Pero, bueno, eu doulles a marxe da dúbida. En todo caso, dezaseis anos de incumprimento creo que dan para cualificalo de auténtico despropósito, porque non ten outra palabra. ¡Dezaseis anos!, ¡dezaseis anos, que logo se din, incumprindo a lei quen debería dar exemplo. Porque eu quero lembrar que logo é o Goberno, é a Administración da Xunta de Galiza, quen reclama hoxe ás empresas con máis de 50 traballadores que teñen que contar con plans de igualdade para o seu persoal.

Como saberán —supoño que son persoas que len e están enteradas—, como saberán polos medios de comunicación ou as redes sociais, nós este ano, desde o BNG, lanzamos unha campaña polo 8 de marzo cun lema moi claro: «Imos estar aquí o 8 de marzo e os 365 días do ano, porque a igualdade non se consegue nun só día». É unha campaña coa que queremos denunciar as desigualdades que existen entre as mulleres e os homes aínda hoxe en todos os ámbitos. Tamén queremos denunciar, dentro desa campaña, un fenómeno que se coñece dentro do movemento e pensamento feminista como *purple washing*, que é un lavado de imaxe violeta co que administracións, gobernos e empresas multinacionais se dan —*así, una vez al año, que no hace daño*— un verniz de feministas. Pero logo son as primeiras en non cumprir, en non garantir os dereitos das mulleres ou en levar aos xulgados, como práctica habitual, dereitos fundamentais, como son os de conciliar. Pois dentro dese *purple washing*, dese lavado de imaxe violeta, ano tras ano está tamén a Xunta de Galiza. E para mostra un botón: máis de dez anos, dezaseis anos, pasando polo arco de triunfo as súas obrigas en materia de igualdade; pero, iso si, cun lazo violeta cada mes de marzo *bien grande*, que se vexa, que se vexa ben. Chamámoslle *purple washing* porque «hipocrisía política» nos parecía demasiado longo.

Hoxe volvemos insistir nisto desde o BNG, en que é unha obriga que a Xunta teña un plan de igualdade e que o aprobe de maneira inmediata. Porque non é debatible, non é opinable, hai que facelo e punto. Respecto dos dereitos non se escolle se se cumpren ou non, non se decide por parte do goberno de turno se se garanten ou non se garanten. A Administración pública ten unha responsabilidade engadida máis que ningunha outra área ou ámbito, non só na elaboración deste tipo de ferramentas —que saben que son esenciais para detectar situacións de discriminación e corrixilas, sexan directas ou indirectas, verticais ou horizontais, por razón de xénero—, senón tamén porque a Xunta de Galiza, como goberno, ten a obriga de garantir e dar exemplo na garantía do cumprimento dos dereitos do seu persoal.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E a Xunta non sempre cumpre; mais ben, ao contrario, é bastante habitual que en entes públicos —como, por exemplo, o Consorcio, no que, quero lembrar, máis do 90 % do cadro de persoal son mulleres—, a Administración sexa unha pexa, un atranco no camiño, á hora de garantir entre o seu persoal os dereitos de conciliación, as reducións de xornada ou as adaptacións de horarios para coidar. Pero non só no Consorcio, na exposición de motivos verían que collemos unha sentenza cada ano, desde 2019 a 2022, nas que se condena a Xunta de Galiza precisamente por vulnerar os dereitos de conciliación entre o seu persoal. En marzo de 2019 foi a xustiza quen condenou —neste caso o Xulgado do Social de Ourense— o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar por denegar sen motivación xustificada e de maneira discrecional un permiso de conciliación laboral e familiar a unha traballadora que o solicitara para atender o fillo, que tiña unha enfermidade. En xullo de 2021 o Superior de Xustiza de Galiza condenou a Consellería do Medio Rural reafirmando un xulgado do social que lle recoñecera a un bombeiro forestal dependente da Consellería do Medio Rural o dereito a adaptar o seu horario laboral para poder coidar da súa filla. En febreiro de 2022, o Xulgado do Social de Lugo tamén condena a Xunta por negar o dereito de conciliación a unha traballadora auxiliar de enfermería nun centro dependente da Consellería de Política Social. A sentenza obrigaba a Xunta a adaptar os horarios da súa traballadora e a concederlle, ademais, unha indemnización polo dano moral que lle causara.

A Xunta —insisto— ten que ser exemplar, ¡exemplar!, na promoción da igualdade real entre mulleres e homes, así como na garantía dos dereitos fundamentais do seu cadro de persoal e, entre eles, por suposto, o de conciliación da vida persoal e familiar.

Na exposición de motivos —insisto— recóllense e relátanse eses exemplos. Hoxe o que propomos desde o BNG —e con isto remato— é fácil de entender: que se cumpra o que di a lei neste país desde hai dezaseis anos, así de claro; cumprir o que di a lexislación e facelo con celeridade e dilixencia, sen seguir demorando máis no tempo. Porque están lanzando unha mensaxe moi perigosa e perniciosa ao conxunto da sociedade deste país, pero sobre todo ao conxunto das empresas, que saben que desde o ano 2022 e a partir dos 50 traballadores teñen a obriga de contar cun plan de igualdade. O que lles está dicindo o goberno do Partido Popular desde a Xunta de Galiza é que tanto ten se tes plans de igualdade ou non, tanto ten se pos medidas de corrección das desigualdades directas ou indirectas, porque quen che reclama que o teñas, para empezar, non o cumpre entre o seu persoal. Pódese incumprir a lei impunemente, como fai o Goberno do Partido Popular desde hai máis de dez anos, sen que pase absolutamente nada. Iso si, logo saímos todas e todos o 8 de marzo coa boca grande, e sobre todo cun lazo violeta ben grande no peito.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra dona Noelia Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Boa tarde a todos.

Eu quería, na véspera do 8 de marzo, sumarnos á celebración do Día Internacional da Muller, que celebramos mañá; unha xornada para reivindicar os logros acadados por todos en ma-

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

teria de igualdade en todas as esferas —tamén na Administración pública, da que imos falar hoxe— e coller forzas para seguir percorrendo ese camiño ata acadar a igualdade real e efectiva para toda a sociedade. *(Aplausos.)*

E dito isto, e xa entrando no fondo da iniciativa que hoxe formula o Bloque Nacionalista Galego, quixera facer unha reflexión inicial e explicar por que presentamos unha emenda, que ao noso entender non desvirtúa para nada o acordo que trae hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego para a súa aprobación pero que si adapta ese acordo á realidade. E non aparece na nosa emenda a palabra «inminente» por ningún lado.

E a reflexión que quero facer xira arredor da exposición de motivos —tamén falou a señora Rodil diso neste estrado—. Porque, mire, non hai nada máis superficial e máis inxusto que xeneralizar. E iso é o que está a facer o Bloque Nacionalista Galego hoxe con parte desta iniciativa, xeneralizar a excepción, señora Rodil; xeneralizar a excepción para intentar colar a mensaxe de que a Xunta de Galicia non está a garantir os dereitos fundamentais do seu cadro de persoal. Queren deixar entrever que non se está atendendo ao dereito á conciliación. E iso é falso.

Miren, nomean vostedes tres sentenzas, unha de cada ano. Eu voulle dar datos, porque, como dicía a súa xefa esta mañá, a señora Pontón, o dato mata o relato. Falemos, por exemplo, do Consorcio, da primeira sentenza que vostedes nomearon. A realidade é moi diferente ao que vostedes presentan. Mire: o total de peticións de conciliación no ano 2019 foron 269; autorizadas, 242, o 90 %, 9 de cada 10 peticións foron autorizadas, señorías. No ano 2021, o 90 % foron autorizadas, e a mesma porcentaxe no ano 2022. E das rexeitadas, algunhas van ao xulgado e pódenlles dar razón —como no exemplo que nomeou vostede hoxe—, pero hai outras ás que non llela dan. Polo tanto, nos anos que vostedes citan, máis do 90 % —volvo insistir, 9 de cada 10— das solicitudes de conciliación e permisos foron autorizados, e as denegacións —que son a excepción— responden á dificultade de cadrar nalgúns casos o dereito do persoal co normal funcionamento dos centros. E non me vou estender máis, pero poderiamos avaliar casos concretos que entenderían perfectamente vostedes e que entenderían perfectamente os cidadáns do noso país.

E respecto do Plan de igualdade da Administración autonómica, está hoxe rematando e a punto de concluír a negociación preceptiva coa representación legal dos traballadores. E iso é o que explicamos na nosa emenda. Vostedes pídennolo de forma inminente e nós pedimos que cando remate a negociación preceptiva. *(Murmurios.)* E dígolle, desde o convencemento, que estará aprobado en vindeiras datas. E aínda que honestamente lle recoñeza que probablemente puido ter avanzado máis rápido, coa mesma honestidade lle digo que se deron pasos firmes e ordenados na súa redacción, e isto é fundamental cando se teñen responsabilidades de goberno. Porque vostedes saben perfectamente que un bo plan require dunha boa diagnose e de analizar exhaustivamente cal é a situación da organización. Iso no seo da Administración autonómica, que conta con preto de 27.000 empregados —como vostede ben dixo—, leva á análise dunha importante cantidade de datos e dunha importante cantidade de información, tanto cuantitativa como cualitativa; unha análise que ademais se tivo que adaptar ás novas exixencias dos reais decretos 901 e 902 e á normativa que os desenvolve —pégalle a risa pero é unha realidade—, e que lle dá voz ás principais beneficiarias, ás tra-

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

balladoras e tamén aos traballadores da Administración autonómica. Porque no seo da comisión negociadora se acordou e se deseñou o contido dunha enquisa para que os traballadores puidesen dar a súa opinión e as súas suxestións. E iso vai permitir ter unha visión máis real da situación e introducir no plan medidas máis acaídas aos intereses e ás necesidades das traballadoras e traballadores, para que sexan medidas máis eficientes e máis eficaces e que atendan ás necesidades reais da Administración galega.

E sen tratar de xustificar nada, concordarán comigo en que as présas á hora de xestionar e á hora de lexislar non son boas conselleiras —e temos exemplos dabondo e de total actualidade—. O mínimo que pode supoñer unha valoración, unha lei ou unha medida precipitada, o mínimo, é unha dolor de cabeza. Polo tanto, o que pretende o Goberno galego é sacar adiante o primeiro plan para a igualdade da Administración autonómica coa maior das garantías e co maior dos consensos posibles, e que, de verdade, sexa un plan efectivo e unha ferramenta efectiva na loita contra a discriminación dentro da Administración e na loita pola igualdade. E facelo doutra forma, facelo á présa por buscar titulares en vez de eficiencia, eficacia e cubrir necesidades, podería ter consecuencias tan bochornosas como a que se está a vivir hoxe no Goberno do Estado e que tan negativamente está a afectar as mulleres.

Señora Rodil, mire, está o Bloque Nacionalista Galego hoxe para falar de *purple washing*. Dígolle que está fino para falar diso. E dígollo porque hai uns minutos o Bloque Nacionalista Galego, ademais de atacar os xuíces unha vez máis, acaba de votar en contra da reforma da Lei do «só si é si» pola que xa se beneficiaron máis de 800 agresores sexuais e 74 saíron xa á rúa. Primeiro permitiron que saíse adiante unha lei. A iso é ao que levan as présas e querer dar titulares. E agora votan en contra de reformar esa lei. Miren, é unha pena que a señora Pontón viñese só votar e xa se fose, porque a min me gustaría poder preguntarlle agora mesmo con que cara vai coller a pancarta do feminismo mañá. Gustaríame preguntarllo.

E continúo co Plan de igualdade, un plan que dará resposta a todas as necesidades en materia de igualdade e conciliación que teñan todas e cada unha das persoas que conforman o cadro laboral da Administración autonómica. Pero, miren, que o Goberno galego queira sacar adiante un plan para a Administración autonómica coas máximas garantías non implica que leve anos de brazos cruzados, como pretenden facer ver vostedes. Todo o contrario, todo o contrario, porque levan anos en marcha e lexisladas medidas que xa dan cumprimento a eses reais decretos dos que lles falei hai un momento e que están a facilitar —e moito— o traballo.

Hoxe en día as mulleres representan o 71,4 % do persoal empregado público na Xunta de Galicia. Pero imaxinemos por un momento que houbese infrarrepresentación feminina. Galicia ten xa lexislación aprobada que permitiría, a méritos iguais, reverter esa situación.

Falemos da provisión de postos de traballo e de promoción profesional, é dicir, de reducir as desigualdades na carreira profesional. O principio de igualdade aplícase hoxe plenamente, conforme a lexislación vixente, na nosa comunidade. Vaiamos á formación. Só no ano 2022, 3.700 empregados públicos tiveron formación específica en materia de igualdade —iso sen contar a formación que se lle deu ao persoal docente dende a Consellería de Educación e sen contar a específica no ámbito sanitario que se impartiu desde a Consellería de Sanidade—.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Falou vostede do Sergas, e o Sergas tamén forma parte da Administración autonómica e xa conta cun plan de igualdade, señora Rodil.

E se collemos o obxectivo de reducir a fenda salarial, poden ver, nas táboas retributivas do persoal que están sometidas ao principio de transparencia e acompañan a lei de orzamentos cada ano, que na Administración autonómica non existe esa disfunción por xénero.

En canto ás medidas de apoio á corresponsabilidade e á conciliación, póñolle un exemplo, e ademais con ese exemplo podemos comparar Galicia co resto das comunidades. Galicia é pioneira no establecemento, por exemplo, de medidas a prol dos permisos de paternidade, consolidados no I Plan de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021. E, por certo, ese segundo plan está xa presentado no Consello Galego das Mulleres dende hai un mes e no resto de departamentos da Xunta para que poidan facer as súas aportacións.

Falemos de flexibilidade laboral, regulada na Administración galega dende o ano 2013, ou mesmo falemos do teletraballo —que en 2020, por certo, señorías, se acadou un acordo pioneiro coa CIG para implantar un novo réxime de teletraballo na Administración autonómica que prioriza colectivos que necesariamente precisan dunha especial protección, como as mulleres embarazadas, persoal con necesidades específicas en materia de conciliación ou persoas con discapacidade e vítimas de violencia de xénero—. Podemos falar tamén da materia de prevención, de detección e resolución de situacións de acoso laboral e de calquera outra discriminación por razón de sexo. Na Administración autonómica cóntase xa desde o ano 2016 cun protocolo para erradicar este tipo de condutas e está a funcionar.

En definitiva, señorías, son medidas que levan anos protexendo e garantindo a igualdade do persoal da Administración, porque o compromiso do Goberno galego para avanzar na loita contra a discriminación e pola igualdade real entre mulleres e homes é total, dentro da Administración e fóra da Administración. E a mellor mostra dese compromiso son os orzamentos do Goberno galego en materia de igualdade neste ano 2023: 44,5 millóns de euros, que supoñen un incremento dun 41,4 % respecto do ano anterior.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Ben, nós adiantamos o noso voto favorable a esta proposta, porque, ademais, é algo que tamén levamos tempo demandando ao Goberno galego.

Nós tamén imos xeneralizar, señora Pérez, porque detrás de cada caso dos que hoxe se fala nesta iniciativa hai unha persoa e tamén hai unha familia. Así que por iso imos xeneralizar e tamén imos facer un relato cronolóxico, porque é importante deixar claro o que se estivo facendo ou non facendo en todo este tempo.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hai agora case seis anos, no ano 2017, o Grupo Socialista sometía a debate do Pleno da Cámara unha proposición non de lei para solicitar precisamente a posta en marcha urxente do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia, acorde coa nova normativa, que, efectivamente, obrigaba a telo. A iniciativa, por suposto, non acadaba o apoio do grupo do Goberno, do Grupo Popular, que non estaba disposto a redactar un informe de diagnose que puxese de manifesto o nada feito ata o momento nesa materia.

Ben, como xa se dixo, poucos meses despois a Comisión Interdepartamental de Igualdade acordaba elaborar ese plan. E, efectivamente, xa con motivo do 8 de marzo de 2018 —que é cando, efectivamente, este goberno pon as gafas moradas— o señor Feijóo, daquela presidente da Xunta de Galicia, anunciaba a súa aprobación inminente, ¡inminente! Exactamente cinco anos despois desa inminencia seguimos sen entender cal é o concepto de inminencia para o señor Feijóo, para este goberno, tendo en conta que a estas alturas continuamos sen ese plan.

Temos que lembrar tamén, efectivamente, que no noso país ese plan xa é de obrigada inclusión dende o ano 2007, con esa Lei do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, á que non vou dar lectura hoxe tampouco pero que nese artigo 11 deixaba claro esa obrigatoriedade. E, ademais, efectivamente, ese mesmo artigo mantívose no Decreto lexislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Galicia en materia de igualdade. Levamos, polo tanto, máis de quince anos, señora Pérez. Dixo «présas», que non hai que darse présa, non hai que andar ás présas, e son quince anos, ¡máis de quince anos!, agardando por unha ferramenta que permita acadar o obxectivo de igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo na Administración pública galega. Por certo, é unha tardanza que choca de fronte coas boas intencións que o Goberno galego —hoxe tamén o vimos aquí— manifesta ante os medios de comunicación e nesta mesma Cámara.

Claro, tamén se dixo que, tendo en conta que a propia Administración pública é a primeira que é incapaz de cumprir coas obrigas da lei, non estraña que só o 20 %, ¡o 20 %!, das empresas galegas cumpran tamén —e isto con datos de 2022, non imos moi atrás—. De acordo co Decreto lei 6/2019, que modifica e que marca en 50 o número de traballadoras e traballadores para que as empresas conten con plans de igualdade, só o 20 % cumpre con esta obriga. É lóxico. Se a Xunta non cumpre, ¡como van cumprir as empresas! Non sei que clase de exemplo queren vostedes dar como goberno se non son quen de elaborar un plan que, efectivamente, garanta a igualdade entre o seu propio persoal.

Repite o Grupo Popular a argumentación da conselleira, efectivamente —que xa escoitamos aquí moitas veces—, de que a Administración galega dispón dun *sinfín* de ferramentas para garantir esa igualdade, pero saben vostedes que ese plan ten que partir dunha diagnose —unha diagnose, un paso previo—. E é precisamente esa diagnose a que nos dará a medida de cal é o grao de cumprimento da igualdade na nosa Administración.

Nós tamén queremos facer memoria, señora Rodil, e foi en marzo do ano 2021 cando a conselleira contestaba a esta mesma deputada por esta cuestión que estaban precisamente na fase de diagnose do plan. Foi en marzo do 2021, hai dous anos. E fala de présas. «Présas»

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—di—. E xa en setembro volvía responder por escrito —a unha pregunta do Bloque Nacionalista Galego— que se estaba traballando —xa pasamos da diagnose— no marco do diálogo con todas as organizacións sindicais presentes nesa Mesa Xeral de Empregados Públicos. A conselleira xa en marzo do ano 2021, ou sexa, hai dous anos, poñía como escusa para non ter ese plan, primeiro, as dificultades de negociación coas organizacións sindicais. E tamén se dixo aquí, e é certo, que curiosamente é a mesma escusa que dá o director xeral da CRTVG para no aprobar o Plan de igualdade da Corporación, exactamente a mesma escusa. E, polo que vemos na emenda, tamén hoxe é a escusa que pon o Goberno para non aprobar o da Administración xeral da Xunta.

A outra escusa era que a tramitación se vira alterada polos cambios acontecidos nas condicións e exixencias da análise diagnóstica e da elaboración dos datos tras a aprobación de dous reais decretos no ano 2020 —o 901, polo que se regulan os plans de igualdade, e o 902, de igualdade retributiva entre homes e mulleres—. Isto era o que nos dicía a conselleira.

O curioso destas escusas é que a Administración Xeral do Estado aprobaba no 2021 o seu III Plan de igualdade. Así que, claro, ¿como imos entender que a Administración Xeral do Estado si pode facer ese plan, si pode rematar ese III Plan de igualdade —o terceiro, xa non o primeiro—, pero resulta que o Goberno galego, con eses decretos, non pode? Non se comprende.

Dicía tamén a conselleira que, proba da boa vontade e compromiso deste Goberno, é que o Decreto lexislativo 2/2015, en materia de igualdade, prevé actuacións especiais no caso da infrarrepresentación feminina nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría —entre outras medidas—. ¿Cren vostedes sinceramente que se está a corrixir esa infrarrepresentación? Eu penso que non, e vostede sabe ben que non. Pero, claro, debe ser que si o cren, porque a mesma conselleira, botando balóns fóra, tamén relataba en sede parlamentaria hai dous anos toda unha serie de cumprimentos —que volveu hoxe repetir aquí a voceira do Partido Popular— e de accións para a igualdade na Administración da Xunta. Pero obviaba que iso non é por vontade do Goberno galego senón porque a lei obriga. Iso si, claro, cumprimos unha lei; e a outra, xa tanto ten. Isto era como Groucho Marx, pero, en vez de principios, falamos de leis. A nós, dende logo, parécenos que pecan vostedes de falta de seriedade con esta cuestión; porque, cumprir co que vén apetecendo e, co que non, xa non cumprir, non nos parece demasiado serio.

Repito, falan vostedes de garantías de dereitos e de non discriminación botando man de numerosas medidas que din vostedes que están poñendo en marcha, pero o certo é que están incumprindo a lei. E non hai máis, ¡están incumprindo a lei! Oxalá esa diagnose que contempla o plan —e digo «oxalá» moi sinceramente— mostre unha situación de non discriminación das mulleres na Administración galega. Pero, mentres tanto, permitan que poñamos *a barbecho* o seu discurso —e máis despois dos casos que hoxe non relatou pero que si aparecen na parte expositiva desta iniciativa, e que non dan conta precisamente desa non discriminación e do respecto aos dereitos das mulleres—.

Falaba vostede de nove de cada dez. É igual ¿que pasa con esa soa persoa? ¿Que pasa con esas persoas que acaban por conseguir dereitos nun xulgado? ¿Por que? Utiliza vostede a mesma argumentación —repito— que o director xeral da CRTVG, exactamente a mesma.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por suposto, nós aplaudimos calquera acción que facilite a igualdade real entre o persoal traballador público, pero é preciso máis que iso. É preciso un documento que incardine todas esas accións e, como digo, é preciso, sobre todo, coñecer a situación previa e —fundamental, claro— os resultados. Disto si que xa non saberemos nada, porque estamos acostumados a que este Goberno avaliar avalíe pouco.

Miren, rematen dunha vez o I Plan de igualdade da Administración galega para garantir a non discriminación por razóns de sexo entre o seu persoal. Non podemos permitir que haxa nin unha soa sentenza nos xulgados e que finalmente a xente acade os seus dereitos por unha sentenza. Non nos veñan cos discursos de sempre, o de que nesta materia somos os mellores, somos pioneiros. Sempre pasa, sempre din o mesmo. Porque, con todos os meus respectos, ser o mellor leva aparellada sempre a exemplaridade. E entenderá vostede —coincidirá comigo— que nisto non son exemplares. Ou sexa, non acertan. *(Aplausos.)*

O plan, dende logo, debería conter, primeiro, por certo, máis do que vostede di nesta emenda. Eu non sei se vostede e o Grupo Popular entenden para que serve un plan de igualdade. Debería conter unha diagnose certeira da situación actual para, a partir de aí, planificar accións que se deberían desenvolver e que deberían incidir, cando menos, ¡cando menos!, na mellora das condicións de traballo e no desenvolvemento persoal das empregadas públicas; promover o desenvolvemento da carreira profesional das mulleres; crear as condicións que faciliten a igualdade retributiva; avanzar na corresponsabilidade —a corresponsabilidade, a materia pendente deste Goberno e o que non nos cansaremos de denunciar—; e despois, despois de avanzar na corresponsabilidade, tamén na conciliación da vida laboral, persoal e familiar. E, por suposto, tamén hai que traballar contra o acoso laboral e sexista para erradicar a violencia contra as mulleres.

Miren, a igualdade de xénero deberá ser unha política *palanca* de carácter transversal que impulse a transformación social tamén na Administración pública, o que a levaría a ser un modelo exemplar para copiar polo resto das organizacións empresariais. Pero, claro ¿que van imitar o resto das organizacións empresariais?

Mire, señora Pérez, acaba vostede de dicir aquí que é case inminente. Eu xa non sei se vou utilizar esa palabra, porque case está perdendo o seu sentido. Logo de dezaseis anos xa non cremos os seus discursos. Nós agardamos, sinceramente, que por fin poidamos falar de que eses máis de 26.000 empregados e empregadas públicas poidan ter ese plan de igualdade, pero xa non temos demasiada esperanza. O que parece claro é que este Goberno galego carece dun enfoque feminista en todas as políticas públicas que desenvolve

Nada máis, grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Antes de máis, tamén quero agradecerlle o apoio ao Partido Socialista.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu, como cuestión previa, señora Pérez, pero tamén sen querer facer *spoiler* de debates que vai haber neste Pleno na xornada de mañá, quero —permítanme— lembrar o que temos manifestado aquí desde o BNG non sei cantas veces xa. Pero vou lembralo: o BNG non apoia nin vai apoiar ningunha modificación da Lei de liberdade sexual que supoña un retroceso nos avances e dereitos conquistados polo movemento feminista, e non vai apoiar nin apoiará ningún retroceso na tipificación do consentimento como elemento central que determine a existencia dun delito contra a liberdade sexual das mulleres. *(Aplausos.)* Non imos volver ao de antes, ¡non imos volver ao de antes propóñao quen o propoña! E preguntaba vostede con que cara imos ir o 8 de marzo. ¡Coa de todos os días, coa de todos os días, señora Pérez, e coa cabeza ben alta! Miren, eu levo indo ás manifestacións do 8 de marzo desde antes de ter carné de conducir. Tiñan que levarme a Lugo ás manifestacións. Vou ir co orgullo e coa cabeza ben alta de levar indo toda a miña vida, ou case toda a miña vida, ás manifestacións do 8 de marzo. Lecciónes, *¡ni la primera! (Aplausos.)*

E indo ao tema, claro, alguén dicía hai un momento —do Partido Popular— que unha cousa é predicar e outra é dar trigo. Creo que era o señor Ferro. Pois, efectivamente, dar trigo e dar sulfato tamén por parte da Xunta de Galiza, que leva dezaseis anos, ¡dezaseis anos!, incumprindo a lei que a obriga a ter un plan de igualdade para o seu persoal. *(Aplausos.)*

Non ter présa, señora Pérez, non son dezaseis anos —que son cinco mil oitocentos corenta días, botei a conta agora—, cinco mil oitocentos corenta días non é non ter présa, é non ter gana nin vontade política de querer aprobar un plan de igualdade, que quero lembrar aquí que é —un— o dereito do propio persoal, das traballadoras e dos traballadores —case 27.000 persoas que traballan para a Administración Xeral da Xunta de Galiza—, e sobre todo é o elemento necesario para determinar se existe ou non discriminación ou desigualdade por razón de xénero dentro da Administración galega, dentro da Xunta de Galiza. Para cando acaben, señora Pérez, a este paso, para cando acaben, hai que volver poñerse a negociar porque xa estará esgotado.

E dicía ao comezo que quería que vostede explícase a emenda, efectivamente. E, por ser xustas coa verdade, non poñen a palabra «inminente», poñen «que está a punto de concluír a mesa de negociación coas organizacións sindicais». A min dábame a risa no escano porque, claro, eu onte chamei á parte social para enterarme, pois igual houbo algún movemento, algún cambio —co PP nunca se sabe, traes aquí iniciativas, mételas na orde do día e de repente ponse a funcionar todo cunha axilidade que mete medo—. Entón, chamei e pregunteilles —e, por favor, léollelo textualmente—, pregunteilles como vai iso: «Está na fase de diagnose, de momento non hai nada aprobado».

¿Dezaseis anos para diagnosticar? ¿Dezaseis anos para diagnosticar, señora Pérez? ¿Como vai acabar de maneira inminente, ou está a punto de acabar, unha negociación que é que nin sequera empezou porque nin sequera acabaron de facer a diagnose previa para poder sentarse a negociar coa parte social? *(Aplausos.)* Dicíanme: Vai lenta. E eu: Tan lenta que tiña que estar hai dezaseis anos. Hai dezaseis anos, insisto, non é ter pouca présa ou non querer ir rápido, non, é que vostedes o que non queren e mover unha folla e non queren garantirlles ese dereito fundamental que teñen as traballadoras e traballadores da Administración da Xunta de Galiza de contar cun plan de igualdade, que ten que partir, efectivamente, dunha

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

diagnose de se existen ou non desigualdades e discriminacións de todo tipo dentro da propia Administración —de tipo salarial, por exemplo, cos complementos que hai entre o cadro de persoal, ou nalgún outro tipo de política laboral que puidese supor unha diferenza entre mulleres e homes—.

Nós, como pode comprender, señora Pérez, non imos aceptar a emenda que presentan hoxe. Porque eu creo —e dígoo con franqueza e honestidade— que debería caerlles a cara de vergonza simplemente traela hoxe aquí. A Xunta sabe o que ten que facer. A Xunta sabe o que ten que facer porque hai dezaseis anos que a lei a obriga a contar con ese plan de igualdade. O que trae hoxe o BNG aquí é simplemente un recordatorio, é un lembrete, e xa non había nin sequera que traelo aquí.

¿Sabe —e con isto remato— se cumpre tanto a Xunta de Galicia e garante tanto e tan ben os dereitos das traballadoras? Hoxe mesmo a central sindical maioritaria na sanidade pública deste país, que é a CIG-saúde, denunciaba que o Sergas vulnera o dereito das traballadoras a dispoñer dos días de lactancia, e que iso estaba facendo que moitas mulleres que están dando o peito ás súas crianzas teñan que deixar a lactancia materna. E iso que o Sergas é a única área da Administración que ten un plan de igualdade.

De verdade, se queren apoiar a iniciativa, creo que é o suficientemente clara, concisa e contundente como para que voten o texto orixinal.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego , por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado respecto da prohibición da instalación de parques eólicos na costa de Galicia e no Cantábrico noroeste

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei 49064 (11/PNP004054).

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1º. Que xustifique tecnicamente as zonas de alto potencial para o desenvolvemento da eólica mariña incluídas finalmente nos POEM.

2º. Que explique por que non se consideraron todos os datos asociados á pesca e aos caladoiros.

CSV: BOPGDSPG-DIZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3º. Que dea resposta ás opinións do sector marítimo pesqueiro e se reúna cos axentes implicados no eido do Observatorio da Eólica Mariña.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señorías, como saberán todas, o pasado 28 de febreiro, hai apenas unha semana, o Goberno do Estado aprobou os plans de ordenación do espazo marítimo, pero xa hai algo máis dun ano antes aprobara o Consello de Ministros a folla de ruta para impulsar no Estado a eólica mariña. Nesa folla de ruta marcábase un obxectivo, que era chegar a entre un e tres xigavatios de eólica flotante en 2030. Estamos a falar de que se fixaba o obxectivo de chegar no Estado español ao 2030 co 32 % do obxectivo para toda Europa nesa data. E, claro, con este obxectivo de ser os campións de toda Europa, xa daquela se anunciou que Galiza sería un dos primeiros territorios en acoller parques eólicos mariños, porque —cito textualmente as declaracións dun alto cargo do Ministerio— «ten o mellor recurso eólico mariño da península».

E, efectivamente, en pouco máis dun ano as grandes empresas do sector, nunha especie de carreira contra o reloxo, presentaron xa nove proxectos para as costas galegas, que suman no día de hoxe catrocentos muíños e unha potencia total instalada de 5,8 xigavatios. É dicir, 5,8 xigavatios é o dobre, practicamente, do que a folla de ruta fixaba para todo o Estado no 2030. Estamos comezando 2023. A maioría dos nove proxectos presentáronse nun prazo de moratoria establecido polo propio Estado e que nin as empresas nin o Estado respectaron; un prazo de moratoria no que, por exemplo, sen ir máis lonxe, se admitiu a documentación do maior parque do Estado —o Nordés—, que se sitúa a 30 quilómetros da costa de Ferrol.

Mais non só saltaron esa moratoria establecida polo propio Goberno do Estado, tamén saltaron a Resolución do Parlamento Europeo do 3 de maio do ano 2022 sobre unha economía azul sostíbel na Unión Europea e o papel dos sectores da pesca e da acuicultura, que recolle entre outras moitas cousas —textualmente— o seguinte: «Só deben construírse parques eólicos mariños se pode garantirse que non haberá repercusións negativas de carácter medioambiental e ecolóxico nin consecuencias económicas, socioeconómicas e socioculturais para os pescadores e os produtores acuícolas».

Ben, entón, como dicía, moito antes de que se aprobaran os POEM xa estaba tomada a decisión estratéxica. E a decisión estratéxica era: Galiza vai ser o centro da eólica mariña do Estado. E ¿quen o decidiu? Pois decidiuno un goberno do Partido Socialista e de Unidas Podemos que ten, ademais, un entusiasta colaborador no Goberno da Xunta de Galiza e no Partido Popular. E, á súa vez, os tres, as dúas forzas do Goberno do Estado e mais o Partido Popular, teñen detrás un deseño feito á medida do oligopolio enerxético e daquelas empresas que levan décadas explotando os nosos recursos —léase enerxía hidráulica, térmica, eólica terrestre..., en fin—, que agora vén disfrazado de verde a vendernos as bondades dunha eólica mariña nun dos países —Galiza, evidentemente— máis dependentes da pesca de toda

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a Unión Europea e uns supostos beneficios ambientais, sociais, de creación de emprego e económicos que non existen. Non existen salvo, evidentemente, para elas, para esas propias empresas.

E ¿como é por que no territorio no que o sector pesqueiro ten máis peso de todo o Estado se marcan para a eólica mariña as zonas onde a pesca ten un uso máis intensivo, onde existen moitos e moi ricos caladoiros e onde a plataforma continental é especialmente curta? Pois porque a pesca, señorías —e estamos a falar nada máis e nada menos, no censo da frota do Cantábrico noroeste, que de arredor de 5.000 mil buques—, é un estorbo para privatizar o mar, que é realmente o que queren as grandes enerxéticas e o que apoian o Partido Socialista e o Partido Popular. Ben, é un estorbo para esas grandes enerxéticas, para os seus intereses, para lucrarse dun recurso que lles sae de balde e que lles reporta millóns de euros de beneficios dos que no noso país non queda absolutamente nada.

E todo isto, evidentemente, estas empresas fano non só coa conivencia senón co consentimento, o apoio e o servilismo explícito do Goberno do Estado e do Goberno da Xunta de Galiza, que lexislan para eles. E, ademais, aínda por riba, píntano con todo descaro —escoitámolo esta fin de semana— como a grande oportunidade para os xoves galegos e anunciando, ademais, compensacións ao sector pesqueiro. Dicimos nós, señoras e señores ministros e ministras do Goberno do Estado: ¿para que lle ofrece compensacións ao sector pesqueiro por un lado se vostede está cansada de repetir —digo a ministra de Transición Ecolóxica— que non afecta o sector pesqueiro? Se non o afecta, ¿para que queren as compensacións?, vaiamos a outra cousa, ¿non?

Que o sector pesqueiro se quite do medio é o que interesa, e entón agora o que sobran son cartos para compensacións e para axudas —por certo, axudas que o sector pesqueiro rexeita de pleno porque evidentemente son pan para hoxe e fame para mañá—; axudas que seguramente xa están contempladas para o sector pesqueiro pero que non van evitar en ningún caso o afundimento de comarcas enteiras no noso país onde miles de pequenos negocios terán que pechar porque viven basicamente da pesca.

Miren, señorías, segundo os datos das táboas *input-output* da pesca e conserva galega no ano 2019, encargadas pola Xunta de Galiza á Universidade de Santiago de Compostela, a produción do mar acadou os 5.500 millóns de euros, aos que hai que sumar 3.400 millóns de euros en exportacións —é dicir, estariamos arredor de 9.000 millóns de euros—. Non me vou referir a toda a cadea mar-industria. Só se falamos da pesca, a pesca, o sector pesqueiro, supón o 1,8 % do PIB e, segundo o Instituto Galego de Estatística, 1.040 millóns de euros —o 1,8 % do PIB—; e ofrece o 3 % dos postos de traballo en Galiza, é dicir, 30.911. Así os contabiliza o Instituto Galego de Estatística.

Pero o máis importante, máis alá destes datos, é que permite fixar poboación en toda a costa galega e que implica un enorme número de recursos e de servizos que na súa maior parte se producen e se adquiren en Galiza. A pesca é o piar central de moitas vilas e comarcas, non só polo impacto directo, senón tamén porque é o soporte necesario para manter o comercio, a hostalaría, as asesorías, as gasolineiras, o turismo e, nesas comarcas, ata os servizos públicos.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, entón, nós, diante de todo isto, que son datos que están publicados por todos os lados, preguntámonos onde están os datos que avalían o impacto socioeconómico dos POEM. Non existen, non existen eses estudos socioeconómicos nos POEM.

A patronal eólica falaba esta fin de semana última, en Ferrol, de que en Galiza xa traballan 1.200 persoas en proxectos de eólica mariña —1.200 persoas— e que acadarían o número de 8.000 no ano 2030, 12.000 nas previsións máis optimistas. E eu díxenllelo antes: só na pesca estamos a falar de 30.911 postos de traballo e 64.000 en toda a cadea mar-industria, directos, directos.

Ben, en fin, máis alá dos castelos de naipes da patronal eólica e dos gobernos, a pregunta é: ¿onde van quedar os beneficios millonarios desas instalacións? ¿Onde van pagar os seus impostos esas grandes empresas? E ¿canto —e isto é fundamental— van repercutir na economía dos pobos costeiros?

Está claro, á vista de todo isto que acabo de dicir, que as eléctricas mandan e os gobernos obedecen. E digo os gobernos en plural, porque, en fin, a nós gustaríanos saber onde está e onde estivo en todo este proceso o Goberno dos galegos e das galegas, se exixiu en todo caso unha avaliación específica no caso de Galiza, dada a nosa singularidade, sobre todo no tema do sector pesqueiro, que non ten parangón en ningún outro lado, e se exixiu tamén, porque non consta nos POEM, que a pesca se considerase uso prioritario.

Nós quereriamos saber onde está a demanda do Goberno galego de respectar as competencias de Galiza, por exemplo, en ordenación do sector pesqueiro ou as relativas ao marisqueo e á acuicultura. Ben, o ímpeto que lle vimos nos últimos meses á Xunta de Galiza, ese ímpeto reivindicativo coa Lei de ordenación do litoral, co tema da eólica mariña, *no está ni se le espera*.

Remato, presidente.

A nós gustaríanos saber tamén que consideracións presentou no seu día o Goberno da Xunta a estes plans de ordenación do espazo marítimo. Quero aproveitar para dicir, en liña co que xa dixeron antes outros compañeiros, que esas consideracións solicitounas polo artigo 9 o Bloque Nacionalista Galego o 9 de xuño do ano 2021, *(Aplausos.)* e seguimos sen ela. Porque sería interesante que o señor presidente da Xunta nos explicase por que fala de defender o sector pesqueiro e, ao mesmo tempo, a ministra Ribera di que xa está todo falado e que xa está todo consensuado coa Xunta.

Pero non só. Nunha resposta ao deputado do Bloque Nacionalista Galego no Congreso, o Estado responde exactamente: «*Se consideran óptimas*» —as zonas onde se vai instalar a eólica mariña— «*en base a la mejor información disponible: la información del mapa del Ministerio de Agricultura y Pesca y la información de las comunidades autónomas*». Estaría ben que a Xunta nos explicase quen mente aquí.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, quero lembrarlles que o próximo sábado, o día 11, o sector pesqueiro se mobilizará na Coruña para reclamar a retirada destes POEM. Ben, nós evidentemente imos estar ao lado do sector da pesca, non do das eólicas; sempre o fixemos así. E nós imos un pouco máis alá. Tendo en conta precisamente o principio de precaución, as características da nosa plataforma continental, a súa curta extensión e sobre todo a riqueza dos nosos ecosistemas mariños e do noso sector pesqueiro, nós entendemos que non pode haber ningún parque eólico mariño na nosa costa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E, por último, señor presidente, tamén consideramos fundamental...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...que o Goberno do Estado se deixe de centralizar e conte coas competencias da Comunidade Autónoma.

Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

A verdade é que, señora Pérez, me encanta a súa vehemencia cando sobe aquí ao estrado a falar da eólica mariña, pero aquí os únicos servilistas e os únicos que apoian en Madrid o Goberno socialista son vostedes, que investiron o señor Sánchez, o sosteñen en Madrid e o sosteñen aquí en Galicia, alá onde perden as eleccións, *(Aplausos.)* só por un sillón, señora Pérez. Entón, esa vehemencia demóstrea dunha vez pero para facer algo que non sexa soster unha pancarta.

Miren, gustaríame comezar esta intervención deixando clara a postura do Partido Popular sobre a instalación da enerxía eólica mariña nas nosas costas. O Partido Popular, o Goberno da Xunta cre que o desenvolvemento deste sector é clave, señora Pérez. E non coincidimos con vostede. Non se pode dicir non e non —como fan vostedes—. E é que o desenvolvemento deste sector debe facerse dende o diálogo, dende o máximo consenso e con toda transparencia entre o sector pesqueiro e o sector industrial, de forma, señoría, que a enerxía eólica mariña se poida instalar nas nosas costas sempre e cando existan as máximas garantías de compatibilidade coa actividade pesqueira, por suposto respectando a protección do medio ambiente e das nosas costas e dende o sentido común, sabendo todos que o despregamento de enerxías renovables non está cumprido, señorías. España non é autosuficiente enerxeticamente, pero é que Galicia tampouco. Non podemos negar que a enerxía eólica mariña pode

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ser unha grande oportunidade. E, igual que a postura do BNG non vale, tampouco valen as decisións unilaterais que tomou o Goberno de Pedro Sánchez dende Madrid sen contar con Galicia.

Señora Pérez, o que non se pode é pedir na mesma iniciativa, no punto 1, no primeiro guión, que se prohiba a enerxía eólica mariña para dous renglóns máis abaixo dicir que se fagan estudos. Pero ¿que estudos quere facer vostede se xa sae aquí que vai defender que non se poida instalar eólica mariña nas nosas costas? ¿Que estudos reclama vostede? É que a incoherencia é de tal gravidade, señora Pérez, que de verdade é un insulto para a intelixencia o que fan vostedes no Bloque Nacionalista Galego. Vostedes están en contra de todo tipo de enerxía: da enerxía eólica mariña, da enerxía eólica terrestre. Só nos falta saber que tipo de enerxía lle vale ao BNG. Señora Pérez, ¿como son de tal incoherencia de presentar unha iniciativa na que no primeiro punto se di unha cousa e no cuarto apartado se di outra? É que son dunha incoherencia que, de verdade...

Miren, señorías, Galicia conta co coñecemento e co potencial para impulsar esta tecnoloxía, sempre de forma compatible co medio mariño, co sector pesqueiro. Conta con empresas líderes en fabricación de plataformas flotantes, polo que estamos obviamente nunha situación privilexiada para ser parte da expansión industrial que necesita este sector. O emprego que se xera é de calidade durante toda a vida do proxecto, dende a fase de desenrolo á construción e despois nas de mantemento e conservación. E isto, señorías do BNG, non poden negalo.

Ao igual que tampouco poden negar o que se leva feito dende Galicia, e dende Galicia lévase feito a través dun mandato deste parlamento, que obviamente saíu sen o seu consentimento. Xa hai dous anos creouse o Observatorio Galego da Eólica Mariña, un observatorio constituído por unha ampla representación do sector pesqueiro galego; nel están a Federación Galega de Confrarías xunto coas tres federacións provinciais e tamén o Consello Galego de Pesca. Represéntase tamén o tecido industrial de Galicia e tamén están representados diferentes departamentos da Xunta de Galicia, como son a Consellería do Mar e a de Medio Ambiente e a Vicepresidencia Primeira.

Un observatorio, señorías, que serve como punto de encontro entre as administracións e o sector e os sectores socioeconómicos, que non teñen outra prioridade que non sexa garantir o desenvolvemento desta tecnoloxía renovable, dende o respecto, o equilibrio e a compatibilidade coas actividades marítimo-pesqueiras existentes e, por suposto, coa preservación do ecosistema mariño.

E o principal resultado do traballo feito por este observatorio foi trasladar unha alegación común. —Escoite, esa é unha das alegacións que mandou a Xunta de Galicia para darlle traslado ao Ministerio de Transición Ecolóxica—. E é que esa alegación común manifesta a necesidade da compatibilidade e a consistencia de calquera desenvolvemento eólico mariño en Galicia coa actividade pesqueira. Pero, claro, unha vez máis o Goberno do Estado aprobou uns plans de ordenación do espazo marítimo sen ter en conta as alegacións da Xunta de Galicia, entre as que se encontraba o mandato acordado no Observatorio da Eólica Mariña hai dous anos.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E é evidente, señorías, que empezamos con mal pé con este Plan de ordenación do espazo marítimo. O Goberno non quixo consensuar o texto definitivo coas comunidades autónomas. O texto definitivo, señorías, non foi consensuado coas comunidades autónomas nin co sector marítimo-pesqueiro, nin tampouco coa industria. Agora, señorías, tras acceder a vicepresidenta Teresa Ribera á solicitude feita polo presidente da Xunta para reunirse co Observatorio da Eólica Mariña, entendemos que se pode abrir unha porta ao diálogo, que o Goberno pechara de xeito incomprensible.

Son moitas as dúbidas e incertezas que achega a proposta dos POEM, moitas preguntas sen resposta, que agardamos que se poidan resolver canto antes. Porque, señorías, o desenvolvemento das enerxías renovables para Galicia é fundamental. E é fundamental, señorías, para unha transformación ecolóxica e do tecido industrial galego, que debe ter na eólica mariña un vector de competitividade irrenunciable, pero sempre dende as máximas garantías de compatibilidade coa actividade pesqueira.

O Goberno debe rectificar e debe ter en conta as solicitudes feitas dende Galicia; debe incorporar información máis detallada dos caladoiros e non unha delimitación xeral; debe explicar por que o POEM é ata 2027, cando os proxectos de eólica mariña serán executados en datas posteriores; debe aclarar cando ten previsto establecer un marco normativo axeitado e a convocatoria das poxas da lámina de auga, para que realmente os promotores poidan presentar os seus proxectos; e debe adoptar un modelo de evacuación de enerxía centralizado, no que se obrigue os promotores a compartir estas infraestruturas e vaian ao mesmo punto de conexión, evitando afeccións sobre o territorio.

E é que, señora Pérez, ¿que fai o Goberno galego? Pois adiantarse, adiantarse, si, señoría, e, ademais de constituír un Observatorio da Eólica Mariña, propuxo unha plataforma experimental. Ante o que levamos coñecido nos últimos días, pois non entendemos as declaracións feitas polo Goberno do Estado, porque non se axustan ao que se lle ten trasladado á Xunta de Galicia en novembro e ao que lle trasladou a ministra Teresa Rivera en relación con esta plataforma experimental.

A última conversa co Goberno sobre a plataforma experimental foi na reunión mantida en novembro coa vicepresidencia terceira e a mesma a ministra evidenciou de xeito claro o seu apoio explícito a este proxecto, asegurando que era fundamental para poder acelerar rapidamente esta plataforma de ensaio en Galicia e así obter datos do impacto deste tipo de enerxía eólica mariña na nosa costa. Dende entón o Goberno do Estado non se puxo en contacto coa Xunta de Galicia e en ningún caso cuestionou o proxecto. E, por ese motivo, a Xunta de Galicia seguiu adiante con esta iniciativa.

Polo tanto —despois tócalle falar ao Partido Socialista—, eu pediría que se aclarasen e que nos digan se si ou se non están a favor de que esta tecnoloxía de plataforma experimental se poida utilizar, e cumpra con todos os requisitos e, por suposto, poida dar toda esa información que todos queremos sobre o impacto da eólica mariña na nosa costa.

E hoxe, señora Pérez, o Grupo Parlamentario Popular presenta unha emenda á súa iniciativa, que di: «*Que se xustifiquen tecnicamente as zonas de alto potencial para o desenvolvemento da eó-*

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lica mariña incluídas finalmente nos plans de ordenación do espazo marítimo, que explique por que non se consideran todos os datos asociados á pesca e aos seus caladoiros e que se dea resposta ás opinións do sector marítimo-pesqueiro e se reúna cos axentes implicados no eido do Observatorio da Eólica Mariña».

O que non pode ser, señorías, é que o Goberno central saque os plans de ordenación do espazo marítimo sen dialogar coas comunidades autónomas nin cos sectores afectados e sen atender ás demandas e ás alegacións que lle foron elevadas dende Galicia.

Pero miren, señorías do BNG, esta situación non vai de competencias. A competencia de autorizar ou denegar estas instalacións é do Estado, e o que hai que reclamar obviamente é diálogo, e terano que facer, porque, se non, dubido que os proxectos vaian saír adiante.

Que se considere a actividade pesqueira como prioritaria, señora Pérez, sempre estivo claro para a Xunta de Galicia, sempre se afirmou que a eólica mariña debería ser compatible coa pesca e os hábitats. E, se non é así, dígame unha soa intervención de calquera deputado do meu grupo ou da Xunta de Galicia que diga o contrario. Sempre se defendeu así ante o Goberno central. Que se avalíe o impacto da instalación de polígonos eólicos mariños sobre os recursos pesqueiros é precisamente o que se pretende facer co proxecto piloto de Punta Langosteira, e coa súa avaliación por parte de entidades como o Instituto Español de Oceanografía ou o Cetmar, entre outros organismos.

O seu obxectivo é verificar que a costa, a pesca e as augas de Galicia, en condicións reais (oceanográficas, pesqueiras e das propias instalacións), se adaptan e son compatibles con esta nova fonte de enerxía renovable por explotar en España.

Polo tanto, eu creo que, señora Pérez, deberían aceptar a nosa emenda, que se mantén no marco de consenso que ten saído, que ten saído con ampla maioría deste parlamento, noutras iniciativas presentadas anteriormente e aprobadas con ampla maioría, debatidas anteriormente, e para que, señorías, se poida desenvolver a eólica mariña, sempre respectando o medio ambiente e o sector pesqueiro.

Eu creo que por unha vez, señorías do BNG, deberían poñerse do lado do sentido común e deberían poder deixar que se fagan os estudos, e, se os piden, deixar que se presenten, antes de coller e presentar nunha iniciativa como fai vostede no primeiro guión, vostede e o seu compañeiro no Congreso, que tamén di o mesmo: denegar que por sistema en Galicia se poida instalar ningún proxecto de eólica mariña. Non se pode vir aquí cunha iniciativa que di unha cousa nun punto e tres puntos máis abaixo di que se fagan estudos.

¡Oian!, vostedes todos sabemos que están en contra da eólica, da enerxía eólica en xeral e de calquera tipo de enerxía, porque o din da hidráulica e o dirán cando se intente instalar fotovoltaica.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ¿Que enerxía lles vale a vostedes? O que non se pode é dicir unha cousa e a contraria.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo tanto, eu, señora Pérez, creo que deberían aprobar a nosa emenda, que, como lle digo, respecta o marco de consenso que nalgunha iniciativa súa, como na do manifesto de Burela, alcanzamos neste parlamento, e deixarse de ir xa coa pancarta, porque con estes plans que se aprobaron, cos que non estamos de acordo, como lle expliquei, porque non se consensuaron coas alegacións enviadas pola Xunta de Galicia...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...non significa que todos eses proxectos que vostede dixo aquí nin os cinco xigavatios que vostede dixo aquí se vaian instalar. E non poden volver empezar, como fixéronse coa eólica terrestre, a dicir que todos eses trescentos proxectos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...se ían instalar, porque non é verdade; é faltar á verdade, señora Pérez.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas. Terminou o seu tempo.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

A verdade, señora Pérez, é que non sei que queren vostedes realmente que hoxe votemos nesta cámara. Porque concordo coa señora Nóvoa en que no primeiro punto da súa iniciativa vostedes o que piden é que non se autorice ningún parque eólico mariño nas nosas costas, e, nomeadamente, no Cantábrico noroeste, e despois, como dicía a señora Nóvoa, tres puntos máis abaixo, o que piden son informes e estudos.

Eu teño claro o que buscaban. Porque nin sequera foron quen de autoemendar esta iniciativa. Porque, ademais, é unha iniciativa totalmente atemporal, porque vostedes están a pedir que no documento final, que xa está aprobado, como vostede ben dixo, a semana pasada, que se aprobaron eses POL, que se rectificasen determinadas cousas.

Pero vostedes tiñan claro o obxectivo que tiñan hoxe coa súa iniciativa: é lanzar a mensaxe de que o PSOE quere privatizar o mar, que o PSOE está en contra do sector pesqueiro e que está a favor das eléctricas. Esa era a súa única intención coa iniciativa que hoxe trae a debate o Bloque Nacionalista Galego. Porque incluso vostede deu a entender como que xa estaban autorizados determinados proxectos de eólica mariña que presentaron, ¿non?, e que nin sequera están presentados polos promotores.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque hai que puntualizar. O que se aprobou o outro día, o pasado 28 de febreiro, son os POEM, que son eses plans de ordenación dos espazos marítimos. É algo que, se facemos unha comparativa, podería parecerse ao que se aproban nos concellos con eses plans xerais de ordenación municipal, ese documento básico de ordenación integral do propio territorio, no que se van marcando cales son as zonas de posible uso residencial ou de uso empresarial, e iso non quere dicir que cando se aprobe o PXOM directamente se van instalar determinadas vivendas nunha zona do concello, porque despois hai que pedir unha licenza para poder instalala e determinados permisos.

Polo tanto, vostedes están a confundir a cidadanía e están tamén a confundir o sector pesqueiro, e incluso están chegando a facer xa de adiviños dicindo que se vai producir o afundimento de comarcas enteiras, o peche de numerosos negocios. Vostedes sempre metendo medo.

Quero incidir en que as zonas preseleccionadas son zonas potenciais para establecer parques mariños eólicos. Non supoñen unha autorización directa nin automática, como quixo dar a entender a señora Pérez, para implantar un parque eólico. Cada proxecto, individualmente, terá que ser avaliado independentemente, incluíndo as afeccións con outros sectores económicos e, sobre todo aquí, co sector da pesca.

Aquí o que se fixo neste documento é identificar as zonas aptas para a eólica mariña e as regras de convivencia dos futuros parques flotantes con sectores tradicionais na costa do noso país.

Polo tanto, quero volver incidir: previamente á autorización dunha instalación en concreto, deberá de realizarse unha avaliación do impacto da mesma sobre os recursos pesqueiros da zona que puideran verse afectados. O desenrolo destes POEM permitirá despregar de forma ordenada —oxalá tiveramos igual este documento cando foi a forma de levar adiante o tema da eólica terrestre— as instalacións, especialmente as eólicas, cunha regulación clara e previsible.

Polo tanto, os POEM non son plans para a eólica mariña, senón para a ordenación do espazo marítimo. Cada proxecto —non me cansarei de dicilo— deberá ser estudado de forma individual. E este é un marco de garantías tamén para o propio sector pesqueiro, para seguir traballando xuntos dende o diálogo, para concretar agora como e onde implantar estes parques eólicos, e para facelos convivir tamén con outras actividades.

Nós, dende logo, dende o meu grupo, dende o grupo do PSdeG, entendemos as inquedanzas do sector pesqueiro. E pídolle tamén ao sector pesqueiro, como lle temos trasladado tamén ao propio ministerio e, nomeadamente, á ministra de Transición Ecolóxica, que se deben de retomar esas vías de diálogo, esas vías de consenso, eses espazos para chegar a un diálogo. Porque, dende logo, o sector pesqueiro ten que estar neses debates, ten que estar nesas tomas de decisión. Non se pode pasar por alto a situación do noso sector pesqueiro, fundamental nesta comunidade autónoma.

Polo tanto, eu desexo e espero que tanto por parte do ministerio como por parte do sector pesqueiro retomen o diálogo. Se o sector pesqueiro non considera o máis oportuno sentarse

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nesa mesa de seguimento que lle ofreceu a propia ministra, que busquen eses espazos de diálogo e eses espazos de consenso.

Repito: estes documentos dos POEM son os que establecen zonas onde hai potencial e en cales non será posible.

Polo tanto, queda moitísimo traballo por diante. Este é un documento inicial sobre o que hai que traballar moito, porque queda moito traballo por diante, no que é fundamental o diálogo entre os gobernos central e autonómico, tamén os gobernos locais, dende logo as confrarías, o sector pesqueiro, e tamén ten que estar a propia industria eólica —e tamén coincidimos— o propio Observatorio da Eólica Mariña que está constituído aquí en Galicia.

Hai que buscar espazos de convivencia, porque dicía a señora Pérez que en Galicia era onde previsiblemente se ían instalar máis parques eólicos, loxicamente, porque temos o potencial eólico, porque contamos con industria e contamos coa cadea de valor necesario.

E, como digo, desexo e agardo que se retome esa vía de diálogo entre o sector pesqueiro e a Administración, porque teñen que estar presentes nesas tomas de decisión. Por exemplo, nun paso posterior, nesas subastas para poder adxudicar eses proxectos eólicos, ao mellor o sector pesqueiro ten moito que dicir. Eses graos de madurez e de acordos que pode haber entre promotores e o propio sector eólico entendemos que deben ser valorados e cuantificados positivamente.

Porque —repito— o que se ten feito é delimitar usos potenciais, o que se identifica nos mapas é superficie potencial e, dende logo, é unha garantía tamén para o sector. En ausencia de orde, de acotación de espazos, poderiamos atoparnos coa situación de que saíran parques eólicos mariños en calquera sitio. E este documento precisamente, os POEM que se aprobaron a semana pasada, é o que queren garantir: que non aconteza.

Agora hai que desenrolar unha regulación que permita coñecer en que termos se convocarán esas subastas, en que polígonos, cales son as necesidades. Polo tanto —repito—, é fundamental buscar espazos de convivencia, espazos de compensación, se non pode haber esa convivencia. Dende logo, é fundamental a colaboración entre as administracións.

E aí non podo estar de acordo co que dixo a señora Nóvoa: que este documento se tomou unilateralmente polo Goberno central. Vostede, coma min, sabe que houbo ata dez reunións entre o ministerio e a Xunta de Galicia. Nomeadamente o presidente da Xunta, o señor Rueda, nesa reunión entre a ministra e o Goberno galego en novembro do ano pasado, urxía e pedíalle ao Goberno central que acelerara a aprobación deste documento dos POEM. Dicía que agardaba unha colaboración e un traballo leal entre as administracións. Pedía axilidade na tramitación tamén dos parques eólicos terrestres. E, polo tanto, foi unha reunión frutífera entre ambos os gobernos, pero non foi unha decisión unilateral do Goberno de España.

Porque mire, aclárense, señorías do Partido Popular. Primeiro o señor Rueda dixo: Galicia non puido opinar; despois rectificou e dixo que si, que fixeran aportacións; posteriormente dixo que fixeran aportacións pero que non se tiveran en conta; agora di que fixeron aporta-

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cións, que si que se tiveron en conta algunhas, pero que outras alegacións non se tiveran en conta. E vostede, coma min, sabe que a única que non se aceptou foi ese parque eólico experimental de Punta Langosteira.

Vostede dicía se nós considerabamos que sería importante contar cunha plataforma experimental da eólica mariña; nós consideramos que si, pero se a ubicación dese parque experimental presentada pola Xunta de Galicia se sitúa nunha franxa de protección de costas e afecta un corredor de aves, considerarán vostedes que non é a ubicación ideal. Pero nós consideramos que si, que sería necesario contar cunha plataforma experimental para tamén ter datos que avalíen as decisións que se teñen que tomar no eido da eólica mariña.

E, claro, o BNG é o non polo todo, pero se queremos enerxía barata, se queremos unha industria competitiva, se queremos non depender doutros países, se queremos biodiversidade, se queremos cambiar emisións canceríxenas para os pobos por aire libre e se queremos cambiar emisións de CO2 por cero emisións, dende logo que precisamos renovables. ¿Cal é a alternativa do Bloque Nacionalista Galego? *(Aplausos.)* Dígannos cal é a súa alternativa. Porque ¿podemos protexer o medio ambiente sen que existan renovables? Pois non.

A urxencia climática precisa de solucións e alternativas, e queremos saber que propón o Bloque Nacionalista Galego. Agora din que eólica mariña non, que eólica terrestre si pero non así. O que queren é que tampouco haxa nada aquí en Galicia.

Polo tanto, o debate sobre a eólica mariña flotante, porque ademais estamos falando dunha tecnoloxía distinta, está aberto en Europa, tamén en España, e, dende logo, Galicia non pode nin debe de quedar fóra.

É tan disparatado pretender un desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica como optar por unha prohibición total de novos desenvolvementos da enerxía eólica. Non vale o non para todo, señorías do Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, boas prácticas e colaboración entre administracións e sectores debe ser a tónica xeral na que se desenvolvan estes proxectos. Este desenrolo debe facerse en estreita colaboración, en estreita coordinación cos actores implicados, compartindo coñecementos e datos e garantindo a coexistencia de sectores.

E aí —repito— é imprescindible que o sector pesqueiro forme parte destes debates. Polo tanto, vou rematar incidindo en que nós esperamos, agardamos e desexamos que o sector pesqueiro e o propio ministerio retomen esas vías de diálogo para, dende logo, acadar espazos de diálogo e de consenso, porque non poden quedar illados deste debate que está encima da mesa, que queda moitísimo traballo por diante, que os POEM non é a fin do camiño, que é un documento que permite falar sobre zonas potenciais para poder instalar esta eólica mariña. E, polo tanto, como queda moito traballo por diante, como queda moito debate, como quedan moitas normas aínda por aprobar, dende logo o sector pesqueiro debe estar aí. E, dende logo, tamén a colaboración e a coordinación coa Xunta de Galicia e tamén coas entidades locais, para que isto sexa unha realidade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora OTERO RODRÍGUEZ: E, dende logo, como dicía a señora Nóvoa a unha das alegacións do Observatorio da Eólica Mariña de Galicia, precisamente esa alegación a que fora compatible coa pesca foi precisamente unha emenda do meu grupo do PSdeG a unha iniciativa que trouxo o Partido Popular a debate.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei señora, Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora Otero, a verdade é que nós entendemos perfectamente o papelón, o papelón que supón para vostede vir aquí defender algo que é absolutamente indefendíbel. *(Aplausos.)*. Pero sabiamos que era para vostede un papelón, para vostede, para o Partido Socialista, pero non ata o punto de preguntarnos na súa primeira frase da súa intervención qué queren vostedes que votemos. ¿Pregúntanolo a nós? Vostedes mesmos. Nós sabemos o que temos que votar nós. E o que temos que votar nós e o que imos votar nós é exactamente en coherencia co que levamos facendo todo este tempo. O Partido Socialista non sempre opinou o mesmo. Podería sacarlle algúns exemplos sobre este tema en concreto, pero teño pouco tempo.

E tampouco pensabamos que lle supoñía tanto papelón como para entrarlle ao xogo ao Partido Popular. Sinceramente, é penoso, é patético. ¿Sabe por que? Porque lle entrou no xogo de *los guiones de la propuesta*, que di vostede que é unha proposta atemporal. ¡Oia!, e se considera vostede que era unha proposta atemporal, ¿por que non presentou unha emenda? Hai un prazo, que remataba onte, e xa non é, dentro do tempo, xa non sería atemporal. ¿Por que non presentou vostede unha emenda? Ou sexa, é tal, de verdade, o nivel que lle entre vostede no xogo dos *guiones de la propuesta* que agora vou explicar ao Partido Popular. En fin.

E di, señora Otero —e xa remato, digo, por esta banda—, que hai que puntualizar, ¿non?, que os POEM é como nun concello, son un documento inicial, como os PXOM, nada máis. Claro, si, si. Mire, das alegacións que se presentan a un PXOM voulle facer un paralelismo coas que se presentaron aos POEM: non aceptaron nin unha, señora Otero, nin unha, señora Otero.

Mire, claro, e fala vostede de que hai que retomar un diálogo entre o ministerio e o sector, que o propio sector recoñece que nunca existiu, nunca existiu. O propio Miteco nin sequera foi capaz de identificar o sector pesqueiro como parte de interese nas consideracións e nas alegacións. *(Aplausos.)* Tivo que presentarse o propio sector pesqueiro, porque, evidentemente, era directamente interesado e directamente afectado.

E, por último, señora Otero, voten —insisto— o que queiran. Nunca mellor dito: cada pau que aguante a súa vela, cada pau que aguante a súa vela. Vostede dea logo as explicacións que correspondan. Agora ben, eu o que si lle quero deixar claro é que nós non vimos aquí dar medo. O sector pesqueiro na súa totalidade vaise manifestar, vaise mobilizar o sábado

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

na Coruña. Vostede ¿por que cre que é? ¿Por deporte?, ¿ou porque, efectivamente, teñen medo e temen que a actuación que estivo levando ata o de agora o Goberno do Estado continúe, por moito que diga vostede que isto é un documento inicial? Nós non vimos dar medo. O sector pesqueiro xa sabe a quen ten en determinadas materias e, polo tanto, evidentemente, ten que protestar diante diso.

Señora Nóvoa, no Bloque Nacionalista Galego non só temos vehemencia, non; temos, ademais de vehemencia, coherencia. ¿Sabe por que? Porque é bastante ilustrativo e moi sintomático que o Bloque Nacionalista Galego mande aquí a esta tribuna a defender esta iniciativa pola portavoz de pesca e non obstante o Partido Popular mande a portavoz de industria É moi ilustrativo, ¿verdade? *(Aplausos.)* Entón, nós si somos coherentes.

E claro, aínda lle vou dicir máis respecto da coherencia. Vostede din..., ben, non. Quero facerlle mención ao tema dos guións da... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ¡Ah, vale! Viceportavoz. Ben, ben.

Voulle explicar o dos guións, señora Nóvoa, que, de verdade, non hai por onde collelo. Nós pedimos unha prohibición, efectivamente, dunha eólica mariña... *(Murmurios.)* Perdoe. Non, non, eu leo, ler sei, ¡eh!, fun á escola, o ensino obrigatorio, incluso algo máis, ler leo.

Mire, señora Nóvoa, poñemos nun primeiro punto que se demande do Goberno do Estado a prohibición da eólica mariña en Galiza. Non é o non polo non. Damos aquí unhas razóns, non só nesta iniciativa, senón que as expliquei na miña primeira intervención.

Como esta iniciativa foi presentada o 2 de febreiro —creo lembrar o 2 ou o 3 de febreiro—, pois resulta que aínda non estaban aprobados os POEM. Entón, o que dicimos é: demándense, ademais da prohibición de na costa galega, de cara ao documento definitivo dos POEM, as competencias de Galiza, que se considere a actividade pesqueira como prioritaria, que se fagan estudos, que non están feitos, nin os socioeconómicos nin os científicos.

Entón, ¿onde está, señora Nóvoa, a incoherencia e estas cousas que di vostede?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato.

O Partido Popular ten un escudo neste tema, como ten en tantos. Ten un Observatorio da Eólica Mariña, que di a señora Nóvoa que é onde se toman as decisións neste tema. É falso, é absolutamente falso. O Observatorio da Eólica Mariña é un organismo consultivo, para empezar, consultivo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non é así? ¡Ah!, ben. Un momento, é un órgano consultivo, en primeiro lugar.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non é a primeira vez —está publicado, señora Nóvoa— que o señor Conde, que é o que leva a voz cantante, é dicir, Industria, alí no sector da eólica mariña, perdón, o Observatorio da Eólica Mariña, aprobou unha serie de cousas e ao día seguinte, en menos de vinte e catro horas, o sector pesqueiro sae a desmentir as declaracións do señor Conde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, remate.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato, señor presidente—. Voullas traer o próximo día.

Miren, señorías, o señor Tellado marchou *(Murmurios.)* deste parlamento...

O señor PRESIDENTE: Non. Remate, por favor. Mire o reloxo.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...dicindo que en Galiza ía haber eólica mariña, si ou si. Polo tanto, está claro quen é coherente e está claro quen defende as grandes eléctricas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Vai aceptar a emenda do PP?

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Nós aceptamos a emenda do Partido Popular como engádega aos puntos da nosa proposta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moi ben, grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e nove minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura (S)
2. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
4. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
5. Arangüena Fernández, Pablo (S)
6. Arias Rodríguez, Raquel (P)
7. Armada Pérez, José Antonio (P)
8. Balseiro Orol, José Manuel (P)
9. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
11. Calvo Pouso, Diego (P)
12. Candia López, María Elena (P)
13. Carballo Páez, Ramón (P)
14. Carreira Pazos, Iria (BNG)
15. Castro García, Daniel (BNG)
16. Castro Rey, Paloma (S)
17. Conde López, Francisco José (P)
18. Cores Tourís, José Manuel (P)
19. Díaz Mouteira, María Sol (P)
20. Díaz Varela, Noa Susana (S)
21. Egerique Mosquera, Teresa (P)
22. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
23. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
24. Fernández Prado, Martín (P)
25. Ferro Iglesias, José Luis (P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos (S)
27. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
28. García Martínez, Fabiola (P)
29. González Albert, María (BNG)
30. González Iglesias, María do Carme (BNG)
31. González Vázquez, José (P)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio (BNG)
33. Lorenzo Goméz, Rubén (P)
34. Martínez García, Valeriano (P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta (P)
37. Núñez Feijóo, Alberto (P)
38. Ortega Otero, Marina (S)
39. Otero Rodríguez, Patricia (S)
40. Pazos Couñago, José Alberto (P)
41. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
42. Pérez López, Daniel (BNG)
43. Pérez López, Noelia (P)
44. Pomar Tojo, Carmen María (P)
45. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
46. Porro Martínez, María Corina (P)
47. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
48. Prado del Río, Paula (P)
49. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
50. Puy Fraga, Pedro (P)
51. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
52. Quintana Carballo, Rosa María (P)
53. Rey Varela, José Manuel (P)
54. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
55. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
56. Rodeiro Tato, Ovidio (P)
57. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
59. Rodríguez González, Román (P)
60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
62. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
63. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
64. Sanz Arias, Cristina (P)
65. Seco García, Martín (S)
66. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel (P)
69. Torrado Quintela, Julio (S)
70. Vázquez Almuíña, Jesús (P)
71. Vázquez Domínguez, Sandra (P)
72. Vázquez Mejuto, María Ángeles (P)
73. Vázquez Mourelle, Ethel María (P)
74. Vega Pérez, Daniel (P)
75. Verea Fraiz, Borja (P)

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-DlZrCDYZG-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/